91 xaneiro
febreiro
marzo
Tomo XXIV-1986

GRIAL

PILAR LÓPEZ: A cuestión foral na primeira República.

KLAUS BOCHMANN: Problemas da «normalización» da lingua galega.

ROMÁN RAÑA: Fernando Pessoa: O amor ás máscaras.

SIRO LÓPEZ: Sobre os antecedentes artísticos da caricatura e o dibuxo de humor.

NINA EPTON: Peregrinaxe á montaña.

M. RODRÍGUEZ ALONSO: Dez anos de lingüística galega.

EDITORIAL GALAXIA S.A.
Concepción Arenal VIGO

ANO DO CENTENARIO DE CASTELAO

PRODUCCIÓN LITERARIA E ARTÍSTICA

DIBUXO, HUMOR

COUSAS DA VIDA II	450	ptas.
COUSAS DA VIDA III	450	"
COUSAS DA VIDA IV	450	"
COUSAS DA VIDA V	450	"
COUSAS DA VIDA VI	450	"

NARRATIVA

COUSAS	450	"
OS DOUS DE SEMPRE	750	"
NARRACIÓNS E OUTRAS PROSAS	325	"

TEATRO

OS VELLOS NON DEBEN DE NAMORARSE	490	"

OBRAS SELECTAS

ÁLBUM "NÓS", EDICIÓN CORRENTE	1.200	"
ESPECIAL	3.700	"
DIBUXOS DE NEGROS	2.980	"
12 ESTAMPAS	4.000	"
AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA, ED. CTE.	6.475	"
ESPECIAL	8.900	"
DIARIO, 1921	1.200	"



GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

Director periodista: **Xosé Landeira Yrago.** Codirectores: **Ramón Piñeiro López** e **Francisco Fernández del Riego.** Consello de Redacción: **R. Carballo Calero - D. García Sabell - C. Fernández de la Vega - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Llanos - Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.**

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN: EDITORIAL GALAXIA - Reconquista, 1 - VIGO
Imprime: «A. G. Galicia, S. A.» - Segovia, 15 - VIGO / Dep. Legal: VG 99-1963

SUMARIO

Páxinas

ENSAIOS

A cuestión foral na primeira República, por PILAR LÓPEZ RODRÍGUEZ 3
Problemas da "normalización" da lingua galega, por KLAUS BOCHMANN. Trad. de XOSÉ A. PALACIO 18
Castelao, 1886-1986 29
Fernando Pessoa: O amor ás máscaras, por ROMÁN RAÑA LAMA 31
Sobre os antecedentes artísticos da caricatura e o dibuxo de humor, por SIRO 43
Natureza, nacionalismo, esperanza (e unhos apuntes sobre D. Ramón), por ANTÓN BAAMONDE 57

ESCOLMA

Peregrinaxe á montaña, por NINA EPTON. Trad. de A. e F. FERNÁNDEZ DEL RIEGO 64
Historias do lobo, por XOSÉ FERNÁNDEZ FERREIRO 71
Para entregar en man a Teófilo, por SANTIAGO GONZÁLEZ AVIÓN 73
Vive e vibra na tua morte, Pierre Enmanuel, meu poeta, por LOIS VÁZQUEZ 76
Escolma de No devalar as horas, por XOAQUÍN AGULLA PIZCUETA 79

PENEIRA DOS DÍAS

Dez anos de lingüística galega, por MANUEL RODRÍGUEZ ALONSO 82
La Dame du Carreau, por XESÚS GONZÁLEZ GÓMEZ 91
Sobre a imprevisivel origem do topónimo "Servoy", por JOSEPH M. PIEL 99
Fonoloxia e morfoloxia das formas dialectais en "-as" e "-ans", por D. PRIETO ALONSO 102
Nota sobre os comezos literarios de Rafael Dieste, por CARMEN GARCÍA R. 107
Aquilino Iglesia Alvariño, por ÁLVARO CUNQUEIRO 111

LIBROS, por *Ramiro Fonte, Xesús González Gómez, Basilio Losada* e *Demetrio Vilas Losada* 114

O REGO DA CULTURA 125

Tomo XXIV • N.º 91 • xaneiro - febreiro - marzo, 1986

Colmeiro

A CUESTIÓN FORAL NA PRIMEIRA REPÚBLICA

No marco das transformacións que se operaron na estructura da propiedade da terra en Galicia durante o século XIX, a primeira e única lei de redención de foros, aprobada polas Cortes republicanas de 1873 segundo o proxecto do deputado ourensán Paz Novoa, supón unha etapa fundamental e decisiva. Pensemos que en Galicia a revolución liberal só reafirmara as características dominantes do réxime agrario anterior, sancionando unha forma de propiedade compartida que implicaba idénticos sistemas de tenencia e, de resultas, o estancamento dunha economía agraria dominada polo minifundio e o arcaísmo dunhas estructuras rexidas polo foro.

Precisamente, a contradicción que conleva mante-lo sistema foral no contexto dun novo orde económico e social será o eixe ó redor do que xiren os postulados de todo un pensamento económico que, tendo como precedente a obra de Colmeiro, ha da-los seus mellores froitos nos anos centrais do XIX [1]. O foro considérase peza mestra á hora de explica-lo estancamento da agricultura galega e a súa eliminación condición indispensable para a entrada de relacións de producción capitalista no sector agrario.

Agora ben, o problema non se establece en termos exclu-

[1] No ano 1843 Colmeiro publica a súa *Memoria sobre el modo más acertado de remediar los males inherentes a la extremada subdivisión de la propiedad territorial en Galicia,* que pode ser considerada o preámbulo dun intenso debate encol do problema da propiedade agraria na súa doble vertente de minifundio e sistema foral. No fin da década dos 50 e primeiros anos dos 60 son numerosas as exposicións, artigos e informes que analizan o estado da cuestión agraria en Galicia, tomando como eixe central o problema dos foros e apuntando dúas posibles solucións: a reversión en favor do dominio directo ou a redención por parte do útil. Na liña redencionista militan, entre outros, Planellas Giralt, Sánchez Villamarín e Castro Bolaño; como partidarios do "statu quo", Luis de Trelles, Jacobo Gil Villanueva ou José Pardo Bazán. A intensa polémica ha rematar no ano 1864, cando Pelayo Cuesta presenta ás Cortes un proxecto de redención de foros e a Sociedad Económica de Santiago organiza un Congreso Agrícola onde se había estudiar a conveniencia ou non de manter o sistema foral. O fracaso de ámbolos dous intentos non fixo senón demostra-la forza dos rentistas no intre de atrancar calquera intento de transformación.

sivamente económicos. A supresión do foro supoñía a desaparición do rentista e por iso se converteu a defensa do sistema en símbolos dos intereses dunha clase que non só ve ameazados os fundamentos do seu poder económico senón a súa futura supervivencia. Os sucesivos intentos de reforma —proxecto redencionista de Pelayo Cuesta e Congreso Agrícola de Santiago, ámbolos dous en 1864— fracasaran e será precisamente nesta situación de claro inmobilismo onde a lei de 1873 cobre realmente importancia, como única saída válida a un problema que parecía arrecantado definitivamente.

Nas páxinas que seguen propoñémonos analisa-la curta vida da lei e o contexto no que esta se desenvolveu. Deixando de man os seus efectos económicos e sociais, isto é, a súa realización práctica, tema que requeriría un tratamento a parte[2], centrarémonos tan só no ambiente que rodeou a súa aprobación, a dura reacción que provocou no seo dos rentistas e como finalmente se chegou ó decreto de suspensión de febreiro de 1874.

Para coñece-la forma en que se xestou a lei de redención é conveniente tocar ó menos dúas cuestións. Primeiro, a asunción do problema foral polos republicanos galegos e, segundo, como a solución prevista se adapta perfectamente ós plantexamentos da reforma agraria federal.

En efecto, os republicanos, que xa incluíran a loita antiforal no seu programa, desenrolaron amplamente este tema, redención e ata abolición das cárregas, na campaña que precedeu ás eleccións de maio do 73, cousa que, para Xan Moreno, contribuíu en boa medida ó éxito obtido, "haciendo atractiva la participación de campesinos no propietarios, pequeños propietarios y pequeña burguesía forera de las ciudades"[3]. Mais, a carón da necesidade de amplia-la base social do partido, tamén o propio carácter pequeno-burgués do proxecto republicano explicaría a asunción da problemática foral. Neste senso, a solución redencionista encaixaba perfectamente nun plan de lexislación agraria encamiñado a eliminar primeiro os residuos do antigo réxime e conseguir despois unha ampliación da propiedade, único medio de desproletarizar gradualmente ó campesiñado. Prevíase que a adquisición das terras polos cultivadores, obxectivo prioritario da reforma, incluíse dúas etapas, a transformación do arrendamento en censo e a posterior redención dos censos a prazos, fase esta que xa contén o xermolo da futura redención, constituíndo

---

[2] Este aspecto concreto constitúe a parte central da miña obra *Campesinos propietarios. La redención de foros en la provincia de Lugo durante la Primera República*, na imprensa, onde, por outra parte, se atoparán exposicións máis detalladas dos temas e cuestións aquí tratados.

[3] X. M. Moreno González, *El federalismo gallego en el sexenio 1868-1874*, memoria de licenciatura, Santiago, 1978, inédita, páx. 115.

a súa realización, en opinión de Jutglar, "una de las características más interesantes de la República de 1873"[4].

Sen esquecermos, por suposto, o estado da discusión foral nos círculos políticos e intelectuais galegos —o mesmo Paz Novoa ha presenta-lo seu proxecto ante a Cámara como froito dun lento pero fecundo labor anterior—, a nosa intención é advertir sobre a multiplicidade de factores que confluíron na xestación da lei. Ós probables compromisos contraídos co electorado[5] uníanse os intereses dunha burguesía consciente da súa posición no novo orde económico e mailas ideas reformistas dun partido que eludía calquera tipo de revolución social profunda.

O que parece obvio, sen embargo, é o papel decisivo que xogaron os republicanos, e máis se se ten en conta o calexón sen saída no que entrara a debatida cuestión foral na altura do 73. O mesmo Pi y Margall, no seu discurso programa ás Cortes, recoñecía a necesidade de proceder de contado a unha reforma agraria que, ampliando a distribución da propiedade, fixese que a terra fose parar progresivamente ás mans dos seus cultivadores. Os obxectivos a acadar neste campo habíanse centrar na eliminación de gravames feudais e na crítica ás leis desamortizadoras, en especial a de Madoz. A alternativa que ofrece a lexislación republicana comprende varias proposicións de lei, con tres obxectivos moi claros: distribución das terras e censo reservativo, abolición de rendas e prestacións señoriais e devolución ó pobo dos bens de aproveitamento en común[6]. Emporiso, ningunha delas chegou a prosperar, agás o proxecto de lei do deputado Paz Novoa "dictanto normas para la redención de foros, subforos y demás derechos de esta naturaleza".

As liñas mestras do proxecto de 1873 aparecen xa nunha colección de artigos que Paz Novoa publicou primeiro na prensa e reuníu logo no folleto *Los foros de Galicia,* editado

---

[4] A Jutglar Bernaus, *Pi y Margall y el federalismo español,* Madrid, 1975, vol. I, páx. 362.

[5] De feito, cando os federais defenden o proxecto de lei na Cámara aludirán a certa presión neste campo. Concretamente o deputado galego Alvarado admitirá o ter adquiridos compromisos cos labregos e estar decidido a mantelos mentres que o partido republicano contase con maioría, "por la sencilla razón —engade el— que al adquirirlos he sabido perfectamente lo que hacía y no he adquirido más que aquellos que en conciencia creía que debía aceptar" *(Diario de Sesiones,* 8-VIII-1873).

[6] Referímonos, en concreto, ós catro proxectos de lei que no tocante a reforma agraria presentaron os republicanos nas Cortes do 73: "Proposición de ley sobre el reparto de bienes propios de los pueblos" *(Diario de Sesiones,* 23-VI-1873), "Proyecto de ley sobre venta de bienes de aprovechamiento común" *(Diario de Sesiones,* 12-VII-1873), "Proposición de ley para que se devuelvan a los pueblos los bienes de aprovechamiento común" *(Diario de Sesiones,* 6-VIII-1873) e "Presentación de ley sobre reparto de tierras entre los braceros" *(Diario de Sesiones,* 18-VIII-1873).

en Ourense en 1872[7]. Por máis que nel recolle unha parte das críticas e solucións xa apuntadas polos redencionistas, o problema abórdase agora desde unha perspectiva eminentemente social: a redención é imprescindible se se quere logra-la emancipación do campesiñado ("proletariado de los campos", como el lle chama), afundido na miseria e subordinado á influencia nefasta do cacique. Por outra parte, e no plano económico, Galicia reclama unha mellor organización da propiedade privada e para isto cómpre dar comenzo pola supresión de todo tipo de cárregas, única maneira de reconstruí-la propiedade territorial sobre a base da liberdade e a xusticia.

Ó ano seguinte, o triunfo dos republicanos habíalle permitir a Paz Novoa levar á práctica o que ata o entón só fixera correr ríos de tinta e provocar acendidos debates. Convencido el, como o estaban moitos, de que só unha lei lle podía poñer fin a un problema tan longamente aprazado, presentou ás Cortes un proxecto artellado ó redor de tres puntos fundamentais: primeiro, que a redención se levase a cabo sempre que algún ou algúns dos foreiros quixesen e puidesen facelo, sen limitación de tempo e coa única prohibición de vende-lo redimido nun prazo de catro anos; segundo, que se fixese por forais enteiros, coa fin de non perxudicar ós propietarios; e terceiro, que o tipo de capitalización se fixase nun seis por cento.

No breve discurso en defensa do proxecto (sesión do 5 de xullo) Paz Novoa recalcou de novo o seu matiz social. A imaxe dunha Galicia dividida en dúas clases, "una que trabaja y no puede vivir y otra que vive en la opulencia sin trabajar", sería o que servíu de única guía para unha lei que non só pretende varia-las relacións xurídicas entre ambos dominios, senón "realizar de una manera legal, ordenada y meditada una profunda y saludable transformación social". En termos moi semellantes pronunciouse tamén a comisión dictaminadora, que á hora de elixir entre a reversión a favor do dominio directo ou a redención polo útil acordou optar por esta última, pois que impide a aparición do proletariado agrícola, calificado de "plaga terrible de las sociedades modernas".

A situación do campo galego constituía, de feito, unha plataforma máis que favorable á pretensión republicana de amplia-la propiedade e favorecer así o nacemento dunha nova clase de pequenos propietarios e foi por isto polo que o proxecto de Paz Novoa aprobouse practicamente sen reservas. Aínda non decorreran dous meses desde a apertura oficial das Cortes cando estas daban por fin luz verde á redención de foros. O debate posterior ía demostra-lo difícil que fora

[7] J. M. Paz Novoa, *Los foros de Galicia. Apuntos sobre la actual organización de la propiedad territorial en estas cuatro provincias gallegas y necesidad de su reforma,* Ourense, 1872.

dar este primeiro paso e, o que é tan importante, ata que punto a oposición, firme baluarte dos intereses do rentista, estaba decidida a impedir a calquera custe a promulgación da lei nos termos previstos polo dictame.

A discusión do proxecto comenzou o día 8 de agosto. A primeira parte, ou discusión sobre a totalidade, que ocupou a sesión do primeiro día, contou coa intervención de Valdés Barrio e Salustio Víctor Alvarado, republicano federal e membro da comisión. Este debate inicial, con dous temas a tratar, a oportunidade ou non de proceder á votación do proxecto e o seu enfoque político-económico, veu confirma-los diferentes estados de opinión que sobre a cuestión foral dividían ás Cortes do 73, prolongando o que ata daquela foran posturas irreconciliables a favor ou en contra do sistema.

Se ben o intento de demora-la votación non prosperou, asistimos de novo —lembrémo-lo Congreso Agrícola de 1864— á pretensión de aprazar *sine die* a discusión da futura lei. Xa aberto o debate, non sen antes denuncia-las presións habidas, desde a óptica conservadora califícase o dictame de meramente político, de "respuesta obligada" ós compromisos contraídos co electorado. Á marxe do seu "oportunismo" e "precipitación", a redención sería totalmente ineficaz no plano económico, pois que o campesiño carece dos recursos necesarios para redimir. E desde un punto de vista estrictamente xurídico, no tanto que a lei "ataca derechos legítimamente adquiridos", non pode considerarse por menos do que "una expropiación forzosa sin indemnización alguna".

Pola súa parte, Alvarado volverá insistir en que a comisión, chegado o momento de afrontar un problema urxente e ineludible, non dubidou en elixi-la solución máis radical, dado que o principio de que parte o proxecto "es esencialmente político, político y social". Se se quere evitar que apareza un proletariado campesiño, hai que desbotar totalmente a reversión e camiñar cara á ampliación da propiedade, único medio de frea-lo desenvolvemento de "una clase tan perturbadora para el bienestar social".

Esgotada esta primeira discusión, a sesión non fixo máis do que revela-la imposibilidade de atopar un "término medio" que conciliase posturas e criterios tan opostos. Dándose xa por segura a promulgación da lei, á oposición só lle quedaba intentar reformar aqueles artículos que se consideraban máis perxudiciais para os intereses do propietario. Así se comprende que a segunda parte do debate, ou discusión do articulado (sesións dos días 8, 11 e 19 de agosto), fose centrada case exclusivamente en dúas cuestións claves: o dereito de redimir só por parte dos donos do útil (art. 2.º) e os tipos de capitalización adoptados (art. 7.º).

O artículo 2.º, "el más grave, el más importante y el que

encierra la cuestión más capital del dictamen", como atinadamente o definíu o conservador Pasarón, será o que suscite máis vivas polémicas. Introduci-la posibilidade de reversión a favor do dominio directo, frente no que vai librar unha dura batalla a oposición, significaba en realidade virar por completo o sentido último dun proxecto que, en palabras de Casalduero, perseguía a universalización da propiedade como único medio de favorece-lo traballo. A súa defensa do proxecto coidamos que sintetiza perfectamente o longo debate en torno á cuestión foral: no tanto que uns defendan o capital e outros avoguen pola emancipación dos traballadores, a solución final endexamais poderá ser unitaria.

O voto negativo da Cámara á enmenda de Valdés, que concedía a facultade de reversión sempre que a finca conservase o seu estado primitivo, levou o debate ó seu punto culminante. Os duros ataques ó proxecto por parte dunha oposición cada vez máis radicalizada, que chega a chatalo de "tremenda injusticia para con los propietarios", demostran ata que punto esta estaba decidida a impedir que se aprobase a lei nos termos previstos. Fracasado o primeiro intento, aínda se quere abrir un novo vieiro para a posibilidade de reversión, admitíndoa naqueles casos en que o foreiro non fixese uso do seu dereito a redimir nun prazo máximo de seis meses.

Ó refugar esta última engádega, calificada de "sofisma económico totalmente irrealizable", púxose punto final a unha discusión na que realmente a Cámara non fixo ningunha concesión. O artículo segundo redactouse nos mesmos termos do primitivo proxecto: a lei concedía a facultade de redimir unicamente ós donos do dominio útil, sen prazos de ningún tipo; a reversión non se admitía baixo ningún concepto ou presuposto.

Perdida esta primeira e decisiva batalla, aínda lle quedaba á oposición a posibilidade de "pactar" as condicións da redención, é dicir, os tipos de capitalización adoptados, realmente baixos e favorables ó redimente. Tras propoñeren primeiro como tipo único o tres por cento, e no que se podería considerar un derradeiro intento de atenua-los efectos da redención, os firmantes da enmenda acaban "aceptando" unha capitalización ó catro por cento. Había que esgotar tódolos recursos, pero as propostas foron refugadas, o que veu demostrar unha vez máis a inflexibilidade da Cámara á hora de mante-los principios esenciais do proxecto: non só permitir, senón tamén favorece-lo acceso do campesiñado á propiedade da terra. Como se demostraría despois na práctica, as facilidades dadas ós colonos fixeron posible que para o caso as tres cuartas partes das redencións efectuadas na provincia de Lugo fosen realizadas por labregos e titulares dos antigos forais.

Chegados a esta altura, e despois de discutir xa os temas claves do dictame, os restantes artículos foron aprobados practicamente sen debate. Só a redacción do artículo 12, relativo ó laudemio, suscitou nova polémica. Finalmente, e contra a pretensión de respetalo naqueles contratos onde estivese estipulado, o laudemio, "carga odiosa e injusta, sin cabida en una ley de rango democrático", como o definíu Leocadio Cacho, declarouse non computable a efectos de redención.

O 19 de agosto foi aprobado ó fin o proxecto de lei, admitindo a comisión sendos artículos adicionais que facían extensibles as disposicións da lei ós contratos de "rabassa morta" cataláns e "treudos" aragoneses. Conseguíase así un dos obxectivos prioritarios da política agraria federal, esto é, a abolición de todo tipo de gravames de orixe feudal en beneficio da clase campesiña.

A lei, decretada e sancionada polas Cortes o día 20 de agosto, constaba na súa redacción definitiva de quince artículos e dúas disposicións transitorias. Polo artículo 1.º declháranse redimibles "todas las pensiones y rentas que afectan a la propiedad inmueble, conocidas con los nombres de foros, subforos, censos frumentarios o rentas en saco, derechuras, rabassa morta y cualesquiera otras de la misma naturaleza". Polo artículo 2.º, que o dereito de redención correspondía unicamente ós obrigados ó pago da renda, non podendo estes enaxena-los bens nos catro anos seguintes, de non decae-la súa fortuna.

Tocante á forma de levar a cabo a redención, faríase por forais enteiros, se así o esixise o perceptor (art. 3.º), aínda que calquera dos pagadores podía obte-la redención total, se os demais renunciasen a facelo das súas cuotas respectivas, que poderían ser redimidas de forma individual ou ben pagando ó que efectuara a enaxenación conxunta (art. 4.º). Só se redimirían individualmente as cárregas de importe anual que non baixase das vintecinco pesetas, en predios rústicos, e as que gravasen fincas urbanas de valor superior ás dúas mil (art. 5.º).

As formas de pago e tipos de capitalización quedaban regulamentadas nos artículos 6.º, 7.º e 8.º A redacción primitiva do artículo 6.º tivo que ser modificada pois que a súa interpretación resultou francamente desfavorable ós colonos. Estipulábase que sempre que o capital das cárregas constase liquidado no título de adquisición ou imposición, a redención faríase abonando o mesmo capital ou o seu equivalente. Na práctica, simulábanse operacións de venda que elevaban considerablemente o valor dos predios e privaban ó campesiño da posibilidade de redimir. O coñecemento dos tales abusos deu como resultado unha lei aclaratoria ó artículo 6.º, san-

cionada o 16 de setembro de 1873[8]. Polo que fai ás bases de capitalización (art. 7.º), establecíase o seis por cento para cárregas de renda que non rebordase as vintecinco pesetas, servindo de cómputo para as pagadas en especie a súa valuación a teor da medida e precio acadado no último decenio. Os gastos serían sempre por conta dos redimentes, podendo esixi-lo perceptor, nas operacións a prazos, unha hipoteca especial sobre as fincas (art. 8.º). No que respecta ás rendas e pensións procedentes dos bens nacionais, quedaban suxeitas ó establecido nos anteriores artículos (art. 10.º).

Unha vez regulamentada a forma en que se debía efectua-la redención e delimitado o seu campo de aplicación, entramos no que se poderían considerar normas a seguir en caso de futuros contratos. O laudemio abolíase (art. 12.º), o mesmo co subforo, quedando suxeitos a redención tódolos gravames obxecto da lei impostos a partir da data da súa promulgación (art. 13.º). A obriga do pago da renda non se faría en recoñecemento do dominio, senón en consideración ós froitos, e tampouco se presumía solidaria esta obriga (artículo 14.º). Non se eliminaba, xa que logo, o contrato foral; mais, ó facelo redimible, desaparecían as cárregas que ligaban ó colono. Unha das condicións esenciais do contrato, a súa perpetuidade, ficaba alterada e co tempo os futuros foreiros poderían convertérense en propietarios plenos das terras cultivadas.

As arelas e presupostos de cantos avogaran por unha reforma do sistema en favor do dominio útil quedaban reflexadas no articulado desta primeira lei de redención de foros, na redacción da cal poucas, por non dicir ningunha, concesións se fixeron. Agora ben, por máis que se pretendían respeta-los dereitos do perceptor por medio dunha "justa indemnización", o seu sentido eminentemente social primaba ós colonos, o que, como veremos e cabía agardar, provocou unha dura reacción dos propietarios, ameazados no que ata agora foran os seus intocables dereitos.

A oposición á lei redencionista canalizouse de primeiras a través da prensa, que moi logo se vai converter en vehículo de expresión dos propietarios afectados. Artigos, cartas, peticións de suspensión, etc., encamiñados a crear un ambiente proclive á abolición, sucederanse case que ininterrompidamente ó longo dos poucos meses nos que aquela estivo vixente.

A carta de "Un gallego rural", dirixida ó madrileño *La Época* o día 2 de setembro, iniciará a polémica sobre a conveniencia de suspende-los efectos legais. Os argumentos non

[8] A nova redacción do artículo 6.º especifica xa que a redención se efectúe desta forma "siempre que dicho capital sea igual o exceda del total de la capitalización de la renta, verificada al seis por ciento" *(Diario de Sesiones,* 16-IX-1873).

son novos: a lei, aprobada con demasiada lixeireza por quen descoñecían a esencia e beneficios do sistema foral, supón tan só "el despojo de una clase por otra, sin miramiento alguno, sin apariencia de justicia siquiera". O mesmo xornal publicou ós poucos días (7-IX-1873) a réplica do deputado galego Leocadio Cacho, para quen os intereses dos propietarios estarían abondo representados nunha Asamblea "donde hay sin duda más dueños de foros que foreros" —alúdese concretamente a Daniel Valdés, "cuya propiedad la componen casi exclusivamente las rentas que cobra por foros"—. Tras unha discusión longa e fecunda a lei aprobouse "ni por motivos ni con fines políticos" e, é máis, coa anuencia de recoñecidos autores como Castro Bolaño, Herbella ou Besada, todos eles galegos e non precisamente republicanos, que xa antes enfocaran a cuestión foral en termos moi semellantes ós adoptados pola Cámara.

A polémica parecía que seguía reducíndose, coma ata daquela, a un simple "intercambio" de opinións contrarias. Emporiso, logo se advertirá a necesidade de adoptar novas medidas de presión. O paso decisivo deuno Segundo Hombre, propietario de Noia, nunha serie de artigos que so o epígrafe "Cuestión Foral" publicou *El Ejemplo* e que serviron de punto de partida á actuación dos rentistas afectados. O mesmo xornal haos calificar de "excelente y decidida campaña en contra de la reforma hecha por la ley de foros" [9].

A marxe dos consabidos erros nos que esta incorre (dereito exclusivo de redimir por parte do útil, abolición do laudemio, tipos de capitalización, etc.), erros que por si sós reclamarían unha revisión do texto legal, a redención obrigatoria inflinxe o artículo 14 da Constitución, "aquel que nos garantiza a los propietarios el derecho ilegislable, inviolable, porque es anterior y superior a todo otro, de que nadie en interés particular puede privarnos del libre uso de nuestros bienes". Velaquí o único terreo onde cómpre libra-la batalla. Agora ben, dado que sería inútil esperar calquera apoio do partido no poder, deben se-los mesmos propietarios os que emprendan as accións pertinentes: "Los tribunales son, pues, la única tabla de salvación que podrá liberarnos de este tormentoso naufragio (...), dejémonos de lamentaciones estériles y unámonos para no ser batidos en detalle (...), formemos un cuerpo, abramos una suscripción para subvenir a los gastos que ocurran (...), discurramos medios legítimos de defensa, sigámoslos hasta la casación inclusive (...), elijamos un periódico que sostenga nuestros derechos (...), no dejemos de ejercitar además el derecho de petición, de interesar a nuestros diputados a que reparen los errores, de acudir a las urnas en su día con

[9] *El Ejemplo*, 21-IX-1873.

todas nuestras fuerzas y, en una palabra, de no descansar hasta librarnos de esta terrible invasión comunista".

Ata aquí o que podería ser unha postura de forza común, pero a proposta deste combativo propietario vai máis lonxe aínda. Quedaban as accións individuais, importantísimas e imprescindibles se se quería apuntala-la victoria. O seu propio "plan de defensa", posto xa en práctica en tres xuicios de redención pendentes, non debería atemorizar a ninguén porque, acolléndose ó artículo 14 da Constitución, é perfectamente lexítimo: "Fundado en esta doctrina y sobre todo en los derechos individuales que la nación en uso de su soberanía me ha concedido (...) pediré la no admisión de la demanda por ilegal y cuando a ello no haya lugar, la absolución en definitiva con las costas (...). Estos juicios así contestados seguirán, si los demandantes no desisten, toda su tramitación y todas las instancias que la legislación adjetiva permita, porque, a la verdad, no soy de los que impunemente se dejan despojar".

Transcorrido pouco máis dun mes (a carta está datada o 1 de outubro), a reacción dos propietarios poníase en marcha. Contando co apoio da prensa, poderoso mobilizador de opinións, comenzaría a verdadeira campaña en contra da redención, chegándose se fose preciso a unha postura de forza, ou o que é igual, atrancando no posible os expedientes de redención solicitados.

A resposta dos propietarios foi unánime. A partir deste momento aparecerán en case tódolos xornais galegos convocatorias de reunións, cartas e comunicados esixindo a inmediata abolición da lei. Mais, antes de pasarmos a analisa-lo alcance e o contido desta campaña, convén pasar revista a toda unha serie de artigos que oportunamente bombardearon a prensa nos meses seguintes [10]. E máis cos argumentos esgrimidos (lexitimidade do contrato, vantaxes do sistema foral, carácter político da reforma, etc.), pouco novidosos eles, interésanos salientar como desde agora se silencia o tan cacarexado perxuicio económico infrinxido ós antigos perceptores. Insistirase, pola contra, na precaria situación do labrego, agoniado por cretos e pagos excesivos, a mercede de usureiros e especuladores. Mesmo se chega a insinua-lo "altruismo" de cantos, pensando nas clases menos favorecidas, procuran soamente corrixi-los erros cometidos. Preténdese, en suma, xustifica-la reacción duns propietarios movidos non por egoístas intereses económicos, senón simplemente "heridos" e "agraviados" pola "injusticia legal" que contra eles se cometeu.

---

[10] Entre outros, a serie de artigos que no mes de novembro remite a *El Diario de Santiago* Daniel Valdés ("Los foros. Su origen y vicisitudes. Su estado actual. Necesidad de su redención") e os que, de autor anónimo e só o título "Foros", publicara *El Ejemplo* a comenzos de outubro.

O primeiro paso xa estaba dado. O obxectivo da tal campaña de prensa, crear un ambiente favorable á abolición e defender ó mesmo tempo a postura adoptada polos rentistas, non ha tardar en surtir efecto. Precedida e amparada por unha publicística que tan ben soubo defende-los seus dereitos, a reacción dos propios afectados, anque tardía, produciuse en bloque.

No mes de outubro foron os propietarios coruñeses quen tomaron a iniciativa, convocando unha reunión na que se estudiarían as posibles reformas a introducir na lei de 20 de agosto. Ós poucos días xa se celebrou unha asamblea, e maioritariamente ó que parece, na Coruña. Do ambiente que se respiraba e sobre a actitude dos asistentes pódenos dar idea o texto da convocatoria: "No obstante de nuestra excitación, los propietarios y rentistas de esta ciudad permanecerán tranquilos, pero dispuestos a sacrificar una tercera parte de sus rentas, si es necesario, en litigios para defender sus derechos" [11]. A esta primeira reunión seguiralle outra en Madrid, dos rentistas alí residentes, onde se acorda nomear unha xunta que, contando co respaldo dunha forte campaña de oposición, había encargarse de xestionar ante o goberno a abolición da lei. A comisión elixida a tal efecto contaba cunha nutrida representación da nobreza terratenente: o conde de Toreno, comisionado por Asturias; o marqués de Figueroa e mailo conde de Maceda, por Galicia; o barón de Eroles e mailo marqués de Monistrol, por Catalunya. Ninguén mellor ca eles sabería defende-los intereses da clase rentista, utilizando a súa influencia cando chegase a ocasión precisa.

A partir deste momento comenza un verdadeiro turbión de cartas, manifestos e peticións de anulación. E non só en Galicia tivo eco a ben orquestada reacción dos propietarios; tamén se elevaron queixas ó Executivo en Catalunya, por parte do Instituto Agrícola de San Isidro, e en Asturias, insistindo na necesidade de proceder á inmediata suspensión dos efectos legais [12]. Tocante ó contido destas exposicións, e cinguíndonos ó caso galego que coñecemos pola prensa [13], bótase de ver en todas elas unha serie de puntos comúns que veñen resumir perfectamente o criterio dos propios afectados:

---

[11] *El Diario de Santiago,* 5-XI-1873.

[12] Referímonos concretamente ás peticións de suspensión dos propietarios de Pravia (31-I-1874), Oviedo (27-I-1874), Avilés (1-II-1874) e Gijón (4-II-1874), que non coñecemos directamente, senón polas referencias que a elas fai R. J. Bravo, *Los foros. Estudio histórico y doctrinal, bibliográfico y crítico de los foros en Asturias y Galicia,* Madrid, 1883, páxs. 227 e 228.

[13] Contamos coa exposición dirixida ás Cortes polos propietarios da Coruña *(El Eco de Galicia,* 9-XII-1873), a demanda de suspensión firmada polos propietarios de Noia *(El Eco de Galicia,* 20-XII-1873), a que lle envía ó goberno unha representación dos propietarios galegos *(El Diario de Santiago,* 26-I-1874), a carta redactada polos rentistas lucenses *(El Eco de Galicia,* 17-I-1874) e, finalmente, a que o Concello de Santiago remite ó ministro de Gracia y Justicia *(El Diario de Santiago,* 27-I-1874).

a lei redencionista, aprobada con precipitación e lixeireza atendendo a meros intereses partidistas, ben puidera se-lo preludio doutras reformas de máis trascendencia, o comenzo dun cambio na actual organización da sociedade galega, que lle debe ó foro, "contrapeso del descarnado socialismo", a súa poboación e prosperidade. A redención obrigatoria, "expropiación forzosa", "violento despojo", non só falta ós máis elementais preceptos da xusticia, senón que destrúe a propiedade e os alicerces nos que esta fixo pé durante séculos.

Velaquí o verdadeiro temor dos rentistas. O que se xogaba era a súa propia supervivencia como clase e neste campo a batalla tiña que ser dura. Contando coa súa influencia social e política, que tan bós resultados lles dera noutras ocasións, reaccionaran de novo en bloque. O futuro da lei corría serio perigo e así o advertiron os republicanos, os seus únicos defensores: "La ley de foros está amenazada por las gestiones que para su supresión indefinida practican cerca del gobierno unos cuantos condes y marqueses. ¡Quiera el cielo que no se arrepientan de su actual conducta! (...). Si la ley de foros se deroga, gracias a la influencia de media docena de egoístas, mañana se restablecerá, sin duda alguna, bajo una forma algo más violenta y menos ventajosa para los señores del dominio directo. Acordaos de la Revolución Francesa y no obliguéis a los demócratas a que realicen en un día lo que el derecho y la prudencia quieren que se haga en algunos años" [14].

Ós poucos meses da súa promulgación, a idea de suspende-la lei frotaba xa no ambiente. Ademais, aínda quedaban as posturas de forza individuais coas que se contaba que se había respalda-la acción colectiva. No entanto que o goberno non derogase a lei, era preciso poñérlle-los atrancos posibles ós expedientes de redención solicitados, promovendo toda caste de litixios e accións xudiciais. Non obstante, e ó menos na provincia de Lugo, foron poucos os propietarios que acudiron ós tribunais de xusticia, se ben é certo que outros moitos din que consentiron "sólo por la fuerza, previniendo los gastos judiciales que toda postura de fuerza acarrearía". En todo caso, se concede-la redención era inevitable, e desde logo máis económico, quedaba como último recurso manifestar dalgún xeito a oposición á tal medida, actitude que si van adopta-los máis dos rentistas lucenses. Aínda que case todos declaran acceder "no voluntariamente, sino por fuerza y en cumplimiento de la ley", as formas empregadas perante notario son moi diversas. Desde os casos en que aparece o desexo ou a esperanza nunha pronta abolición ("accede a redimir esperando a cobrar la renta por nulidad de la ley") ata aqueloutros que detallan os motivos do refugamento

[14] *La República*, 29-I-1874.

("por creer bajo el tipo de capitalización y por no estar conforme con la ley en cuanto que le obliga a disponer involuntariamente de lo que es suyo", "porque la ley ataca su derecho de propiedad"...).

En calquera caso, resulta evidente que ó menos na provincia de Lugo se pode falar dun sentimento case xeral e unánime de oposición á lei por parte dos antigos perceptores, que se valerán de argumentos moi semellantes ós esgrimidos polos seus detractores públicos. Os manifestos e pedidos de abolición contaban, de feito, cun forte respaldo, facilmente canalizable ademais se o goberno non accedía a suspende-los efectos legais.

Sen embargo, non foi preciso recorrer a novas medidas de presión. Os resultados da forte e ben organizada reacción non se farían esperar xa que a lei de redención uníu a súa sorte á do réxime que lle dera vida. Caída a República, só fixo falta un mes para que o goberno do xeneral Serrano decretase a suspensión da lei e tódolos seus efectos. Atendendo, conforme reza o preámbulo do decreto de 2 de febreiro de 1874, á premura e precipitación con que aquela fora concebida, a evidente inxusticia cometida cos propietarios e os indubidables beneficios do sistema foral, derogábase a lei de 20 de agosto, se ben ficaba aberto o camiño cara a unha futura revisión da problemática foral.

Neste senso, e só pretexto de chegar a un profundo e mellor coñecemento do tema, que impedise caer nos mesmos erros, abriuse un período de información pública no que, por circular do 27 de marzo, eran invitados a participar as Audiencias, Colexios de Abogados, Corporacións Científicas e Sociedades Económicas de Galicia, Asturias e Madrid, que debían emitir opinión sobre a lei suspensa e propoñer ó Goberno as posibles reformas, no caso de que estas se considerasen necesarias.

Limitándonos ó caso galego [15], contamos cos informes emitidos polo Colexio de Abogados da Coruña e a Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago [16]. Para o Colexio de Abogados, ó firme refugamento dunha lei que só pode considerarse "fruto de una efervescencia política y social desen-

[15] Tamén neste caso contamos coa información que nos proporciona Jove y Bravo *(Op. cit.,* páxs. 231 e 232) acerca dos informes emitidos pola Academia Matritense de Legislación y Jurisprudencia, a Real Academia de Ciencias Morales y Políticas, a Audiencia de Valladolid, o Colegio de Abogados, a Audiencia e o Claustro da Universidade de Oviedo.

[16] "Informe sobre foros que eleva al Excmo. Sr. Ministro de Gracia y Justicia el Ilustre Colegio de Abogados de La Coruña" *(Revista de Legislación y Jurisprudencia,* XLVI, 1876) e "Informe de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, elevado al Excmo. Sr. Ministro de Gracia y Justicia en virtud de orden del ministerio de 27 de marzo de 1874, sobre foros, subforos y otras cargas semejantes que se conocen en el antiguo Reino de Galicia" *(Ibidem,* XLVII, 1877).

frenada" opóñense as vantaxes dun contrato que se debera conservar no seu estado primitivo, esto é, perpetuo e indivisible, único remedio contra a extremada subdivisión da propiedade. E tamén a Sociedade Económica de Santiago cadrará conforme con que o foro, coas debidas modificacións, habería contribuir a mellora-lo agro galego. Para esto cumpriría restablece-lo principio de indivisibilidade e ó mesmo tempo evita-lo extremo oposto dunha perxudicial concentración, prohibíndose daquela en diante a fragmentación de todo foral de medida que non excedese de tres hectáreas de terra arable e seis a monte. A indivisibilidade non sería, emporiso, atranco para unha posible e futura redención, "condición indispensable en todos los contratos que de esta especie en lo sucesivo se otorguen, ya que ni el interés del cultivo, ni el estado social de los tiempos presentes consienten esta clase de cargas perpetuas que liguen para siempre a la tierra a los poseedores de predios rústicos y urbanos". Neste senso, conviría establecer un prazo razoable para a vixencia do contrato, sen posibilidade de redimir en vida do aforante ou o seu primeiro sucesor. Por último, e polo que fai á indemnización debida, fixaríase como tipo único o catro por cento, base que amais de facilita-la redención compensaría ó propietario da súa perda.

O certo é que practicamente tódolos informes emitidos concordan en que o sistema actual debera ser reformado, que o foro tería de ser no sucesivo redimible e liberado dos abusos que co tempo desnaturalizaron o contrato. O que se critica da lei de 20 de agosto non é tanto a finalidade, libera-la terra de toda cárrega perpetua, coma os medios, en especial os tipos e formas de pago establecidos. Aceptábase, en resume, a necesidade de proceder a unha transformación das anquilosadas estructuras agrarias galegas, aínda que, eso sí, procedendo de maneira diferente á experimentada no 73.

O goberno xa podía actuar en base á información solicitada, se é que realmente só era esta a causa do decreto de suspensión. Nembargante, preferiron obvia-la cuestión, optando polo consabido *statu quo* tan favorable ós rentistas. Estes triunfaran unha vez máis, se ben é certo que febreiro do 74 sería a súa derradeira e gran victoria. A lei de 20 de agosto supuxo unha breve paréntese, mais conseguíu demostra-la viabilidade do redencionismo como fórmula de recambio cara ó futuro. En contra do que pronosticaran os seus detractores, a redención non beneficiou a intermediarios e axiotistas, senón que nela participaron fundamentalmente labregos. E tampouco os beneficios da lei ficaron reservados para os titulares das grandes explotacións; pola contra, as ventaxosas condicións legais permitiron unha participación maioritaria de medianos, pequenos e ata "minúsculos" paga-

dores de rendas. Desde o foreiro sen terra ata o labrego de bó pasar, todos aqueles campesiños que dispuxeron dun mínimo capital para invertir interviron no proceso redencionista.

De feito, tra la experiencia republicana xa ninguén pensa na reversión e, ante a evidente inoperatividade do sistema foral, a consolidación dos dominios a favor do útil aparece como única alternativa válida. A solución que no 73 propuxera Paz Novoa adoptárana en 1886 Montero Ríos e en 1907 Valcárcel Ocampo e Eduardo Vincenti, é dicir, catorce e trinta e cinco anos despois de que os republicanos conseguiran convertela en lei.

PILAR LÓPEZ RODRÍGUEZ
Lugo



PROBLEMAS DA "NORMALIZACION" DA LINGUA GALEGA *

O profesor Klaus Bochmann, catedrático de Lingüística Románica na Universidade Karl Marx de Leizpig, na RDA, está a poñer, no seu departamento, as bases dunha sección de lingua e cultura galegas; alí traduciuse xa ó alemán "Memorias dun neno labrego", primeira novela galega que se verte a aquela lingua.

Bochmann é rumanólogo, especialista en sociolingüística das linguas romances e experto coñecedor de numerosas linguas.

O presente artigo, versión escrita dunha conferencia dada en Padova, foi publicado anteriormente na *Guida ai dialetti veneti* de Manlio Cortelazzo. Traémolo hoxe aquí non só pola personalidade do autor senón porque cremos que a opinión dun "observador a distancia" pode axudar a clarifica-la polémica sobre a normativización da nosa lingua.

Como se sabe, a Real Academia Gallega e o Instituto da Lingua Galega, chegaron xa a un acordo ortográfico común eliminando as diferencias que os separaban e ofrecendo solucións que están reflexadas nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (Santiago, 1982), hoxe oficiais.

Este acordo era xa un feito cando o profesor Bochmann leu o seu traballo na Universidade de Padova o 6 de abril de 1984, pero, polas razóns que fose, Bochmann non tiña noticia diso e traballaba con datos atrasados. Esto debe terse en conta ó le-lo artigo, sobre todo no seu último apartado ("A ortografía, outro campo de batalla"), que alude a unha situación hoxe superada.

A lingua galega[1] é, entre os idiomas das "nacionalidades históricas" da España de hoxe, a menos favorecida oficialmente, mais posúe, quizais, as máis optimistas perspectivas de supervivencia e extensión socio-cultural. Esta "irmá" do portugués, con quen ata o século XIV formaba unha unidade lingüística, base dunha rica lírica medieval, é falada hoxe por aproximadamente tres millóns de habitantes da Galicia española, na súa maior parte poboación rural para a cal este idioma foi, ata agora, e para moitos continúa a selo, unha

---

* Esta lección, dada en Padova na Facultade de Letras (Cátedra de Dialectoloxía italiana) o 6 de abril de 1984, pode ofrecer puntos de meditación e de comparación a cantos cren na autonomía da "lingua" véneta.

[1] Non nos parece xusto califica-lo galego coma dialecto do portugués. Historicamente, o portugués separouse da antiga unidade lingüística galego-portuguesa; por este motivo a relación de dependencia implicada na parella *lingua-dialecto* está xustamente invertida, aínda que ninguén ousa dicir que o portugués sexa un dialecto galego. Culturalmente, este último posúe tódalas prerrogativas dunha "lingua": a autoconciencia lingüística dos falantes e unha rica literatura máis ca centenaria.

lingua de pobres, unha lingua da incultura que non permite a promoción social, mentres tódalas formas de cultura "superior", incluida a vida relixiosa, son, ou mellor dito foron, expresadas en castelán (español). O baixo prestixio que ten o galego entre as clases populares a pesar dos esforzos dunha "intelixencia" galeguista moi activa desde hai un século, está en forte contraste coa conciencia lingüística dos cataláns que ten como resultado o feito de que hoxe, en Cataluña, o catalán ten un prestixio social en moitos casos superior ó castelán —lingua do estado español.

Pero o aspecto reconfortante da situación lingüística en Galicia é xustamente a existencia dunha poboación compacta que utiliza a súa lingua materna sempre, ou case, e que non chegou polo de agora a dominar completamente o castelán de maneira que poida sustitui-lo galego, mentres en Cataluña un bilingüismo máis ou menos perfecto (socialmente expresado nunha diglosia, na cal a lingua A é aínda a miúdo o español) é a regra.

Unha clase campesiña catalana portadora da súa lingua orixinaria existe só residualmente, e as grandes cidades están poboadas en gran parte de inmigrantes de lingua española (ou mesmo galega). No País Vasco, xa desde hai tempo, a poboación que fala efectivamente o vasco non chega, en ningún caso, a supera-la metade dos habitantes.

Despois da feroz opresión das linguas non castelás durante o período da época da dictadura de Franco —na Segunda República española o catalán, o vasco e o galego obtiveran o recoñecemento como linguas co-oficiais— a situación comezou a mellorar co abrirse de España á economía e á cultura extranxeira, nos anos sesenta-setenta.

Xa desde 1971 esas linguas foron introducidas, se ben sobre unha base exclusivamente facultativa e limitada, no ensino primario. Despois da morte do dictador, o proceso de descentralización de España, que levou á autonomía das rexións históricas, acelerou tamén a emancipación destas linguas. Hoxe, a constitución do galego como lingua co-oficial xunto ó castelán, a súa introducción no ensino en tódolos niveis, mesmo na universidade, está garantizada polo Estatuto de Autonomía de Galicia. Compre suliñar que o galego funciona como materia obrigatoria nos plans de estudio desde a educación preescolar ata o ensino secundario nos institutos e escolas profisionais, mentres a lingua da instrucción xeral debería ser "a lingua materna" segundo a elección dos pais. O castelán continúa sendo estudiado por tódolos alumnos en tódolos niveis escolares cun horario un pouco máis

elevado co do galego[2]. Na Universidade de Santiago de Compostela a licenciatura de Filoloxía Hispánica inclúe agora tamén obrigatoriamente a lingüística e a literatura galegas. Existen periódicos parcialmente escritos en galego, e desde comezo deste ano, hai tamén o primeiro xornal enteiramente redactado nesta lingua "Galicia"; na TV está en preparación un canal especial para Galicia, en galego.

Todos estes pasos cara á normalización do galego, é dicir cara á súa extensión na sociedade, ligada a iniciativas para a súa estandarización, despertaron un amplo interés na poboación do campo e das cidades. O feito de que non exista unha burguesía específicamente galega —a das cidades ou ben é de orixe catalana, vasca, asturiana ou castelá ou ben está formada por unha burocracia estatal vencellada ó poder central emanado sempre de Madrid— limitou a loita pola emancipación da lingua e a cultura galega a unha "intelixencia" numericamente feble, orientada cara ós campesiños.

Hoxe, en cambio, tamén as clases cidadás comezan a interesarse polo galego, comprendidos certos sectores de clase obreira e das organizacións de esquerda (agás o PSOE —socialista— que é de selo "españolista"). Un índice disto é o grande interés polos cursos de lingua organizados nos últimos anos por asociacións culturais como "O Facho" que publicou un deses cursos no xornal "La Voz de Galicia"[3].

Os atrancos que se opoñen a que a situación do galego se normalice son por unha banda de natureza socio-cultural: a desconfianza dunha parte aínda importante de galegos pola súa lingua e a resistencia de certas forzas sociais a acepta-la limitación (aínda que mínima) do papel predominante do castelán. Por outra banda, hai motivos lingüísticos que frean o proceso: dificultades entre os defensores do galego para obteren un consenso sobre a norma desta lingua, sobre a norma ortográfica e morfolóxica e sobre o camiño a seguir na modernización do vocabulario galego.

¿Cómo naceron estas diverxencias e cómo se artellan? O dominio plurisecular do castelán na alta cultura, na igrexa de Galicia e na administración tivo un impacto sobre o galego tan grande que foi quen de criar na conciencia do falante non informado a idea de que o galego era un dialecto do español, un castelán corrompido. Aínda para os escritores do "Rexurdimento", é dici-lo renacemento da literatura e a cultura galegas na segunda metade do século XIX, o galego presentábase baixo esa aparencia, ata que se publicaron os

[2] V. para toda esta problemática: Galego no ensino. R. D. de 20 de xullo e O. M. de 1 de agosto de 1979 polos que se regula a incorporación da Lingua Galega ao sistema educativo en Galicia. Santiago de Compostela, 1981 (Publicacións da Xunta de Galicia).

[3] O Galego hoxe. Curso de Lingua. La Coruña, 1979.

códices da gran lírica galego-portuguesa do século XIII ó século XV, modelo de toda a lírica romance do oeste e centronorte da Península Ibérica. Xa a última poesía proveniente daquela tradición, escrita cara ó 1465, e o último texto de prosa xurídica (do 1532) amosan interferencias importantes do castelán. Aínda con maior forza se constata este fenómeno dous ou tres séculos despois, cando no século XVIII o padre Sarmiento e o padre Sobreira redactaron as súas observacións lexicográficas e lexicolóxicas sobre o galego, que tiña xa daquela un vocabulario culto composto preferentemente de castelanismos. O que hoxe compare un texto oficial, por exemplo xurídico-político, coma a Constitución Española de 1978, nas súas redaccións galega e castelá, non pode evita-la impresión de que o galego sexa, en efecto, un dialecto castelán. O léxico é case idéntico; as diferencias existen sobre todo a nivel fonolóxico e morfolóxico. Naturalmente, non se podería dici-lo mesmo dos textos literarios e da linguaxe popular, que tamén no léxico están máis distantes do castelán, se ben tamén aquí atopamos un enorme influxo lexical deste último.

O galego de hoxe preséntase, xa que logo, como bastante próximo do castelán. Ás particularidades lexicais comúns nas dúas linguas únese a ortografía que toma como modelo a española e non a portuguesa (con LL en vez de LH, Ñ en vez de NH mentres coa grafía NH se marca a nasalización intervocálica perdida do portugués, v. gal. *unha* [ũa], port. *uma* e a fonoloxía, coa perda da nasalización final de sílaba (gal. *nación/naçom* vs. port. *naçao, ten* vs. *tem* [ten:tẽ]) perda tamén da sonoridade das sibilantes (*xusto* [ʃusto], *geral* [ʃeral] vs. port. *justo, geral* [ʒ]), conservación do *s* en fin de sílaba onde o portugués ten [ʃ] (*as casas* [askásas] contra o port. [eʃkáseʃ]), conservación tamén de *a* e *o* en posición átona *as casas* [askásas], *os ósos* [osósos] vs. port. [eʃkáseʃ, uzósuʃ]), identidade no tratamento de *b* e *v*, coma no español, mentres o portugués distingue a oclusiva da fricativa.

Se os primeiros autores galegos do século XIX, e tamén os clásicos do Rexurdimento, Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Curros Enríquez, apoiándose na linguaxe popular como único modelo lingüístico non sempre sabían con precisión en que medida o seu propio estilo estaba influenciado polo castelán, un traballo de depuración comezou cando a antiga poesía galego-portuguesa foi posta a disposición dun público máis amplo (a partir de 1886) [4] e culminou na fundación das Irmandades da Fala do ano 1916 en adiante, asociacións culturais e políticas moi activas, na creación da re-

[4] No ano 1866 Antonio de la Iglesia publicou en "El idioma gallego" os primeiros textos en galego-portugués antigo. As edicións críticas dos "Cancioneiros" non chegaron ó coñecemento de amplos círculos da intelectualidade galega.

vista *Nós* no ano 1920, que congregaba a un grupo importante de escritores en torno a ela, e do Seminario de Estudios Galegos (1923) que era unha institución científica (de historia rexional, arqueoloxía, xeografía, etc.). O obxectivo era a unificación supradialectal da lingua literaria e a súa diferenciación máis pronunciada do castelán. Os modelos foron, agora, ó lado da linguaxe popular, a lingua dos textos antigos e o portugués mesmo. Xa nos anos vinte se ten a idea aínda hoxe viva dun achegamento da lingua e cultura galega á portuguesa, ata unha (re)unificación política con Portugal, un proxecto discutido xa no período da primeira República no marco da teoría federalista de Pi e Margall.

O proceso de codificación do galego que tivera o seu modelo no fructífero traballo do catalán Pompeu Fabra foi interrompido brutalmente pola Guerra Civil. En 1936, máis do 95 por 100 do pobo galego votara favorablemente o Estatuto de Autonomía de Galicia o cal, sen embargo, non entrou nunca en vigor, porque xa nos primeiros momentos da rebelión militar Galicia foi ocupada polas tropas de Franco. O uso público do galego foi rigorosamente prohibido, os membros da Xunta de goberno de Galicia foron fusilados, os intelectuais galeguistas perseguidos. E mentres o catalán, que desde o ano 1939 sufría a mesma sorte, xa dispuña entón de traballos lingüísticos normativos amplamente difundidos e aceptados mesmo fóra da mesma Cataluña, no País Valenciano e nas Baleares, o galego estaba totalmente desprovisto deles. Entón, cando cara ó fin da dictadura fascista algúns partidos políticos comezaron a servirse cada vez máis do galego na súa propaganda, debían enfrentarse a unha enorme falta de coñecemento do galego escrito e a unha castelanización máis forte ca que atoparon os escritores de antes da Guerra Civil. Non posuían, aqueles que agora utilizaban o galego na vida pública, coñecementos satisfactorios tocantes á historia e á estructura actual do léxico, da fonoloxía e morfoloxía do galego, non existían ideas claras e uniformes sobre como reorganizar unha lingua literaria galega, de modo que nace daquela unha vacilación lingüística que aínda hoxe non está totalmente superada.

Rota a unidade lingüística galego-portuguesa a partir do século XV, o galego contemporáneo é de feito unha lingua diferente, tanto en comparación co portugués coma co castelán. Con este último ten en común case tódolos vocablos da vida cultural e oficial moderna debido á convivencia plurisecular no marco político-cultural do estado español. Co portugués coincide na estructura morfosintáctica e no léxico base, xunto ó tratamento fonético común do léxico herdado do latín. Tanto desde o punto de vista lingüístico coma desde o histórico, o galego podería considerarse, por conseguinte,

coma unha lingua-ponte entre o castelán e o portugués, expresión dunha cultura peculiar que é o producto da especificidade histórico-popular da xente que vive no noroeste da Península Ibérica e da inserción de Galicia na historia político-cultural de España.

¿Cáles son as tendencias que se manifestan no debate acerca da norma do galego?

O debate actual sobre a normalización do galego céntrase en dous problemas: a norma ortográfica e os problemas da morfoloxía derivados das eleccións fonolóxicas, e a creación neolóxica. Desde o punto de vista técnico, trátase dos mesmos problemas xa postos á orde do día durante o Renacemento ante as "grandes" linguas romances, e que hoxe atinguen a tódalas linguas neolatinas que están a recupera-lo uso público, coma o catalán, o sardo, o corso, o friulano, o occitano. Trátase de linguas "en vía de emancipación", término que propoño para designa-lo entretecido dos aspectos puramente técnicos (por iso Kloss fala de "Ausbausprachen", "linguas en elaboración" [5]) e político-culturais [6].

Na actual fase de normalización e emancipación, os defensores do galego ven o seu obxectivo na demostración da "dignidade do idioma", para expresalo nos términos do humanismo común dos séculos XV e XVI. Máis concretamente, trátase de suliñar, a través de traballos sobre a lingua, que o galego é unha lingua non un dialecto, e que con el poden expresarse tódolos contidos da vida cultural e política moderna. ¿Cómo proceder na reconstrucción e modernización do galego? Esta é a cuestión ante a cal se dividen os ánimos en tendencias e correntes. Podemos observar, alomenos, tres tendencias diversas que, aínda entrelazándose en certos puntos, amosan algunhas veces diverxencias notables: a diferencialista, a lusista e a pragmatista.

1. A TENDENCIA DIFERENCIALISTA

A maior parte dos que se ocupan do galego están de acordo na idea de que esta lingua debe liberarse dunha parte dos castelanismos para volver a obte-la súa identidade separada. As diverxencias entre eles refírense á pregunta de que ata que punto cumpriría afastarse do castelán. O diferencialismo é, xa que logo, a expresión extrema dun desexo xeral de diferencia-lo galego do castelán.

---

[5] V. Heinz Kloss, Abstandsprachen und Ausbausprachen, in: J. Göschel, P. Ivic, K. Kehr (ed.), Dialekt und Dialektologie. Ergebnisse des internationalen Symposions "Zur Theorie des Dialekts", Marburg/Lahn, 5-10 Sept. 1977. ZDL-Beihefte 26, Wiebaden 1980, pp. 103-109.

[6] K. Bochmann, Quel modele lexical pour les langues romanes en voie d'émancipation? Comunicación ó XVII Congreso de Lingüística e Filoloxía Románicas, Aix-en - Provence, 29 agosto-3 setembro 1983 (en prensa).

A corrente diferencialista propiamente dita ten detrás dela case toda a tradición literaria e está presente hoxe en moitos escritores, así coma entre moitos "galeguistas" bondadosos que, sen embargo, non dispoñen sempre dunha información lingüística suficiente para resolve-los problemas prácticos. O ideal dos diferencialistas é unha lingua "enxebre" (é dicir, pura, xenuina) radicada nas falas populares e na lingua da literatura medieval. Frente á castelanización que ameaza a existencia do galego eles pretenden eliminar todos ou case tódolos elementos lexicais e morfosintácticos que se cre que son de orixe castelá. Pódese dicir que entre os escritores o sentido da lingua, a mesura para determinar aquilo que é e aquilo que non é galego, fai que as súas propostas sexan xeralmente aceptables. Entre os periodistas e políticos, en troques, son non poucos os que por desafogo purista defenden, ás veces, posicións lingüística e históricamente insostibles.

As solucións propostas clasifícanse nos escritos de política lingüística dos últimos anos [7] nos termos de *hipergaleguismo* ou *hiperenxebrismo*, é dicir, adaptacións de neoloxismos ó sistema fonolóxico galego primitivo, por ex. *zoa* por *zona* (o modelo é *lúa), atenzón* (sobre *benzón), respeito* (sobre *noite, leite); pseudogaleguismos*, é dicir, formacións que semellan corresponder a reglas de evolución fonética, por ex. *encosta* que se quere diferenciar de *encuesta* (cast.) pero na que non se toma en consideración a etimoloxía *inquaesita, adourar* baseada sobre a oposición gal. *ouro* vs. cast. *oro* < *aurem* (aínda que a etimoloxía de *adorar* é *ad* + *orare); vulgarismos*, é dicir, creacións espontáneas basadas máis ben na ignorancia lingüístico-cultural, por ex. *fertuna* por *fortuna, celebro* por *cerebro, ámbeto* por *ámbito; arcaísmos* para os cales existen algunhas veces sinónimos ou formas paralelas menos antigas, por ex. *tídoo* (raramente utilizado na literatura medieval, ó lado de *título* que parece castelán), *espádoa* en lugar do popular *hombreiro; lusismos* non xustificables, porque xa existe unha palabra galega máis ou menos antiga, por ex. *até* por *ata, astra, estudar* por *estudiar, achar* por *atopar, xanela* por *ventá, fiestra.*

2. A CORRENTE LUSISTA

Esta corrente non é menos diferencialista, ou sexa, purista, pero o seu modelo é o portugués. Pártese da idea de que a lingua dunha minoría coma o galego non pode sobrevivir entre dúas grandes linguas nacionais cunha ex-

[7] V., por ex., X. Alonso Montero, "Informe —dramático— sobre la lengua gallega", Vigo, 1972; X. M. Álvarez Cáccamo, "Galego cero", Vigo, 1979; Instituto da Lingua Galega, "Galego (Curso de lingua)", Santiago de Compostela, 1971-1976, 3 vols.

tensión internacional importantísima. Por conseguinte, se o galego non quere ser condanado á absorción por parte do castelán quedaríalle unha única solución: refundirse no portugués, uni-la súa cultura coa de lingua luso-brasileira, historicamente máis cercana, o que, xunto á posibilidade de manter unha certa identidade cultural e lingüística, tería a avantaxe dunha propagación mundial da cultura galega, especialmente do libro galego, a través e no ámbito da cultura galego-luso-brasileira.

A visión lusista estaba xa moi viva en certos escritores de fins do século XIX, por ex. en Manuel Murguía, e despois nos colaboradores da revista "Nós" e do Seminario de Estudios Galegos. Na última fase da dictadura franquista foi retomada, entre outros, por un grupo de emigrados que vivían en Roma nun seu "Manifesto para a supervivência da cultura galega" (1974), prólogo dun traballo co título significativo de "Em prol da integração galego-portuguesa" [8]. Encadráronse nesta corrente algúns expoñentes da vida académica da Península Ibérica [9] así coma un gran número de profesores e algunhas asociacións culturais locais.

3. A CORRENTE PRAGMATISTA

Chamamos así á corrente personificada sobre todo polos filólogos da Universidade de Santiago que se manifestan no seu curso de lingua "Galego" (3 vols., 1971-1976) a favor dun diferencialismo prudente. O que os distingue máis dos outros diferencialistas é, xunto á súa cultura lingüística, o antilusismo decidido. Defenden a idea de que o léxico cultural moderno de orixe castelán está na súa maior parte constituído por innovacións útiles e que a súa eliminación do galego levaría, ademais de ser case irrealizable, a danos graves para a recuperación do galego. A portuguesización levaría, ó seu xuício, a unha linguaxe culta e literaria enormemente distante da popular e xeralmente utilizada, porque "se queremos ter unha norma operante, teremos que extraela do uso" [10].

Segundo Xosé María Álvarez Cáccamo, autor dun diccionario de erros [11], a mellor solución do problema do léxico moderno sería respeta-la configuración actual do léxico importado do castelán, operando só as modificacións necesarias

---

[8] O manifesto foi publicado en "Seara Nova", set. 1974. Para o outro escrito v. Rodrigues Lapa, "Estudos galego-portugueses", Lisboa, 1979, pp. 68 e 77.

[9] Trátase, por ex., de Rodrigues Lapa (Portugal), véxase a op. cit.; Ricardo Carballo Calero (Galicia), véxase, por ex., "Problemas da Lingua galega", Lisboa, 1981, e Joan Coromines (Cataluña), véxase, por ex., "Sobre a unificación ortográfica galego-portuguesa", in *Grial* 53, xullo-setembro 1970.

[10] V. Galego, vol. 3, p. 82.

[11] Galego cero (op. cit.), Vigo, 1979.

para adaptalo mellor ó sistema fonético e morfosintáctico do galego.

Observando esta polémica a distancia e tendo en conta as experiencias das outras linguas romances feitas no curso da súa "modernización" durante a época humanística, parécenos que esta última vía é a máis real entre as tres expostas. Tanto o diferencialismo radical coma o lusismo levan consigo o perigo da creación dunha linguaxe artificial excesivamente arredada da lingua corrente e popular. Na situación de falta da fe necesaria, por parte da maioría galega, nas facultades expresivas e nos valores culturais da súa lingua, esto faría máis fonda a separación xa existente entre unha élite galeguista e as masas de cidadáns e labregos que se atopan aínda baixo a tutela daqueles que, alomenos ata onte, eran inimigos declarados do galeguismo. Existe o perigo real de que unha norma purista de máis sexa considerada como a lingua dunha casta.

Un aspecto non menos despreciable é que economicamente e politicamente Galicia está profundamente radicada no estado español. Existe ademais unha civilización española na cal participan nun certo grao tódolos pobos que a través da historia formaron a España de hoxe. Non é posible anula-los resultados dunha historia común de máis de 600 anos, como non é posible cambiar radicalmente unha lingua cun voluntarismo que nin sequera atopa o consenso das masas. O galego non é portugués. Adaptalo pola forza ó portugués ¿non sería outra perda de identidade?

A posición lingüística e xeográfica do galego entre o dominio do castelán e o do portugués, que algúns consideran unha ameaza para a existencia do idioma, podería transformarse en cambio nunha "chance" histórico-cultural. Os galegos poderían converterse en mediadores entre dúas culturas nacionais de importancia internacional. Capaces de apropiárense da cultura tanto dos pobos de lingua castelá como dos pobos de lingua portuguesa atópanse nunha posición favorable que non deberían deixar fuxir por mor de orientacións unilaterais e cheas de conflictividades posibles.

A ORTOGRAFÍA, OUTRO CAMPO DE BATALLA

A batalla lingüística atopa a súa expresión tamén nas varias propostas e nos decretos oficiais sobre o sistema ortográfico galego.

As bases de partida de tódalas propostas discutidas nos últimos anos son dúas obriñas: as "Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego" (1971) editadas pola Real Academia Gallega e as "Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego" (1977) do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago. Ambalas dúas constitúen inten-

tos de sistematización das experiencias ortográficas da literatura galega do século XX.

As diferencias entre os dous sistemas e a confusión doutros menos importantes fixeron que na práctica se presenten solucións moi diferentes para os problemas en discusión. Así, a contracción da preposición *a* co artigo determinado é, segundo as "Bases", *á, ó, ás, ós,* o que se reflexa no manual "Galego" ademais de en "Lingua"[12], mentres a grafía lusizante das "Normas", *ao, aos* (para o artigo masculino) vólvese atopar noutros manuais[13]. Nunha situación semellante atópase o sufixo *-ble,* recomendado polas "Bases", mentres algúns aconsellan *-bel* ou *-vel* (por ex. *possivel)* máis achegado ó portugués. Algúns manuais pronúncianse por unha transcrición etimoloxizante do fonema [ʃ] que tradicionalmente se escribe *x (xulo, xeral, xente),* co que teriamos, ó lado de *caixa* tamén *gente, geral, paisaje, jeroglífico.* O plural dos sustantivos e adxectivos en *-l* é, segundo algúns, *-les* (coma no castelán) e *-is* para outros: *animales* vs. *animais, mentales* vs. *mentais, difíciles* vs. *difíceis.*

Un compromiso entre estas propostas diverxentes parece estar afirmado nas últimas publicacións sobre o tema ortográfico. A Comisión de Lingüística da Xunta de Galicia elaborou unhas novas normas ortográficas[14] aplicables obrigatoriamente nas escolas galegas. O sistema consiste, máis ben, en propoñer solucións e indicar alternativas aceptables. Así, recoméndase a grafía *ao, aos,* tolerando *ó, ós;* prefírese *-bel* a *-ble,* e *-zón, -zo, -za* a *-ción, -cio, -cia (emigrazón/emigración, xuizo/xuicio, xustiza/xusticia)* non proscribindo, sen embargo, a segunda variante. Non se admite a grafía *g* e *j* por *x,* único grafema para [ʃ]. O plural dos nomes en *-l* e *-il* tónico é *-is (animais, tais, notabeis/notábel),* mentres *-il* átono se transforma en *-iles* ou *-eis (difíciles/difíceis),* sendo a última forma a preferida. Trátase dunha ortografía prudente que, sen embargo, non exclúe para o futuro, como se escribe no prólogo, unha ortografía "máis solidaria de outras formas do románico-hispánico ao que o galego pertence", é dicir, ó portugués. Quere ser unha ortografía de transición que preparará outra "fundada en maior medida na tradizón literaria e na conduta que orienta os sistemas de formas lingüísticas afíns"[15]. Unha posición máis clara está expresada, en cambio, na publicación de Xosé Martiño Montero Santalla "Directrices para a reintegración lingüística galego-portuguesa" (Ferrol,

---

[12] Lingua. Gramática metódica da lingua galega, La Coruña, 1980.

[13] Por ex., en "Galego hoxe", editado polo grupo cultural "O Facho" e publicado, antes de que vise a luz en forma de libro (A Coruña, 1979), como apartado de lingua no xornal "La Voz de Galicia".

[14] Xunta de Galicia, Normas ortográficas (Santiago, s.d.).

[15] Op. cit., p. 12.

1979), que recomenda un achegamento máis acelerado ó portugués.

Os problemas lexicolóxicos e ortográficos do galego están, como se ve, lonxe de ser resoltos e nin sequera se pode prever cal das tendencias actuais é a que se vai impoñer. O importante é que unha solución futura sexa aceptada pola maioría dos falantes e que traia ou contribúa efectivamente á autoidentificación dos galegos.

KLAUS BOCHMAN
Trad. XOSÉ A. PALACIO
Ourense



CASTELAO: 1886 - 1986



Castelao.

Celébrase neste ano o centenario do autor do álbum *Nós*. Desde estas páxinas, tan arraizadas no mundo da cultura que Castelao representa, sumámonos afervoadamente á significativa conmemoración. E facémolo, traendo aquí as palabras que dous grandes amigos e compañeiros de xeneración —Ramón Otero Pedrayo e Florentino

López Cuevillas— dixeron sobre o grande artista, ao se producir o seu pasamento.

Velahí o que o petrucio de Trasalba escribíu:

"Rosalía e Castelao son irmáns. Non será doado atopar no arte hirmandades semellantes. De Compostela a Iria Flavia e a Rianxo, hai pouco camiño e infindas variedades de sentimento. Para as aas dos anxos guieiros do xenio non hai distancias. E o mesmo anxo amparou coas aas abertas, os berces de Rosalía e de Daniel, das torres de Santiago á ermida de Guadalupe e a igrexa rianxeira de Santa Comba.

Os dous viñeron para se consagrar a todos. Unha choraba, outro ría. En entrambos a mesma dór e a mesma amorosa entrega ós humildes. As bágoas de *Follas novas* son as risas de *Cousas*. Si na caricatura hai sátira, nas de Castelao loce —para quen seipa miralas— unha piedade para o propio posto na picota.

As cruces de pedra saben, como o noso corazón, que Castelao non morreu. E agardan por el no cruce dos vieiros eternos de Galicia".

Doutra banda, eis o que dixo o prehistoriador ourensán:

"Castelao era Castelao. Nin máis nin menos. O seu nome non quere comparanzas nin pode ser cotexado con outros nomes; porque soio moi de vagar e moi a poder de tempo, as matrias poñen no mundo fillos deste xeito.

Cada latexo do corazón de Galicia, da Galicia de onte, da de hoxe, da de mañá e da de sempre, ía parar á alma e ó corpo de Castelao, e alí trocábase en palabra, en deseño, ou en coor; nunca —en ningún tempo, en ningunha edade— foron millor traducidos, nin millor entendidos os latexos do corazón dun pobo.

Foise Castelao coa súa grande arela e o seu grande amor. E a Galicia que encheu o noso espírito, quedouse co corazón parado, á espreita doutro fillo que seipa entender, traducir e sentir os seus latexos".

Tamén un escritor actual, seguidor da liña marcada polos mestres da xeneración "Nós", soupo atinar con palabras definidoras, que nos sirven para pechar agora esta evocación:

Hoxe non sabemos si Galicia fixo a Castelao ou Castelao fixo a Galicia. No pórtico da groria do noso espírito florecerá eternamente a sorrisa divinamente humana deste maravilloso Daniel.



FERNANDO PESSOA: O AMOR ÁS MÁSCARAS

ANTECEDENTES

Toda a obra de Fernando Pessoa pode conceber-se como unha enorme derivación da soidade. Sabemos que os actos mais extremos da nosa existéncia (nascimento e morte) son realizados solitariamente. Un dos actos mais solitários da actividade humana é o da literatura. Non é ilóxico, portanto, que o escritor, rodeado de si mesmo cando olla para o amargo papel en branco, poda meditar na sua precariedade como ser no mundo. Temos, pois, que a soledade, é un mero pilar do acto criativo (angustiante ou deleitoso), non a sua explicación. Cando falamos dela somente tratamos de indicar a xénese do poema, non de desentrañá-lo.

A concepción poética de Pessoa é, ninguén pode refutá-lo, profundamente orixinal. Existen, evidentemente, numerosos poetas que trataron temas similares ao longo das literaturas. Asin no vasto decálogo dos nosos Cancioneiros aparecen mulleres soledosas que falan consigo próprias, que conversan con animais ou ondas ou ramas ou co siléncio medieval que as envolve. Un trovador, D. Dinis de Portugal, recolle o exemplo nunha formosa cantiga. Unha muller namorada, non é estraño, está tan só no dilatado mundo que interroga às flores do verde piño pola presenza do seu amado, ou sexa, a sua soidade leva-a a ter que falar coa natureza (o prodíxio acontece cando as árvores responden en galego-portugués nun perfeito paralelismo e leixaprén). Este é o primeiro período da soidade: o diálogo coas cousas inanes (esta teima coloquial levou a D. Dinis a escrever unha cantiga onde unha muller dialoga con un papagaio, e este contesta; estamos diante do primeiro texto fantástico da nosa literatura, xunto cos de Afonso X).

O segundo proceso que coadxuva a esta metamorfose é o da timidez, que conduz ao desdobramento. O poeta fala de si en terceira persoa, fai-se outro, observa-se como de fóra, neste caso por vergoña, afinal declara abertamente a sua identidade:

> Un tal ome sei eu, ai ben-talhada,
> que por vós ten sa morte chegada;
> vedes que é e seed'en nembrada:
> eu, mia dona.

Estamos perante os alvores da heteronímia, do nascimento dos outros "eus" poéticos. A nosa lírica medieva posui múl-

tiplos antecedentes. De facto cando Meendinho fala de unha muller que está absolutamente só na illa de San Simón e espera o mar (laceradora metáfora da morte) e ela desespera; non está acaso Meendinho sentindo utopicamente a dor da muller, non se está a identificar con ela para transmitir-nos a desazón plenária da sua alma? Esa muller é Ariadna, esa muller é Meendinho, un desolador heterónimo do seu próprio e punxente desalento.

Temos, en consecuéncia, a Fernando Pessoa só nun circunspecto cuarto de Lisboa. Está diante de fólios vacios. Enfrenta-se ao acto criativo, do seu ser emerxe unha palavra e logo outra e outra, asin até compor un poema. En instantes de frenesi observa que a escrita non lle pertence (como a todo poeta ou escritor), que resulta alleio para el o fruto do seu ego. Ese acto, esa constatación, pode pasar desapercebido. Mas sucede que diariamente se enfrenta consigo próprio. Necesita dialogar con alguén, está só. Entón surxe o outro. Do monólogo que non espera resposta:

> Ondas do mar de Vigo,
> se vistes meu amigo?
> e ai Deus se verrá cedo!

pasamos ao diálogo imposível, o verde piño fala:

> —Vós perguntades polo voss'amigo?
> E eu ben vos digo que é san'e vivo.

É neste deslumbrante momento cando Fernando Pessoa se percata que non está só, que o acompañan amigos fictícios. Do seu diálogo imposível nascen as máscaras, os destellos da personalidade. Máscaras, como veremos, vacias e, portanto, habitadas da sen-razón e da caréncia, mas tamén da profunda necesidade de ser outro, de transformar-se, de se converter nunha outra persoa, outra máscara, un círculo incompleto de transmutacións que conducen ao nada.

O estraño, o paradoxal, é que Fernando Pessoa é consciente deste supremo vacio. Sá-Carneiro, o seu distante e sofridor amigo, non poderá efectuar esa transformación, ese poder de xerar compañeiros apócrifos, de cindir-se en outros, daí o acto terminal que emprendeu, o seu suicídio desolado nun hotel de Paris, a comezos do século, eis as duas facetas da soidade: o suicídio de Ariadna en Meendinho (morrerei fremosa no alto mar), o suicídio parcial de Sá-Carneiro; a proliferación de personaxes en Pessoa (que, en lugar de vivé-las escreveu-nas, non as representou, literaturizou-nas), a completación da soidade por meio do "outro", de proteica irrealidades, de lánguidos fragmentos inventados.

— *No Labirinto Plural*.

Toda a produción de Fernando Pessoa é unha exaltada aventura metafísica. Hai nela unha busca e un encontro, unha desilusión e un tédio, un meditar fútil e unha ironia

primordial que nos levan a un dos seres mais prolixos da história da literatura. Como veremos mais adiante a vida de Pessoa é a sua literatura, os seus livros, os seus severos poemas. A Pessoa, mais que a ninguén, podemos aplicar ese constrinxido dito. Neste sentido o escritor lisboeta é un continuador da tradición romántica que operou unha mudanza radical na visión do poeta e da escrita: os limites entre ambas deixan de existir, a vida do poeta xa non está indisoluvelmente unida à obra, mas é a sua obra. Sob este aspecto Pessoa é un romántico tardio (na liña de Antero de Quental); sob o prisma da sua diversidade, da sua convulsa penúria, do seu rexeitamento integral dos dogmas, Pessoa é estritamente contemporáneo.

As liñas precedentes pretenden unicamente lembrar e situar na sua ponderável dimensión do fenómeno romántico, que foi a primeira grande revolución das letras. Antes dos procelosos cantores da tormenta e das apaixonadas incúrias do Tempo, os que miravan con lancinante admiración as ruínas, os povos mortos, a cavernosa e noctívaga contemplación das necrópoles, antes de retornar às musgosas pedras do Medievo e de buscar nos lonxes a calma espiritual; os rapsodas clásicos escrevian por tradición e mímese. Nen remotamente podemos declarar isto como admoestación ou como deficiéncia, é simplesmente un feito axial que a poesia ulterior rexeitaria. Queremos dicer que D. Dinis de Portugal, apesar da sua coñecida vida turbulenta, enchida de amorios cáusticos e fillos bastardos e de tumultuosas relacións dinásticas; xamais nos seus versos apareceu este lado da sua existéncia. Os seus poemas obedecen ao calco provenzal e aos próprios impulsos persoais. A poesia (tanto a incipiente, como a do Renascimento, como a do Barroco) era portadora de unha tradición e de leves inovacións métricas. O poeta obedecia os esmerados cánones, estilizava os sentimentos, non tratava o lado escuro e tenebroso do mundo. (Só Dante, ao criar un símbolo cristián e tripartito da vida do Alén incorre na descrición tormentosa e demoníaca do Inferno; só Lope de Vega e un breve Garcilaso e o total Camões; trasladaron ao papel o herdo amargo ou xubiloso do decurso dos seus anos).

É a partir do purísimo Novalis, do exultante e frutífero Hölderlin, do panteísta Chateaubriand, dos nevoeiros xermánicos e das difusas xenealoxias do inverno, cando aparece a obra como parte enraizada do artista ou, contemplada de modo inverso, lendo a obra recoñece-se ao criador. Asin un atributo de Camões, xunto coa sua cegueira parcial, seria *Os lusíadas*, serian os seus mais significativos e pasmosos sonetos, serian as suas oitavas reais, os seus naufráxios ímprobos, o seu ensimesmado desamor. O Romantismo (e aqui non é lugar para tratá-lo como merece) é a primeira mutación

de raiz na cosmovisión do poeta. Os seus afluentes (os inxénuos modernismos, os xogos combinatórios, o regreso aos meandros clásicos, as extravagáncias artísticas, o posmodernismo) perduran, ainda que non sucede, ainda hoxe, unha renovación tan radical como a antedita.

A obra de Pessoa emparenta-se temporalmente coa de Franz Kafka. O paralelismo entre os dous é extraordinário, as suas obras diferen substancialmente: Kafka, isolado, angustioso introspectivo, edifica unha obra desoladora e pesimista. A sua biografia carece de relevância especial, non se suicidou, morreu tuberculoso; a biografia de Pessoa é idéntica: non se suicidou, morreu de enfermidade. Quizá a propensión ao viño no autor lisboeta sexa unha diverxéncia que non altera nos dados coincidentes: fastio da vida, negación da realidade, cansazo do diário, bálsamo da literatura como única cousa do universo capaz de exaltar a alma dos artistas. É, porén, curioso o resultado das suas plumas: en Pessoa encontramos as diversidades do "eu", o triunfo do soño, a ambiguidade do texto, xogo e tristeza, paixón e raciocínio; en Kafka os ocasos do ser humano en sociedade, medo ao tumulto, esmagamento do "eu" pola sociedade confusa, o "eu" fráxil defronte do mundo, a derrota do solitário. En Pessoa o verbo tende ao soño, en Kafka ao pesadelo. Ambas as realidades están fora da realidade, contodo os seus frutos dirixen-se a postulados distintos: en Kafka a relación "Eu/os outros" é un conflito; en Pessoa esta afinidade é un descoñecimento e unha turbación metafísica. Ambos os dous son solitários soñadores nunha cidade hostil e amada (Praga, ruas labirínticas e secas, esquinas que conducen a nengures ou ao asombro, estagnadas atmósferas que se bifurcan; Lisboa, paseios solares, pedra solsticial e salitrosas presenzas, ruidoso comércio con nengures, ouros murchos nas xanelas e nos bairros malferidos, barcos e águas distantes).

Pessoa ou a soidade lisboeta. Os seus versos, os seus vacios ontolóxicos pertencen à sua condición de solitário. O combate de Pessoa contra a sua soidade constitui a sua primeira orixinalidade. O home descontento, o contemporáneo (acaso o de todas as épocas) trata de fuxir, é un eterno tránsfuga. A sua raiz mítica acha-se na Bíblia, en Jonás, o fuxitivo de si mesmo e da visión divina, o que tenta escapar ao dever e às parcialidades da vida humana. O seu destino é unha baleia que o vomitará de novo ao mundo. Esconde-se nun animal inverosímil, cuase onírico, e retorna ao desgarrado orbe material, à nudez de si. Pessoa fuga-se da sua soidade non indo cara os outros; a dirección da sua fuga é cara si mesmo.

Pessoa fuga-se entrando no labirinto. Pesquisa na sua alma e encontra-a confusamente prolixa. Sabemos que o la-

birinto é un símbolo antiquísimo da desorientación do home no universo, ignorante das leis que o governan. O poeta sabe-se extraviado, non coñece o camiño que o levará à salvación ou ao que desexa, ignora nebulosamente cal é o destino final do seu esforzo, de todos os esforzos. Mesmamente chega a pensar que é vácuo o seu interior. Non encontra nada que o xustifique no cosmos. Está vazio e disperso. É entón cando o poeta trata de ordenar ese caos interno, esa intención será esencialmente literária. E como de literatura se trata brotan, en consecuéncia, as personaxes, os heterónimos. O poeta recoñece-se diverso, encontra en si posibilidades de vidas diferentes às tediosas vixílias en Lisboa. Traballa arduamente nesa escura matéria e topa trozos de persoas que non son persoas, anacos de seres que configuran unha máscara.

O home profundo, o que medita nos mais áridos dos mistérios, o que reflexiona sobre a obscuridade das cousas e da alma humana, ese home sofre por non achar a resposta ao lacerante dilema. Todo o vastísimo repertório de sistemas filosóficos tentaron unha explicación para o enigma de ser e de pensar. A única certeza posível para o investigador sincero é manifestar que non hai resposta. As vagas taxonomias non lograron erradicar o enigma, somente parcelaron a nosa ignorância, non anularon a pergunta esencial: quen somos? Quen somos realmente, na nosa eséncia? Pessoa non achou sentido à sua existéncia. Para el era un arbitrário caos, un inasível vazio. Esa dúvida universal tamén foi aplicada a si próprio e entón surxe o descoñecimento de si, a posibilidade de ser vários:

> Eu vejo-me e estou sem mim,
> Conheço-me e não sou eu.

O poeta ve-se no espello da escrita, non encontra sentido ao seu ser. Contodo esa carénci a ocupa asimesmo o centro dos outros, porque: onde termina o *eu* e comeza o *outro?* Decerto non existe resposta satisfactória para esta interrogación apesadumada, como o di Pessoa:

> Por mais que uma alma se esforce por saber o que é outra alma, não saberá senão o que lhe diga uma palavra —sombra disforme no chão do seu entendimento.

Estamos diante de unha confesión atribulada: nunca poderemos saber quen é o outro, como tampouco poderemos saber quen somos. A nosa eséncia é inefável. A este problema ontolóxico acrescenta-se outro: o Tempo modifica o que percebemos. Pessoa contempla-se múltiplo: o que chorou onte unha desdita non é o mesmo que o que hoxe canta unha papoula ou é feliz contemplando o ouro da tarde na retina da muller amada; hai unha cisión entre ese que grita no porto e o que cala na profusa noite. Esa separación é ainda mais poderosa cando actua o Tempo: o que hoxe beixa esa muller non é o mesmo que o que mañá a volverá a beixar; ou, mais

ainda, o que hoxe beixa a muller non é o mesmo que o que hoxe beixa a muller. Heráclito acremente triunfa, a esfera do tempo doi.

Non convén deslumbrar-se por estas convulsas personalidades. O raivoso e exclamativo Ávaro de Campos; o pastor empírico Alberto Caeiro; o serenamente pensativo e vaziamente dono da expresión clásica, Ricardo Reis; o coxitabundo Pessoa, rector destas diásporas do espírito; toda esta cúmplice amalgama de procesos intelectivos exprimen unha única sensibilidade.

Pessoa está no labirinto, hai un distúrbio na sua alma. Nas curvas dolorosas do estraño camiño, nos menadros mais íntimos en que verifica a presenza de outro dédalo promíscuo, Pessoa perde-se en si, como Mário de Sá-Carneiro, como António Barbosa Bacelar que dixo, nun dos mais belos e comovedores versos que rexista a poesia portuguesa de todas as épocas:

Ando perdido em mim, como em deserto.

Nesa busca transida o artista acha, cria, camaradas imaxinários. Non existe unha Ariadna que o resgate do seu desorde ou, mais ben, esa muller redentora é a poesia que, polo menos, lle outorga bonanzosos éxtases. A literatura é un gozo difícil. Depois destas fatigosas incursións na alma e na palavra, Pessoa contempla a desazón, o deserto, o nada.

Eis unha obsesión axial na obra pessoana: o niilismo vital. O poeta portugués prodiga unha simboloxia de uso clásico e arcaico, fala da ascendéncia da vida como soño e do ser humano como sombra. Estes abatidos termos delatan a incapacidade da nosa mente para abranxer o cosmos, para explicá-lo. Asin Píndaro de Tebas manifestou (Pítica VIII, 53, a Aristómenes de Egina, vencedor na palestra):

O home é o soño de unha sombra.

Esta equiparación foi pródiga nos poetas españois do barroco, como en Quevedo, onde se une ao problema anterior o do Tempo, preocupación ética e metafísica:

Fue sueño ayer; mañana será tierra!
Poco antes nada; y poco después humo!

Tamén o coetáneo D. Luis de Góngora exprime, nun xa famoso soneto, con unha copiosa terminoloxia alegórica, idénticos conceitos. Elementos terrenos, a corrupción à que chegamos, o noso destino ontolóxico; todo se transmite no último e vetixinoso verso, depois da invocación ao deleite presuroso:

No sólo en plata o viola troncada
se vuelva, mas tú y ello juntamente
en tierra, en humo, en polvo, en nada.

Esta enumeración hiperboliza a nosa nadidade, o inútil que é determinar o noso fado, decifrar as enigmáticas vicisitudes da nosa alma. No final de todos estes desalentadores denodos

aparece, con evidente constáncia, o nada, o vazio. Pessoa non está isento de tais terminoloxias e promove con unción estes abismos do coñecimento. As nosas pesquisas sucumben no nada que é, como Deus, inimaxinável.

— *O Soño Doloroso*

Diante do infortúnio e da zozobra interior, o poeta azorado asume a via do soño como única evasión do labirinto, da sua impaciente cegueira. O que o soño é ainda non pode ser postulado en palavras irrefutáveis. A exacta noción do soño é unha indagación impensável; as comparacións que entraña, si. Deste modo a imaxe mais asociada ao soño é a morte. Un apotegma que figura no pedestal poético da língua castellana é este de Lope de Vega (que figura no soneto XCIX das *Rimas Sacras)*:

El sueño es una muerte, aunque fingia
que tiene como el sol tantos ocasoss.

O soño finxe ser a morte. Aqui reside outra obsesión integral en Pessoa: o finximento. Falámos antes de que o home é nada, que o poeta se observa vazio; agora o forxador retórico acrescenta outra dramática particularidade:

Tudo é nada, e tudo
Um sonho finge ser.

Ou sexa, o próprio soño é un finximento, unha simulación, unha máscara do viver lacerante, unha palavra poética.

A utilización reiterada do soño como metáfora indica a milenária coincidéncia entre as postulacións de Píndaro e Pessoa. O poeta portugués imaxinou outras vidas, viveu emocionalmente en outros seres; agora podemos precisar que soñou outras vidas e outros sentimentos; afinal sentiu-se triste:

Por que fiz eu dos sonhos
A minha única vida.

O soño non progresa, fica impertérrito nunha zona incomprensível do noso coñecimento. Dificultosamente poderemos conceber o que significa ese portentoso sortiléxio do espírito, esa criación absoluta onde estamos completamente sós e completamente olvidados. Porque o soño é un paulatino esquecimento e un território imutável. Fernando Pessoa renega da tirania da matéria e vindica o soño como realidade invulnerável e purísima, como pátria do poeta e morada do verdadeiro artista. Nesa incorruptível rexión o criador quer viver e amar e asin chega a dicer:

Quero-te para sonho,
Não para te amar.

Que comovida destreza e ductilidade enxendran estes versos! Platón ama a Pessoa desde o núcleo do poema. As perplexas carnalidades do mundo derrotan-se no soño. Nel somos espectros, mas espectros sofredores, nel volvemos sentir

a perduración do noso milagroso estupor. Eis a límpida supremacia do soño sobre a vida, os produtos da nosa alma dormindo aos do convívio tanxível. O soño é a obra, mas tamén un camiño de coñecimento. Antes falávamos da ignoráncia defronte das cousas do orbe, agora a sabedoria emana do soño:

> Tudo é ilusão,
> Sonhar é sabêlo.

O poeta parece achar-se satisfeito co seu novo estado onírico. Antes era un cárcere a vida, o sentimento; depois, fuxido a si próprio, o seu interior era un labirinto inescrutável e anódino; agora as arquitecturas do seu soño parecen ser unha grata residéncia para a sua persoa. Ora ben, Pessoa é un analítico precoz, a forza de analisar os seus pensamentos, vaziou-nos de sentido; a forza de sistematizar os seus sentimentos achou-nos insinceros; a forza de traballar metodicamente nos seus soños acabou por converté-los en cinza irredenta, en notório sen-sentido.

Aqui retomamos o tema da sinceridade pessoana. Até que ponto o que digo é sincero? pergunta-se o poeta de Lisboa; até que ponto son sabedor desta mentira? O poeta finxidor traballa cos vetustos artifícios da poesia, con ornatos retóricos; todo semella unha enganosa confabulación. A remota raizame desta sentenza parte da consideración da literatura como simulación (Aristóteles, *Poética* IV). O escritor está simulando o que escreve, portanto ha de ser necesariamente falso o seu contido, inexacta a sua plasmación. Algo de certo hai nesta hipótese. O escritor, se escreve do pasado, modifica ou enfatiza os sentimentos, altera as circunstáncias, elide todo canto é obxectivo. Estas arraigadas limitacións da escrita non deven impedir que a consideremos, no seu conxunto, como un produto real do espírito, como unha representación cuxas leis coñecemos. O proceso pode ser prescindido, o texto sobrevive ao autor. É lícito estimar como verdadeiro o que nel está escrito; a validez ética do que está fora da obra non pertence ao ámbito das letras, mas ao da conxectura ou da biografia (dados improfícuos, externos); o esencialmente directo é o texto, que é o veículo do autor, o desvalido fillo da sua alma, a el temos que ater-nos para avaliar a actitude que con palavras se nos comunica.

Pessoa angustia-se coa linguaxe, revisa o que escreve e nota nos nomes unha incapacidade para expresar o que realmente quer expresar. Esta insatisfacción é antiga e está na raiz da literatura e na palavra (non é necesário ir ao *Cratilo* de Platón nen aos estruturalistas modernos como Martinet e outros, para sabermos que a escrita obedece a unha necesidade e que, ao mesmo tempo, trespasa as zonas da utilidade e do psíquico para adentrar-se nun abismo insondável).

Falando, pois, do texto dos poetas, notamos desde antigo duas tendéncias: aqueles poetas que oferecen con extrema nitidez testemuños da sua sentimentalidade defraudada ou exultante (Florbela Espanca, Antero, Novalis...) ou aqueles que xogan cos afectos e as ideias, a paixón e a intelixéncia, o corazón e a mente. Cando Pessoa nos di con claridade:

Minha vida flui
Feita do que minto.

estamos perante un sofisma arcaico (se é certo que mente, o que acaba de dicer é unha mentira e portanto é verdade que mente, co cal se contradi; etc.).

O tema apresenta outra questión. Existe unha regra básica na literatura de todos os tempos (sen a cal os infinitos livros que a humanidade xerou serian inúteis) que di: quen escreve transmite a verdade ou o que cre verdade; o poeta, centro da sua literatura, é o mais puro emisário dos afectos e das íntimas desventuras. Eliminar esta norma prévia equivaleria a aniquilar o exercício literário. Porén isto non acontece con Pessoa, sabemos que a sua é unha meditación que admitimos como cabal, ainda dicendo que el mentiu anteriormente ou que a mentira abarca o seu próprio ser:

Sou de mim mesmo cativo
A mim mesmo minto.

O poeta está cautivo en si e mente-se para sair do seu dédalo. O soño parece ser a parte mentirosa do seu ser, mentres que a realidade é a verdadeira. Non obstante alguns dos seus soños non son mais que elaboracións do seu intelecto: a imaxinación. Decerto o leitor é quen imaxina o que o poeta imaxinou. A sua vez o poeta deveu finxir o que nos di, vexamos:

Visto da dor com que minto
Dor que a minha alma tem.

É nítido o verso: o poeta ten que simular unha dor através da palavra para que o leitor coñeza a dor auténtica do poeta, pois el sentiu-na con planxente constáncia. Afinal esa dor é verdadeira, o poeta non mentiu.

Estamos indicando que o poeta se encontra imerso no soño como fuga do mundo espiñento do seu "eu" indefenso. É no soño onde as categorias do "verdadeiro" e do "falso" carecen de sentido; as lindes que as dividen non perviven: unha mazá pode ser un puñal, podemos atravesar unha parede, a morte non existe. Estamos diante de unha explicación poética: o soño xustifica esta dispersión das realidades, difumina os consabidos contornos do "eu"; é a abolición do certo e do falacioso, o mundo oscila inconcretamente. Desta vaga estirpe nasce o discurso poético de Pessoa, unha edificación do soño, unha soidade verbal.

Como consecuéncia do antedito obtemos a seguinte postu-

lación: a primazia da literatura sobre a vida. Dicia Mallarmé que a vida existe para ser un livro, para ser matéria literária (algo que acontece na *Ilíada,* cando se nos di que os deuses tecen as nosas desditas para que o poeta teña algo que cantar). Non é de estrañar que o poeta manifeste con raciocínio pasional:

> "Há metáforas que são mais reais do que a gente. Há imagens nos recantos de livros que vivem mais nitidamente que muito homem e muita mulher. Há frases literárias que têm uma individualidade absolutamente humana" *(Livro do Desassossego,* páx. 33, I).

A literatura permite estas metamorfoses. Flaubert dixo, nunha célebre carta, que havia un ponto en que el era un dia de campo, os protagonistas e a carroza en que estes ian, as ervas, e o dia inteiro. Mais que panteismo trata-se de que o soñador é o soñado. O paralelismo con Flaubert impresiona:

> "Sim, sonhar que sou, por exemplo, simultaneamente, separadamente, inconfusamente, o homem e a mulher de um passeio que um homem e uma mulher dão à beira-rio. Ver-me, ao mesmo tempo, com igual nitidez, do mesmo modo, um navio consciente num mar do sul e uma página impressa de um livro antigo" *(L do D,* páx. 34, I).

É a aspiración máxima do criador. O novelista, nun caso; o poeta, noutro; ser todo nun plano simultáneo, este prodíxio opera-se ou porque todo é un soño ou por un misticismo criativo, unha espécie de deificación do escritor, criador absoluto de todo, espello en que se miran as cousas criadas, os seus fillos múltiplos e mínimos.

Apesar desta suposta bonanza existe unha ferida incesante: para que o poeta sexa todo (ou porque o poeta é todo) no seu fundo ha de ser nada. Esta dolorida aseveración aparece xa en Hazlitt cando afirma: "Shakespeare parecia-se a todos os homes, excepto no de parecer-se a todos os homes. Intimamente non era nada, mas era todo o que son os demais, ou o que poden ser". Eis a dor de novo, a vacuidade. Borges ten un estudo (ao que pertencen estas citas) intitulado de *Alguien a Nadie,* isto é, do home a Deus. Pessoa preconiza a total insciéncia e vazios persoais cando di:

> Entre espaços
> Cujo sentido é nulo
> E sem ser nada a nada.

Non hai nengun ser humano que non sentise algunha vez esta dor ancestral. Pessoa tamén tivo esta amargosa sensación, soubo que a vida é un soño, como dixera Calderón no seu drama notável; soubo que a fugacidade do tempo fere o espírito de calquer persoa meditabunda e sagaz. Propércio e Horácio lamentaron-se de dores similares. Pessoa pode ser todos os homes porque non é nengun, é un soño, un espectro de si próprio. Dolorosamente observou que o que soña tamén fenece, que o fantasma tamén é perecedeiro:

Eu já não sou quem era;
O que eu sonhei, morri-o.

Habitar o nada, ser ese nada deplorável. Cando este vazio se preenche nasce o teatro, a máscara do actor que representa alguén que non é. Esa máscara é extensível a toda actividade humana para Pessoa:

"Tudo quanto fazemos ou dizemos, tudo quanto pensamos ou sentimos, traz a mesma máscara" *(L do D,* páx. 184, II).

Alonso Quijano desexa ser un cavaleiro andante, Sancho o governador de unha illa. O artista necesita de igual modo esa mutación, acabar sendo outro. Algo patético acontece cando o poeta de Lisboa se contempla desprovisto deste eventual disfarce e non é el o que reflecte o espello; cando a máscara se fai fibra do rosto, inescindível obxecto de si:

"Só disfarçado é que sou eu" *(L do D,* páx. 89, I).

Somente a profunda máscara fai que caduque a representación mais espectral e diária. Só através do rosto oculto este se nos amostra como é. Que esconde a máscara? Que hai detrás da sua aparéncia ilusória? O disfarce veda-nos algo, mas tamén nos expón a sua realidade. O escritor que afirma que está ocultando o seu rosto verdadeiro amostra o rosto verdadeiro. É un sentimento luxurioso tratar de averiguar o que reside detrás da verdade; é mais pesaroso intuir que non hai nada, sofrer na pele da alma ese vazio que nunca será enchido.

Joseph Addison *(The Spectator,* núm. 487, Londres, 18 de Setembro de 1712) di que a alma humana, cando soña, desembarazada do corpo, é à vez o teatro, os actores e o auditório. Fernando Pessoa agregou con asombrosa analoxia a este pensamento en *O Livro do Desassossego,* a tese de que el era o espectador e o que estava contemplando e, ao mesmo tempo, o autor de toda a representación. Neste veneno inevitável transcorre toda a literatura do escritor portugués. A máscara mais esencial que utiliza Pessoa é a escrita, porque a palavra, a literatura, son máscaras que mal ocultan a verdadeira face da desolación e do sentir. Pessoa introduciu-se no soño de si, na sua literatura, fixo-se personaxe de si mesmo. O milagre acontece cando nós entramos no soño do poeta, cando somos espectadores da sua dilatada desazón.

Muitos escritores compararon a sua vida con un livro, ou calquer estado da alma con el. Fernando Pessoa desexou non ser un livro, mas unha mera parte del, unha figura, unha difusa presenza verbal, unha máscara mínima, a escrita; máscara que amou e coa que elaborou a sua entrañável visión do universo, solitário e tímido, paradoxal, enormemente fértil:

Fosse eu uma metáfora somente
Escrita nalgum livro insubsistente
Dum poeta antigo.

Comovedor desígnio o dos poetas! Por un lado o artista procura a eternidade, por outro rexeita-a livrescamente. Na eterna espesura do ser Pessoa non encontrou o coñecimento nen o descamiño, achou a verdade na auséncia da certeza, no rumor inocente do "eu" na infáncia. Pessoa furta-se a nós. Artífice de pensativas exortacións ao vazio; nos estritos vencimentos da paixón; na compacta escasez de si próprio; nas virulentas etimoloxias do desasosego encontramos os matizes da derrota infinita. Silente abismo o de Pessoa; na sua tristeza nupcial perceberemos a cicatriz do monólogo. Pessoa pervive e non sabemos quen foi. Quen se pode recoñecer se se é sombra, sillueta opaca e indecifrável, borrosa escuridade? O seu destino foi soñar-se e soñar-nos, descoñecer-se e descoñecer-nos. O seu parentesco é, pois, o da sombra, o dos actores e escritores dramáticos. El foi, misteriosamente, catro. Ainda hoxe non sabemos a cal deles lle chegou a postrema chamada da morte, esa estraña máscara; quen dos catro que foi xaz desde o 30 de Novembro de 1935 nun populoso cemitério de Lisboa, perto de un mar disgregável e íntimo.

ROMÁN RAÑA LAMA
Vigo

SOBRE OS ANTECEDENTES ARTÍSTICOS DA CARICATURA E O DIBUXO DE HUMOR

O PALEOLÍTICO

Sabemos que as primeiras manifestacións das artes plásticas, como as da maxia, foron unha resposta ás necesidades vitais do home prehistórico.

Aguilloado pola fame, pola crudeza do clima e polos múltiples perigos, o home das cavernas tentaba influir na caza, na pesca, na recolleita dos froitos e en todo canto constituía para el unha necesidade permanente, por medio dun ritual máxico, íntimamente vencellado á representación gráfica.

Porque o home prehistórico somentes podía aspirar a conservar o perceptíbel no presente, mediante un signo. Únicamente podía superar a causalidade directa ao traveso da imaxe. Así naceu todo un sistema de símbolos, que hoxe coñecemos polos abondosos achádegos das cavernas.

Énos imposíbel sinalar o longo proceso creativo que seguíu o home do paleolítico, para chegar desde aqueles primeiros riscos inintelixibeis deica a figuración naturalista.

Dun xeito simplista tense comparado este camiño artístico andado polo home das cavernas, co dos nenos de hoxe. Según esta teoría, o home prehistórico, como os nosos nenos, pasaría por unha etapa de garrapateo, á que seguirían outras de representacións esquemática, vitalista e, derradeiramente, a naturalista.

O certo é que a pesares das semellanzas que con máis audacia que rigor poidamos descobrir entre unha e outra pinturas, estamos ante unha hipótese que non se sostén. Entre outras razóns, porque nas pinturas rupestres non coñecemos esa "etapa esquemática" fundamental no proceso do neno, nin o "naturalismo" é posterior á representación "estilizada", senón que ambas aparecen a un tempo e poden darse na mesma pintura.

Especúlase conque os dous estilos sobranceiros —o do *naturalismo vitalista* e o da *estilización,* practicados decote polos mesmos artistas— viñeron determinados polos intentos de representar "a imaxe percibida" e "a sensación experimentada", respectivamente.

O primeiro destes estilos —que Herbert Read en "Imaxe e idea" chama *imaxinista*— aplicaríase na representación do animal a cazar; aquel que constituía o botín obxetivo. O rea-

lismo viría obrigado polo feito demostrado de que un retrato fiel é absolutamente necesario para conquerir un fin máxico.

O outro estilo —o que Read denomina *sensualista*— aplicaríase á figura humana que representa a cazadores e danzantes, explicándose as deformacións que neles se observan, como intentos de expresar o movemento e as sensacións que este produce.

Son, sin dúbida, opinións ben argumentadas e con moita probabilidade, atinadas.

Pero o que sí podemos afirmar, deixando á marxe as posibeis motivacións do home prehistórico e fixando a nosa atención na pintura como obra en sí, é que sin deixar de ser *naturalista* é tamén unha pintura *de síntese*.

Máis aínda; en rigor habería que falar de dibuxo e non de pintura, poisque as máis das veces estamos ante unha arte liñal. Unha arte que se limita a recoller o contorno das figuras, e que cando se trata de animais, represéntaas sempre de perfil. En calquera caso, sexan figuras estáticas ou en movemento, o deseño recollerá únicamente o definitorio.

De ningún xeito pode pensarse que este recurso ás formas máis sinxelas sexa consecuencia dunha falla de habelencia do autor. Pola contra, desde a perspectiva artística, esta aprehensión do verdadeiramente significativo supón un notábel dominio do dibuxo, que se explica polo obrigado exercicio da reprodución de imaxes eidéticas, que en sí mesmas son unha selección das formas máis representativas.

Podemos pois resumir o devandito nos seguintes puntos:

— O home do paleolítico percura nos seus deseños a meirande semellanza coas figuras dos animais que representa.

— Aínda que as imaxes poidan estar cheas de cor, en xeral a súa arte é liñal e ven caracterizada pola economía de riscos.

— O home do paleolítico carece de pantasía. Nada inventa.

— Ten, en troques, unha podente maxinación que lle permite aprehender con fidelidade as liñas esenciais dos seus modelos e chegar a creacións tan orixinais como a do bisonte de Altamira.

— Ben porque a teimosa reprodución de imaxes eidéticas lle dera unha certa habelencia, ben porque conscientemente tentara crear imaxes doadas de lembrar —imaxes mnémicas— o que define a arte do home do paleolítico é a súa capacidade de evocación ao traveso da síntese e da simplicidade.

— Na figura humana non tenta a representación fiel, a semellanza, senón que en tódolos casos recurre a imaxes estilizadas, sinxelas e dinámicas, que recollen con acerto o movemento e as actitudes propias da caza ou da danza.

Quédanos unha cuestión marxinal, pero apaixoante e po-

lémica: ¿Percuraba o home do paleolítico un resultado estético?

Os máis dos científicos estudiosos da arte rupestre din que non, e afirman que ao home do paleolítico soio lle preocupaba a imaxe como símbolo ou como tótem. De ahí que tentara obter "a imaxe máis vital" e chegara a un certo grado de estandarización.

Un caso tan abraiantemente estético como o do bisonte de Altamira non é máis que unha visión particular, pero imaxe vital ao fin, do animal, nunha actitude natural e non das menos comúns que este pode adoptar. Estamos pois ante unha imaxe que rompe co arquetipo do bisonte, pero na que o autor tivo como único fin a captación da vitalidade.

Coido que moi poucos artistas aceptarán esta descalificación do home do paleolítico por insensíbel á estética, e, sobre todo, que den por bon "o fin útil" da captación da vitalidade en Altamira.

Desde a perspectiva artística, o lóxico é pensar que non tódolos homes e mulleres do paleolítico pintaron, dibuxaron ou grabaron imaxes de animais nas paredes das cavernas, senón que esa foi tarefa de especialistas, dos homes e mulleres máis dotados pró exercicio artístico na comunidade. E aínda nestes artistas haberíaos uns máis habelenciosos e creativos que outros, ata xurdir o decorador xenial de Altamira, que viría a ser un Picasso do seu tempo.

Aparte de que a mesma selección supón xa unha concienciа estética na comunidade e, naturalmente, maior aínda no especialista, non é doado aceptar que ese romper cos modelos estandar en Altamira sexa únicamente un intento de recoller con máis fidelidade a figura vital do bisonte, para que a maxia resulte máis efectiva. Non é doado aceptar que o pintor aproveitase as irregularidades do teito para obter efectos de volume, que creara esa armonía esplendorosa de liñas e cores, sin a máis mínima preocupación estética.

O NEOLÍTICO

A arte do neolítico nada aporta na representación de figuras humanas e de animais, porque o que caracteriza a esta segunda etapa da prehistoria é a aparición de deseños xeométricos, que representan unha superación da imaxe eidética para dar paso á creación inventiva. Xa non estamos ante unha imaxe "copiada", senón ante unha imaxe "transformada".

O home do neolítico, no intre da creación artística, posúe maxinación e pantasía.

Para adentrármonos no significado destas solprendentes abstraccións xeométricas, temos que recurrir de novo á especulación.

Pode que teñan outra finalidade que a meramente ornamental. Poidera ser que o home do neolítico percurase unha linguaxe segreda para se comunicar coas forzas sobrenaturais, e que cada risco, cada forma, teña un significado simbólico.

Pero cinguindo a nosa atención á imaxe como creación artística, reparamos en algo que xa Max Raphael sinalara no libro "A cerámica e a civilización prehistórica en Exipto", ao disterar sete características peculiares do estilo xeométrico neolítico, entre elas a da "síntese" e a da "simplicidade".

Así é; *síntese* que reflexa a vontade de crear unha unidade visual a partires dunha multiplicidade de elementos, e *simplicidade* que indica a vontade de construir estructuras complexas cuns poucos elementos.

Velahí as mesmas capacidades de síntese e simplicidade que xa víramos no home do paleolítico, aplicadas a esta nova forma de arte.

Mais o exercicio da abstración xeométrica permitiulle descubrir ao artista do neolítico elementos estéticos como a simetría, a asimetría, as liñas recta, crebada e curva, o ángulo, a proporción dimensional, a composición, etc.

Aparte de que todos estes achádegos representasen un crecemento da sensibilidade estética no home prehistórico, e que —caso de non estar descoberta na etapa anterior— supuxeran o descobremento da beleza —se non como o ideal humán que hoxe concebimos, sí como "estructuración armónica" do caos aparente—, o conxunto do novo coñecemento tivo enorme importancia no desenrolo da arte figurativa que estaba a agromar co ser humán como protagonista sobranceiro. Primeiro sería o home en abstracto; despois o home como individuo.

EXIPTO

A figura humana

Xa no Imperio Antigo aparecen fixados os cánones de representación da figura humana, o mesmo nas proporcións (véxase figura 1), que nas actitudes e cores.

Desde o punto de vista da estilización, o que máis sorprende na arte exipcia é a armonía conquerida nas figuras pintadas ou grabadas, en base ás dimensións e vistas parciais de frente e perfil. Difícilmente poderemos maxinar outra composición máis audaz e máis belida que as de esta arte cha, liñal e sintética.

Se na arte paleolítica a tendencia á simplificación foi unha práctica funcional, e pode defenderse o argumento da "imaxe vital" como única finalidade, agora xa non é posíbel cuestionar que simplificación e síntese están orientadas cara unha finalidade estética. Estamos ante un estilo nidiamente idea-



Figura 1.—Canon de proporcións

lista, que fuxe do naturalismo e adiántase en milenios ao cubismo.

Pero ao pintor ou grabador exipcio non lle preocupa únicamente o conxunto da obra, senón tamén os máis pequenos detalles. A representación dun peiteado sofisticado, de dedos e unllas, dos plegues das roupas, do feitío enguedellado das xoias..., constituíu un problema en cada caso. A resolución destas cuestións con fórmulas máis sinxelas e estéticas cada vez, proporcionou un coñecemento que permitíu a evolución artística coa aparición de formas novas nos Imperios Medio e Novo, mediante unha grafía simplemente insuperábel.

Os relieves en caliza que decoran o sartego da princesa Kawit (Imperio Medio), e o templo de Atón en Tell el-Amarna (Imperio Novo), demostran o dominio verdadeiramente abraiante, conquerido polos artistas exipcios neste eido (véxanse figuras 2 e 3).

No chamado "estilo xeitoso", que se produce no Imperio Novo, durante a dinastía XVIII, aparecen figuras pintadas que rompen os cánones establecidos, e así podemos ver nas pinturas do túmulo de Nebamón, unhas bailarinas en movemento e mozas flautistas co rosto completamente de frente. A tendencia idealista da arte exipcia interrómpese neste tempo para dar paso a unha arte expresionista moi ricaz, pero de corta duración.

Se na pintura e no relieve os exipcios representaron a figura humana en abstracto, na estatuaria percuraron a semellanza física co modelo a partires do mesmo Imperio Antigo, se ben dentro dunha forte tendencia á idealización. E para que non houbera dúbida de que a estatua era o doble máxico do morto, inscribíase o seu nome na base ou no asento da estatua.

Xa no Imperio Medio a estatuaria presenta unha vontade de análise realista, e os rostos móstranse nidiamente individualizados. Aquela solemnidade cáseque divina das esculturas do Imperio Antigo desaparece para darnos a humanidade do modelo.

Pero será no Imperio Novo cando a arte do retrato acade unha madureza total e xurda un naturalismo exhaustivo, presentando cada busto, cada estatua, un estudio completo dos riscos fisonómicos do modelo. Ao longo da dinastía XVIII prodúcense retratos nos que o artista chega a acentuar na pedra, na madeira ou na arenisca, os riscos característicos do modelo, á percura dunha expresión fixa e esaxerada, que dera "espiritualidade" á materia. Un claro exemplo é o busto da raíña Tiyi, no 1370 a. X.C.

Comentario aparte merece a arte que agromou con Amenofis IV, coñecido máis tarde por Akhenatón, quen abandonou Tebas e creou un novo pazo en Amarna. A arte *amar-*



Figura 2.—A princesa Kawit peiteada por unha serva. Imperio Medio. Dinastía XI. 2040-2010 a. X.C.

nense constitúe un verdadeiro enigma polas deformacións que presenta no tratamento da figura humana, sobre todo do propio faraón, con evidentes formas femeninas, explicadas por algúns especialistas como deformidade patolóxica —en cuxo caso as figuras serían copias realistas—, e por outros como representacións de carácter relixioso que simbolizan a encarnación no faraón do divino Atón, pai e mai a un tempo. Os máis audaces chegan a interpretalas como "a expresión

Figura 3.—Akhenatón, Nefertiti e unha princesa presentan ofrendas a Atón. Imperio Novo. Dinastía XVIII. 1335 a. X.C. Obsérvese como as liñas rectas e crebadas da figura 2 trocáronse en curvas e onduladas

artística da súa tolemia temporal, causada por unha tensión espiritual" (W. Wolf) (véxanse figuras 3 e 4).



Figura 4.—Perfil dunha estatua de Akhenatón. Exemplo da arte amarniense

Se ben é certo que neste tempo abondan as imaxes nas que a mantenta se produciron deformacións que van desde a estructura craneal á curva do nariz, ou desde o grandor dos ollos e beizos á redución ou prominencia do queixo —sempre dentro da máis requintada estilización e co recurso das formas máis simples e puras—, pódese afirmar que os exipcios non coñeceron a caricatura persoal nin o dibuxo choqueiro na representación da figura humana. Non porque a deformación esaxerada do rosto puxera medo ao artista exipcio, afeito ás orellas enormes que a tradición pictórica e escultórica presenta, senón porque na síntese e na estilización viron o camiño para acadaren a beleza ideal.

Imaxes de animais

A representación plástica de animais —extraordinariamente ricaz en Exipto— seguíu un camiño evolutivo parello ao da figura humana, se ben chegou a un *modernismo* impensábel na representación de homes e mulleres.

Se no Imperio Antigo as imaxes de animais, utilizadas como símbolos, presentan polo seu hieratismo e síntese de elementos a monumentalidade propia das imaxes do faraón; se no Imperio Medio adquiren un feitío máis sinxelo e novas actitudes na representación; serán as liñas vibrantes das pinturas realizadas durante a Dinastía XVIII, no Imperio Novo, quen ofrezan unha arte orixinal con figuras en movemento e gran forza expresiva (véxase figura 5).

A cacería no deserto, pintada sobre caliza no túmulo de Userhet, en Tebas, no 1430 a. X.C., consta de dúas partes doadamente diferenciabeis estilísticamente:



Figura 5.—Perfil dalgúns dos animais pintados na tumba de Userhet, Tebas. Imperio Novo. Dinastía XVIII. 1430 a. X.C.

A figura do cazador e o carro de cabalos están na tradición pictórica exipcia, en canto á figura humana. Nin o carro anda, nin o cabalo agallopa, nin o arqueiro dispara. Non existe o movemento; non hai vida nesta parte do conxunto.

En troques, tódolos animais que fuxen ou se revolven feridos polas flechas están dramáticamente vivos e representados en plena carreira. Non é posíbel maior expresión con menos liñas. Eliminado o superfluo soio queda *o expresivo*. Estamos, pois, ante unha auténtica *caricatura*, no senso estricto que esta arte adquiríu a comenzos de século.

De contrastes menos acusados é outra fermosísima pintura que representa a caza de aves con bastón, no río. Tamén da Dinastía XVIII e do 1400 a. X.C., apareceu no túmulo de Nebamón, en Tebas, e nela abondan paxaros, volvoretas e peixes moi xeitosos, resoltos coa técnica da caricatura.

Pero o mesmo que no caso anterior, tampouco as figuras humanas nin as prantas e froles posúen alento vital. A estilización non percura nestes casos a semellanza extrema co medelo, o realismo máxico ou o hiperrealismo, que permite a caricatura. Non é máis que unha solución atinada a un problema de estética.

Non é soio na pintura onde podemos atopar imaxes caracterizadas pola presentación esaxerada do esencial, por medio das formas máis simples. Tamén na escultura e aínda na orfebrería podemos sinalar casos semellantes. O gato que representa á deusa Bastet, realizado en Bronce durante a dinastía XXV ou XXVI, é un dos máis fermosos (véxase figura 6). O pectoral procedente de Dahshur, que data da Dinastía XII no Imperio Medio e pasa por ser elaborado por enanos, é unha fermosísima xoia de ouro e pedrería, na que a representación do ceo por un abutre en voo, constitúe un verdadeiro alarde de técnica e arte. Pola armonía de liñas, cores e materiais, non cabe pensar nun abutre máis estilizado e expresivo.

Se sorprendente é o grado de perfección acadado polos artistas exipcios na representación naturalista dos animais, por medio da estilización expresiva, non o é menos o dominio que adquiriron na creación de imaxes cómico-humorísticas, o mesmo na pintura que na escultura.

Velahí o hipopótamo de alabastro, de feitío tan actual que parece saído dunha película de dibuxos animados. A peza, duns 30 cm. de lonxitude, ten no seu volume unha gracia que a liña do perfil non reflexa (véxase figura 7). Data do período da unificación, polo que foi feito hai cáseque 5.000 anos.



Figura 6.—Perfil do gato sagrado da deusa Bastet. Bronce. Altura 21 cm. Dinastías XXV ou XXVI. Séculos VII ou VI a. X.C.



Figura 7.—Hipopótamo de alabastro. Lonxitude 32 cm. Período da unificación. 3000 a. X.C.

Máis coñecida é a extrana parella formada polo león con evidentes signos femeninos e un cocodrilo, que camiñan ergueitos —o cocodrilo ao lombo do león—, ridentes e divertidos, coa expresión de dous pillabáns que voltan dunha esmorga (véxase figura 8).

En realidade forman parte da representación do ceo nocturno, no teito abovedado da cámara funeraria de Seti I, en Tebas, no Imperio Novo, Dinastía XIX. Data pois, do 1300 a. X.C.

A pesares da súa espectacularidade, non estamos ante dous casos excepcionais. Estilizacións cómicas ou humorísticas abondan en grabados e pinturas de templos ou cámaras mortuorias, así como en aparellos diversos. É o caso de dous leóns grabados no mango dun coitelo (3000 a. X.C.); o león e o can nun amuleto feito dun colmillo de hipopótamo (1790 a. X.C.), etc.

En definitiva, este viaxe bulideiro ao traveso dos séculos para defrontármonos coa arte exipcia, permítenos comprobar que os antecedentes da moderna caricatura e do dibuxo de humor, son moito máis antergos do que unha análise superficial poidera facernos supoñer. Non hai dúbida de que quen queira realizar un traballo rigoroso neste eido tan apai-



Figura 8.—Pintura no túmulo de Seti I, en Tebas. Imperio Novo. Dinastía XIX. 1300 a. X.C.

xoante e pouco coñecido do mundo da Arte, terá que adicar tempo e páxinas á obra daqueles maravillosos artistas —en gran parte anónimos— do imperio exipcio.

SIRO
A Coruña

NATUREZA, NACIONALISMO, ESPERANZA
(e unhos apuntes sobre D. Ramón)

I

Foi Lukacs quen no seu *Historia e conciencia de clase* revisitou a Hegel para, entre outros obxetivos, chamar a atención sobre o tema da extrañación "Cuestión central da crítica cultural que estudaba a situación do home no Capitalismo do presente" asegún a aserción do proprio filósofo húngaro. Tal tema constitúe tamén, como se sabe, parte do horizonte de problemas da filosofía de Heidegger.

Para a intención que nos guía aquí é de interés reproducir unha frase do prólogo, crítico coa súa propria obra de mocedade, que Lukacs escribeu con motivo da edición en español de *Historia e conciencia de clase* en 1967: "Só cando as formas obxetificadas da sociedade cobran ou asumen funcións que contrapoñen a esencia do home coa súa existencia, someten a esencia humana ao ser social, defórmana ou esgázana, etc., prodúcese a relación obxetivamente social de extrañación e, como consecuencias necesarias, todas as características da extrañación interna".

Efectivamente, máis alá de que isa "sumisión da esencia humana ao ser social" esteña diseñada —o mesmo que o tema heideggeriano no esquencemento do ser pola metafísica occidental— sobre o fondo da problemática inaugurada por Max Weber, da racionalización do mundo debe reflexionarse o que supón a contraposición entre a NATUREZA humana e a falsa existencia social.

Un dos fíos que nos leva polo carreiro do Romanticismo Alemán é aquel que, atravesando por Hegel, nos retrotrae a Schiller e a toda unha tradición, que, incluindo a Rousseau, ten unha moi diversa tomada de posición respecto da Natureza no seu conxunto daquila outra, tamén de moito aboengo, que non pensa nela senón como obxeto de dominación tecnolóxica [1].

Schiller, realmente, liga a perda da Natureza co carácter artificial da vida moderna e, con toda a forza, retrata o ideal que para os clásicos portaban os gregos dunha vida íntegra,

[1] Esta última é a que foi mentada por Heidegger ao referirse ao proceso —no transcurso do cal é notábel a inflexión cartesiana— de "Subxetivación do Ser".

serena, rexida asegún leises proprias: "A necesidade interior, a unidade eterna con un mesmo". Para Schiller, que comprende xa a sentimentalidade da conciencia dividida, os obxetos da natureza "Son o que nós fumos; son o que debemos voltar a ser".

Iste sentimento —de saudade do orixinario— é o que late nos textos de Lukacs e Heidegger. Mais o importante é facer notar como, a traveso desta afección romántica, ábrese paso nun pensador materialista, un concepto naturalista da esencia humana que, asegún a idea da extrañación, ve agredida a súa interioridade pola falsa existencia social (no capitalismo caracterizada pola omnipresente lei da mercancía).

Tal naturalismo nasce, xa que logo, como consecuencia da esixencia de auto-realización da esencia humana e como producto mediado da crítica ao todo social que aparece fetichistamente como segunda natureza —inamovíbel na súa solidez—. O concepto de Natureza aparece claramente, en Lukacs, como símbolo do non cousificado; como símbolo tamén, do que ten que voltar a non selo.

Ou dito por outras palabras: O concepto de Natureza como valor aparece, en Lukacs, moi hegelianamente, como verdade escatolóxica no outro extremo da afirmación dun suxeto —obxeto mesiánico que consúmase ó final da historia mediante a negación absoluta do todo existente [2]. O proletariado liberando á natureza externa ca súa cousificación recuperaría para a natureza interna a armonía perdida.

Así, o filósofo húngaro que polo demais, non deixou de sinalar a relación entre a fragmentación da interioridade humana e a división social do traballo, consecuencia obxetiva do proceso de racionalización do mundo, vencellou a liberación da fragmentación represiva da interioridade humana á realización da unidade do suxeto-obxeto.

E, se acaso, nada haxa que obxetar... salvo o perigo, indubitábel á luz da experiencia histórica, de que isa totalidade final, trasunto do suxeto absoluto hegeliano, esqueza o suxeto empírico, individual, e tamén outros suxetos —como as identidades nacionais que se perfilan como os ineluctabeis perdedores expulsados, pola represividade dominante, as márxenes da Historia.

Pois non cabe dúbida de que isa idea fulgurante —a da vindicación da Natureza como consecuencia da vindicación ao espírito— corre o risco de voltarse unilateral e abstracta e sacrificar na ara da Historia os dereitos dos suxetos empí-

---

[2] Como se sabe Lukacs abandonou despois de "Hecc" a idea dun suxeto-obxeto idéntico que se realiza no proceso histórico.

Non obstante un suxeto-obxeto que construise a súa identidade no diálogo e no respeto ás diferencias cualitativas non semella unha utopía tan perversa como certos críticos contemporáneos supoñen. Ao menos, non necesariamente.

ricos e os espíritos nacionais. Dito con toda seriedade: non debería esquecerse en beneficio do mantenimento dunha utopía emancipatoria que, como insisteu Adorno, o sofrimento é físico nen tampouco que, mentras existan espíritos nacionais oprimidos, non pode esquecerse o Nacionalismo.

Marcuse[3], mesmamente, seguindo unha xinea de pensamento semellante na súa raíz instou, mediante unha reinterpretación filosófica de Freud, a asumir tamén ise Naturalismo. A traveso da defensa dos dereitos das pulsións básicas —Eros, Thanatos— e da denuncia da sobre represión imposta artificialmente polas sociedades represivas (máis alá da necesaria para a perduración do lazo social), Marcuse seguiría a senda aberta por Lukacs.

Do mesmo modo as identidades nacionais adquiridas no devalar de séculos por mor dunha complexa configuración asentada no terreo do Histórico-Natural ven agredidas as súas potencias por signos heterónomos provistos polos países vencedores. A racionalización do mundo reprime, a traveso diles, a subxetividade individual de cada membro da colectividade nacional e, con elo, sustitúe a cualidade dunha cultura integrada pola violencia dunha civilización falsamente cosmopolita.

II

E é que, efectivamente, o que para Hegel era o portador e o suxeto da Historia, o "Volkgeist"[4] foi progresivamente opacado e esquencida a súa misión histórico-universal para traer á luz e conferirlle aquela función liberadora ao proletariado.

Esta transición, naturalmente, xa ten lugar con Marx mais non, por certo, dun xeito exento das condicións dun proceso gradual. Na "Introducción á crítica da Filosofía do Dereito de Hegel" o recurso ao proletariado aparece como a obriga, por parte de Alemania, de aiarse con unha forza universal, como ela mesma o era, para facer unha revolución Universal como a que solicitaba implícitamente, in nuce, a filosofía de Hegel.

Como escrebe Francisco Rubio Llorente "O recurso ao proletariado e o entendemento da súa esencia aparecen así en Marx (...) simplemente porque a radical Alemania precisaba dun aliado igoalmente radical".

Seña como for o certo é que tal sustitución do suxeto histórico consúmase. E, de Marx en diante, tende a identificar-

[3] Traemos aquí a colación a este autor, tan representativo da ideoloxía dos felices 60 para facer notar o destino das súas teses neste tempo de renuncias.

[4] Cuxo sentido político consistía en postular o factor espiritual como rasgo determinante da unidade alemana nun momento en que Alemania constaba de arredor de trescentas soberanías.

se, polo menos no marco europeo, a era clásica da burguesía emerxente ca era en que a vindicación da idea Nacional revestía un carácter progresista. Deixando ao lado o feito de que tal vulgaridade sole identificar a Nación constituida histórico-culturalmente ca Nación entendida como mero seudónimo de "vontade xeneral" e, por tanto, coa Nación entendida como mera institución xurídico-política (en principio super-poñíbel ás máis diferentes realidades nacionais como, mesmamente, en Francia) e deixando ao lado que é demasiado fácil a ecuación burguesía-atraso, está claro que isa sustitución tendeu a declarar a loita de clases como a verdadeira realidade, a realidade no seu máis alto degrau —e á Nación, pola contra, mera apariencia como unha botella que se puidera encher, alternativamente de contidos "progresistas" ou "reaccionarios".

Privábase así, dende a tradición marxista, de calquer carácter de sustancialidade a idea e a realidade das nacións e cerrábase, igualmente, a posibilidade —dada a influencia disa tradición mesmo extramuros— de que o esforzado traballo do concepto laborase nisa dirección.

Máis, lóxicamente, o que existe ónticamente tamén se abre paso, polo seu proprio dinamismo, para solicitar unha comprensión ontolóxica. E xustamente esto foi o que pasou a traveso do filtro da problemática da extrañación. E é que isa comunidade armónica, integrada que Schiller añora nos gregos e que en Lukacs ten un valor positivo de resistencia á homoxeneización cousificadora, é parente próxima da idea de Nación entendida como totalidade cosmolóxica, cualitativa, e mediadora entre a radical individualización mercantilizante impelida polas modernas sociedades industriais, dunha banda, e o carácter indiferente, calculístico, cuantitativo e falsamente abstracto de isas mesmas sociedades, pola outra.

O radical alleamento das nacións que foron vencidas responde, neste sentido, á mesma orixe do non menos abraiante alleamento dos individuos. A lei da mercancía é a verdadeira segunda natureza das sociedades modernas. Ela funciona, verdadeiramente, como única sustancia a partires da cal hai que explicar os diferentes atributos —ou falla diles— da época presente.

Os foucaltianos, micro-poderes socialmente diseminados en redes de mallas en continua transformación, tamén a el rinden culto.

Moitas veces tense, inspirándose no Freudismo, denunciado ás nacións como seudo-seo materno e ás ideoloxías nacionalistas como a manifestación do desexo infantil, inmaduro de retorno ao líquido amniótico, ao nirvana. A Nación como cápsula protectora sería, por iso, responsábel da abdicación da conciencia e a intelixencia que ela posibilitaría. Nada hai

que dicer a este argumento salvo que el vale, sobretodo, para o caso dos países vencedores e, particularmente, cando teñen que medir a súa arrogancia no exterior. Nos países derrotados o nacionalismo máis que nirvana tende a convertirse en desesperación.

Mais hai outro sentido en que o nirvana adquire outra significación. Este consiste no reproche, que tamén se lle fai ao nacionalismo, de representar unha tendencia romántica, roussoniana, de nostalxia do estado natural. Tal reproche sona, non obstante, a falago porque quen o realiza tende a situarse como apoloxeta do máis que penoso progreso establecido. O Holderlin que poetiza o retorno á Patria insérese tamén nisa tradición romántico-clasicista que precisamente parece oportuno vindicar á vista do desastre contemporáneo.

O nacionalismo como vindicación da natureza é o que aparece aquí. E el conecta ca idea —no límite místico-escatolóxico— de un Bloch ou un Walter Benjamín da rendención da natureza porque ela é portadora da promesa de emancipación do que foi oprimido.

III

Polo demais ise sentido gravita fortemente sobre a tradición cultural galega, tan ligada a motivos xermánicos. Pensar a natureza como idea fora de sí, como contradicción non resolta e, por tanto, como destinada a erguerse á libertade do espírito na suprema reconciliación final no omega dos tempos: esto foi o que Hegel fixo e aqueles pensadores (Bloch, Benjamín) retornaron marxianamente.

E, non obstante, ise mesmo argumento resona notoriamente, con toda probabilidade a traveso de Goethe, en Otero Pedrayo: a súa xeografía non é a que sería pensábel para un cientifista nen tampouco a natureza por el elucidada é a que serve de obxeto de dominación.

Ao contrario, o que o señor do pazo de Trasalba esclarece é o desenvolvimento orgánico das formas da natureza impelidas por unha sorte de destino interno, á complexización. Comprender ise destino interno é, para o sensíbel fidalgo, comprender o argumento esencial que cada natureza acocha. A de Otero Pedrayo é unha hermenéutica da paisaxe, unha interpretación íntima do devalar que pón á natureza en comunión coa Historia.

O soño das vides ofrecendo fartura de barrocos acios expresa a esperanza da galaxia novamente encendida "Toda luz de alba nos nosos montes, nengún remorso entre os nosos irmáns". Para Otero Pedrayo a natureza non é alteridade senón fusión ca Historia e, concretamente, con estas unidades histórico-naturais que as nacións son. En conexión con

esto está o dado de que el pensase, coma Goethe a quen dedicou un ensaio, a natureza como o terreo da cualidade e do valor e non do numérico e do indiferente.

A Natureza, para el, era plástica e poética e a súa vida excesiva non podía ser reducida por análises de escribanos senón comprendida con ouvidos sensibeis aos seus argumentos.

Isa mesma visión organicista e cualitativa e similar método hermenéutico se reproducen tamén na xenial interpretación do ser íntimo de Galicia que realizou, por exemplo, no "Ensaio histórico sobre a cultura galega". Tal vez non fora errado ver aquí xunto a Goethe a Fichte na idea clave de don Ramón asegún a cal a misión histórico-universal de Galicia debía ser cumplida perseverando no ser esencial do país, e simultaneando isa perseverancia coa deglución e asimilación conforme ao auténtico espíritu da terra de aquelo que marca o espíritu de cada época. A non outra cousa que isa acomodación referese don Ramón ao remarcar o Románico, o Barroco e o Romanticismo como fenómenos particularmente convintes á esencia do ser galego.

Claramente polo demais, Otero Pedrayo veu a salvación da natureza na salvación de Galicia, e viceversa. A dimensión dunha natureza integrada —que en Hegel apunta á relixiosa unidade do concepto consigo mesmo— apunta en don Ramón á idea dunha Galicia liberada, ceibe, finalmente, das constriccións que se opoñen ao seu concepto. O factor relixioso ligado xeralmente no nacionalismo galego ao panteísmo da terra e dos mortos contribúe así, mitolóxicamente, a sinalar a necesidade dunha Galicia rescatada da caída nise pecado que para ela é a dependencia (porque esta impídelle ser o que ela está chamada a ser se se atén ao seu propio concepto). O solpor como estado natural é metáfora no señor de Trasalba, da triste decadencia do país que prometía ser báquico.

IV

O que vimos decindo é que o que late xa, dende a filosofía alemana na esixencia de suspensión da extrañación e na de liberación da natureza é unha Fe, unha Esperanza: a de que, ao final da odisea, nos espere unha Patria.

Na esixencia do fogareño e do doméstico que os chamados ecoloxistas plantexan como programa político está a aspiración no Hegel novo a revivir o tempo dos gregos. Non lonxe bombea o corazón —sen vergoña romantista— dos nacionalistas ocupados en defender a causa dun país exasperante e sempiternamente perdedor. Tampouco as subxetividades apagadas pola extensión da indiferencia e pola anulación do cualitativo deberían andar lonxe. As mercancías inertes malamente calman a dor causada polo ambiente hostil.

A esperanza, porén, de que algún día arribemos a porto carece de fundamento. E carece no doble sentido de que a suspensión das contradicións, o acceso ao nunc stans divino, a unidade do hegeliano concepto soio é posíbel na orde teolóxica. E asimesmo no sentido de que non existe algo así como unha instancia suprema de valores, un deus hipostasiado, un xuicio final que confira segura lexitimidade aos nosos criterios.

E, non obstante, a esperanza é necesaria, non hai seguro ponto de atraque, é a viaxe o que resulta en cada caso preciso. E ela, pola súa vez, precisa dun mapa e da indicación dun fin. No devalar entre alfa e omega é o sentido da omega o que nos resulta máis imprescindíbel. E ao ponto de fuga que se orienta a perspectiva na pintura do Renacemento.

A verdade, certamente, non está no final senón no proceso, mais non obstante, o impulso interno diste ha de ter un non-lugar como referencia e meta. Non unha mera utopía nen tampouco un cego devir: é na unidade de ambos e na súa diferencia que está o sentido. A aspiración a un mundo reconciliado carece de xustificación lóxica mais sen ela, o probábel é a adoración dos falsos ídolos do absoluto existente.

Que, como se dí, non exista conmensurabilidade entre enunciados descriptivos e enunciados valorativos non significa, porén, que seña irracional establecelos. Mais irracional que fornecer medida e xerarquía entre iles é conservalos no seu aillamento, tal e como xa están. Tampouco os individuos nen os suxetos colectivos tomados por xunto ou por separado son en sí mesmos garantía de nada positivo mais non por iso convén abandonar a idea, efectivamente catedralicia, da posibilidade dunha orde de salvación encarnada, tal vez por acaso, polos máis desencantados.

ANTÓN BAAMONDE
Vilalba (Lugo)

PEREGRINAXE Á MONTAÑA

No ano 1956, a escritora británica Nina Epton publicou en Londres un libro co título de *Grapes and Granite*. Nel recolleu as impresións do longo e demorado percorrido que fixera por Galicia toda. Grande admiradora do noso país e boa coñecedora das súas paisaxes e das súas xentes, puido ofrecer así unha visión orixinal deste fisterre ao público de fala inglesa, lonxe dos tópicos patentes noutros escritos de viaxeiros foráneos.

Reproducimos agora aquí, en versión galega, un dos capítulos da obra de referencia, que leva como epígrafe "Peregrinaxe á montaña":

De tódalas moitas festas celebradas en honra de Nosa Señora o 8 de setembro, unha das máis orixinais, segundo me asegurou o señor Carrera do Castelo de Vilasobroso, é a que ten lugar no pobo montañés da Franqueira, fóra da estrada principal de Vigo a Ourense e a doce millas do balneario de Mondariz. Eu dixéralle ao señor Carrera, a quen atopara en Santiago, que Roberto e máis eu estabamos moi desexosos de rexistrar en cinta magnetofónica o antigo "Diálogo entre o cristiano e o mouro", que é unha das cousas máis interesantes da festa, antes de seguir á Serra dos Ancares.

O señor Carrera telefoneounos á Toxa varias veces co fin de se asegurar de que realmente iamos ir á Franqueira. Sentíase satisfeito de que houbese estranxeiros que quixeran rexistrar o diálogo. Era evidentemente a primeira vez que alguén de fóra amosase tal interés. Quería escribir tamén sobre elo no xornal local. Foron estas, como descobrimos máis tarde, as razóns de que se achegase ao crego da parroquia da Franqueira (pesie a que estaban rifados desde a derradeira festa) para que permitise colocar a miña cinta magnetofónica no lugar axeitado.

Servicios especiais de autobuses facían o percorrido desde Vigo á Franqueira, saíndo ás oito da mañán para regresar despois de medianoite, pois "facían" dúas festas no día: primeiro a da Franqueira e despois a de Pontearéas, no camiño

de regreso, para aqueles que desexaban disfrutar do baile, dos fogos artificiais e das "foliadas", que marcan o climax da última. Inda que non nos imaxinabamos un día tan longo, xa que iamos saír para Lugo e a Serra dos Ancares á mañán seguinte cedo, non podiamos elexir, pois A Franqueira está fóra da ruta principal de autobuses, e o noso amable anfitrión, o señor Carrera, que poseía un castelo cun nobre escudo de armas, non era dono de cousa tan prática como un automóvil. En realidade, o seu moi runfante castelo que pasamos camiño da Franqueira, ten necesidade de se reparar; pouco queda del, agás unha torre completamente inhabitable, así que o señor Carrera vese obrigado a vivir nunha casa plebeia veciña no medio de viñedos que non producen abondo para restauralo; pero a el góstalle (e, nefeito, teima nelo) que a correspondencia se lle dirixa ao Castelo de Vilasobroso. Cando o vimos decatámonos do por que tivera que se disculpar por non poder darnos pousada de noite. Ata entón estiveramos un algo confundidos pola falta de acomodo no seu castelo.

A estrada á Franqueira pasa a través dunha rexión de bosques e montañas, pero o pobo de seu está nunha espida meseta. É soamente unha morea de pobres e primitivas vivendas grisallas construidas ao redor dunha rústica igrexa parroquial de portada románica, nunha característica paisaxe, austera, de penedos de granito e covas, que induce ao miragre.

O noso coche gabeaba pola empinada costa da montaña ao longo dunha estrada estreita que en calquera outra parte consideraríase impropia para automoveis. Non había xeito de que poidese pasar outro coche no camiño, pero afortunadamente todos levaban a mesma dirección. Centos de automoveis e camións diante de nós arrastrábanse ao redor da montaña a paso de cosco. Aqueles que xa atinxiran o seu destino estaban esparexidos de calquera xeito nas encostas arredor do pobo. Pero non toda a xente chegaba sobre rodas; moitísima máis chegaba a pé, mentras os verdadeiros romeiros facían penitencia ou cumprían un voto camiñando de xoenllos sobre os croios coas faldas e as medias rompidas, e mesmo a pel. (Todas eran mulleres). Arrastrábanse sin que ninguén se fixase nelas, entre os postos de vendedores de roscas e as caldeiras fervendo o "pulpo", pasaban a mendicantes faltos dunha perna e a grupos de "gaiteiros", fitando ao lonxe ao pequeno campanario gris. Soamente as súas escuras olleiras baixo os seus ollos brillantes treicionaban a súa dór física e o seu afervoamento espiritual.

O señor Carrera atopounos entre esa moitedume desconcertante de romeiros e trouladores, e xuntos fixémonos camiño a empurróns por entre a xente para pór a nosa cinta mag-

netofónica achegada ao equipo dun colega español de Radio Vigo, un devoto e servicial venezolano que estaba desalentado polos elementos rabelesianos na multitude e a atmósfera leda, que considerou deplorables e faltos de dignidade. Recibiunos aquecidamente e falou en termos entusiastas sobre a "aspiración de boas relacións de radio internacionais"; era un mozo de grandes e honrados ideais.

Antes da misa, a xente aldeana entrou na igrexa en riolada para lle entregar as súas ofrendas ao crego, que estaba de pé sobre un alto taburete no medio da sacristía collendo alporizadamente billetes de cincuenta pesetas á esquerda e dereita dos brazos mouráns e calosas mans que se erguían xenerosamente cara el de tódalas bandas.

Como non había lugar dabondo na igrexa para todos, puxéranse altavoces para a moita xente que tivo que se quedar fóra. A meirande parte sentouse nos bancos ao redor das longas mesas colocadas en fileiras no patio dunha "fonda" ocasional, e comezaron a xantar o contido das súas cestas. O señor Carrera aconsellounos que nos xuntásemos con eles, pois tiña medo de que non tiveramos outra oportunidade cando rematase a misa.

O señor Carrera era un anfitrión excelente. Sentounos a unha das mesas máis pequenas da "fonda" baixo a ben recibida sombra dunha parreira, mentras foi precurar unha enorme fonte de barro con "pulpo" quente, que comimos acompañado dunha botella de viño das súas videiras do castelo. Despois desenvolveu un paquete tan grande como unha maleta, do que tirou o "plat du jour". Tratábase dunha "empanada" de vastas proporcións e de apetitoso contido (polo, carne, cebolas fritidas e pimentos bermellos rezumando desde a súa prisión de hoxaldre tan axina como o señor Carrera a abríu coa súa navalla), que fitei por uns segundos pasmada de admiración, con medo de estragar o dibuxo ao xantala, pois a parte de enriba da aristocrática empanada era unha fiel reprodución en dourada codia do escudo de armas do señor Carrera, o do castelo de Vilasobroso. Era case unha profanación roer as palizadas e travesas, especialmente cando cada mordedela viña acompañada por un anaco verbal da venerable historia do castelo, volta a contar grave e enfáticamente polo señor Carrera cando valeiraba nos nosos vasos outra botella de viño do castelo, viño branco desta vez e aínda mellor que o primeiro. Os devanceiros chamábanse Muñoz; este, dixo, era unha corrupción do nome escocés Menzies. Certo rei de Escocia mandara aos seus dous fillos a estudiar á Universidade de Jaca; ¡eles continuaron en España para loitar contra os mouros e últimamente fundaron a casa e castelo de Vilasobroso! ¿Existía unha universidade naqueles lonxanos tempos na pequena cidade de Jaca? Non importa,

era unha historia estupenda e nós non estabamos dispostos de xeito algún a pór en tea de xuicio a súa cronoloxía.

Tres aldeanas de Pontevedra sentáronse á nosa mesa para beber o viño tinto que traguían nos seus pintorescos cántaros de barro de longo colo. A máis nova das tres aglaiounos cando se inclinou contra a parede e se puxo a recitar, acougada pero incisivamente, o poema máis ambiguo sobre unha galiña que se atopou cun pelegrín portugués camiño de Santiago, e a peteiradas arrincoulle os botóns dos calzóns. Algúns dos rapacetes da mesa veciña beberan un algo de viño demais e comezaron a cantar barudamente, pero as súas voces non podían afogar o son das campás da igrexa e o do rouco altavoz que transmitía a misa, cun comento vulgar do noso amigo venezolano ao que ninguén lle facía caso. Chegaron os "gaiteiros" e emprincipiaron a toca-las súas gaitas e as súas pandeiretas só a unhas poucas yardas da igrexa. Achegouse á nosa mesa un mendicante. Tamén era de Pontevedra, e o señor Carrera díxolle que podía xantar todo o que quedaba do noso "pulpo". Sendo esto demais para el, o señor Carrera díxolle que "mandase buscar outro colega", aparecendo case decontado outro mendicante. Este, máis previsor, trouguera consigo un saco.

A misa estaba agora a piques de se rematar e acordouse que procederíamos a dividir os nosos traballos. Fíxenme camiño a empurróns por entre a moitedume ata o balcón dunha pequena casa frente da igrexa para fotografiar a saída da famosa imaxe de Nosa Señora da Franqueira, e a curiosa subasta que ten lugar no pórtico antes de que a Virxe fora colocada nun carro de bois e levada á beira da igrexa para escoitar o diálogo entre o mouro e o cristiano; no entanto, Roberto rexistraría o son da procesión que se achegaba desde a plataforma onde se ía celebrar o diálogo.

Co fin de obter o meu obxetivo, tiven que loitar para me abrir camiño deica a praza da igrexa, gabear sobre as costas das persoas sentadas nas escaleiras da casa de frente da igrexa, onde se estaba a celebrar unha festa privada no balcón, e meter á forza a miña cámara entre os convidados. Cando lles expliquei que desexaba tomar unha boa fotografía da famosa imaxe para ilustrar un libro sobre Galicia, fixéronme sitio amablemente; pero cando a imaxe apareceu realmente abaixo no pórtico, o alporizamento fíxose intenso demais e as chorosas mulleres, entonando a "Salve" ao meu redor, movíanse cara atrás e cara adiante nun éxtase relixioso que fixeron que a miña cámara perdese o equilibrio.

Seis parellas de fermosos bois de cór de mel estaban agora xunguidos a un pequeno carro de labranza de forma navicular. Os dous primeiros animais tiñan tapado-los ollos. Tal feito conmemora a lenda segundo a cal a imaxe da Fran-

queira fóralle agachada aos mouros no momento da invasión, e perdérase ata que a descobriron de novo máis tarde nos penedos entre as dúas parroquias da montaña. Cada igrexa parroquial reclamaba para sí a imaxe, e a disputa quedou ao cabo zanxada colocándoa nun carro, tapándolle os ollos aos bois e deixándoos ir ao seu aire ata que se pararon, e nese lugar construiuse unha capela para acoller a imaxe. Esto é o que se supón que foi a orixe da Franqueira (trátase dun relato semellante ao de como os restos de Santiago foron levados a Compostela nun carro parecido). En certo tempo houbo un mosteiro na Franqueira, ao que perteneceu o atraínte pórtico románico da igrexa. O tímpano, que ilustra a Adoración dos Reis Magos, amosa á Virxe sentada baixo as torres dun castelo medieval, e aínda que as figuras son zoscas e parecen ser do século XII, hai moitos detalles góticos que fan supór que se trata realmente dun exemplar moi posterior, probablemente do XIV.

Ao cabo, a imaxe foi levada ao pórtico en hombreiros, relumbrante cunha coroa dourada sobre a que a muller aldeana pendurara algúns dos agora raros pendentes galegos, que eu precurara inútilmente nas tendas de antigüedades das cidades, e aos que lles botei unha ollada de envexa. O crego, un home flaque de apariencia histérica con cabelo grisallo e brillantes ollos negros, blandíu unha aguillada e deu por aberta a subasta. O aldeano que ofrecera máis que todos obtería o cobizado dereito de conducir o carro e a imaxe a través da masa case sólida de xente, deica a plataforma de pedra sobre a cal estaban a agardar o mouro e o cristiano. O sol queimaba e a máis da xente abrira os seus grandes paraugas negros. Cincuenta pesetas, cen, duascentas..., cincocentas pesetas, e a aguillada entregóuselle a un home pequeno, suoroso, cunha camisa branca como a neve e un chaleque negro, que avantou cara o carro e a súa preciosa cárrega, todo confuso e como abraiado. O alporizamento estaba no seu punto álxido. Un forte berro subíu da moitedume conducida por un crego: "Viva la Señora de la Franqueira, viva, viva!". "¿Non é fermosa?", berraron en éxtase as mulleres veciñas a mín. "¡Que feliz parece!", exclamaron outras, e despois, alternativamente, choraban e cantaban a "Salve" de novo cando o carro se puxo en movimento.

Logo de facer moita forza arranxeime para baixar ao camiño, andar a través da agora valeira igrexa e desde alí acadar acceso á moi concurrida plataforma de ao lado, onde o venezolano comentador de radio exortaba á multitude para que estivese queda e con decoro; o mouro e o cristiano estaban a piques de comezar a súa recitación. Roberto mantíñase estruchado contra a parede coa cinta magnetofónica, e dous mozos andaban nos mandos do equipo de Radio Vigo. Diante

de nós, a praza amosábase negra de xente, que, ao carecer de espacio, víase forzada a unha completa inmovilidade. A imaxe de Nosa Señora quedou parada, e o crego botouse á plataforma para lles decir ao mouro e ao cristiano que comezasen. Sumisamente emprincipiaron a bradar o seu diálogo a través do altavoz, o diálogo tradicional que remataría cunha explicación da conversión do mouro ao cristianismo por gracia da Virxe da Franqueira. Berraban tan alto que Roberto viuse obrigado a retirar un pouco o micrófono.

De súpeto, o crego empurrou ao mouro e ao cristiano para poder pasar, ergueu os brazos ameazantes cara nós, cos ollos irados: "¡Paren! ¡Paren! ¡Vostedes teñen que pasar todo eso!", berrou. Tanto Roberto como eu ficamos entalados. Quedamos fitándoo, pasmados e sin comprender. "Non... sigan... rexistren o que dí o cristiano... ¡retiren o micrófono!". O señor Carrera, branco de ira, inclinouse e borboriñou aos nosos ouvidos: "Ese parvo pensa que vostedes só están rexistrando o que dí o mouro e non o que dí o cristiano. Non entende de nada. Farei que pida as súas excusas. ¡É escandaloso portarse así cos meus convidados!".

Este drama era demasiado para o noso amigo o pequeno venezolano, que viña sofrindo unha tensión emocional desde as primeiras horas da mañán. Levou a man á súa bochechuda faciana, toda enrugada de mágoa, e rompeu en bruidosos saloucos. Miramo-lo, incrédulos e fascinados "¡Santo Deus! ¿Qué lle pasa?, preguntoulle Roberto, que estaba aínda sostendo o micrófono ergueito". "¡Ouh, esto é tan triste, pero tan triste!", chorimicaba o pequeno venezolano entre os seus saloucos. "¡É completamente desastroso para as relacións internacionais de radio!". "Non se preocupe, vello... todo sairá ben", díxolle Roberto consoador, inda que o venezolano non puido entender nin unha soia palabra do que el lle dixo.

No entanto, o noso anfitrión tivera unha agre rifa co crego, e o diálogo chegara a un remate triunfante co berro de "¡Viva la Virgen de la Franqueira!", dado polo mouro e o cristiano, e repetido con fanático afervoamento pola multitude. Con grande sorpresa pola nosa parte, o crego veu agora ata nós coa faciana chea de sorrisas amables para nos pedir perdón polo "deplorable mal entendido", e abrazámonos todos; é decir, o crego abrazou a Roberto (que estaba tan aglaiado desta explosión de atencións como estivera antes polo paroxismo de furia do crego), despois o crego bicoume a man e todos lle demos palmadiñas nas costas ao pequeno venezolano, decíndolle, para aledalo, que as boas relacións foran restablecidas. O venezolano sorríu feliz a través das súas bágoas, bicou aos que estaban máis achegados a el, tendeulle a man aos que estaban máis lonxe e logo reuniunos para tomar unha cunca de café puro acompañada dunha

copa de "Anís del mono" nun posto veciño. Achegóusenos un aldeano temesiño e preguntounos inquiridor: "¿Qué ocurríu entre vostedes e o crego? Xa sei que nada me importa, pero...". "Xustamente", saltou o señor Carrera, ¡nada lle importa!". O aldeano púxose todo bermello e retirouse meténdose entre a moitedume.

As gaitas comezaron a sonar outravolta, así como as trombetas de xoguete e as pandeiretas. O mouro e o cristiano desapareceran para lle deixar sitio a un grupo que executaba a danza das espadas. Un branco cadaleito valeiro foi tirado da igrexa, despois de que o levaran tras da Virxe da Franqueira pais agradecidos, cuio fillo fora salvado ás portas da morte pola compasiva intercesión de Ela. Logo, de súpeto, apareceu o noso chofer entre nubes de pó para nos decir que regresásemos ao coche. "Imonos", dixo; "os outros están anceiosos de continuar á festa de Pontearéas. Non hai máis nada que ver aquí. En Pontearéas haberá baile".

"¿Gostaríalle a alguén deterse para visitar o meu castelo no camiño de regreso?", preguntou o noso anfitrión amablemente. O chofer abaneou a cabeza negando. "Aos meus clientes non lles importan os castelos", dixo firmemente; "ademais", engadíu cun algo de crueldade, "todos coñecemos o seu castelo. Non hai nada que ollar nel".

O noso anfitrión, desconsolado, fíxonos un aceno coa man. Baixo do brazo levaba un paquete envolto en papel de xornal. Nel ían os restos do noso banquete do meiodía e da "empanada", a espléndida empanada co escudo dos Muñoz, agora reducida a un magoante puñado de migallas.

NINA EPTON
Trad. ANTONIO e FRANCISCO
FERNÁNDEZ DEL RIEGO
Vigo



HISTORIAS DO LOBO

Teño que dicir que as historias do lobo sempre me apaixonaron, especialmente cando era rapaz e vivía na aldea nativa. Tamén me gustaban as das bruxas e as dos aparecidos. Ou sexa, todas aquelas que máis ou menos estaban aureoladas polo misterio e polo máxico. Gustábame oílas, cando nas noites longas do inverno, as contaban os vellos, á beira do lume. As das bruxas e dos aparecidos (as das ánimas) e todo iso, ás veces impresionábanme tanto que non me deixaban dormir. Quere esto dicir que me inquietaban. Pero este temor desaparecía cando, nos montes próximos, polo Beliño ou pola Moura, se oía o ouleo do lobo e, deseguida, a resposta, nerviosa e temerosa, dos cans do pobo. Os ouleos impresionábanme, pero era doutra maneira. O do lobo era un arreguizo. O das ánimas era coma un extraño sentimento. Non sei dicir. Tan só que eran cousas distintas.

As historias do lobo gustábanme e seguen gustándome hoxe. E o primeiro que fago cando vou á aldea é preguntarlle á miña tía Adelaida, agora neste tempo de inverno, de choivas e de neves, se "anda" moito o lobo. Ela dime que non. Que xa non hai tantos lobos como había hai uns anos e, moito menos, coma cando eu era neno. "As aldeas quedan desertas —di a miña tía—. Non hai gando e o lobo, como non ten que comer, busca outros lugares". Pero, de cando en vez, aínda se ve algún cruzando os regatos e as touzas ou se óe de noite uleando as súas soedades e as súas fames. Iso serve para que siga acendida e presente a súa lenda nas mentes labregas, primitivas e lúdicas.

O lobo é nas aldeas —polo menos na miña, e penso que en todas— un ser mítico, temido, pero tamén amado, tema constante de conversas, de historias e de rehistorias (historias mil veces contadas e mil veces oídas). Os contos do lobo sempre foron fascinantes para os nenos do mundo rural. E non só para os do mundo rural, senón para tódolos nenos. Pero para os campesinos moito máis porque para eles é algo real —tamén irreal— que está, vive ó seu lado, no seu mundo. Aínda diría máis, se mo permiten: o lobo, coma o can, coma a vaca ou coma o raposo, resulta case un personaxe familiar, inda que impresione, asuste e arreguice a súa presencia. Parece que esto mesmo lles pasa ós habitantes da selva cos leóns: témenos, pero tamén os aman.

As historias que se contan do lobo son moi curiosas. Por exemplo, fálase do "aire do lobo". ¿Qué é esto? Pois é unha sensación extraña que se sente cando se ve ou, sen velo, el ve a ún. Din que se pón o pelo de punta, que se arreguiza o corpo, ou como algúns din con certa leria, que "baila a gorra na cabeza". Logo está o "embazo", ou sexa, o poder que o lobo ten ou pode ter para inmovilizar ás súas víctimas. O "embazo" é o alobamento. É o alento da fera. Pero é

máis co alento. É unha combinación entre a forza dos ollos e a forza da lingua, que é onde o lobo ten os seus poderes. (Onde se di lingua, pódese dicir dente). Este "embazo" actúa dunha maneira semellante ó que din que fai a serpe cos paxaros: inmovilízaos, atontíñaos, atráeos. É a atracción do misterio, a atracción do vértigo, a atracción do abismo. O poder que ten sobre nós o que nos dá medo.

Outra cousa moi curiosa e moi discutida é a que fala dos seus alimentos. Din que come tres días carne, tres días barro e tres días aire. Que come barro parece estar demostrado polas feces. Que "come" aire tamén debe ser certo, pois, ¿que vai facer o amigo lobo cando non atopa outro alimento? O lobo é, por outra parte, un animal maniático. Segue á xente de noite polos camiños coma se fose un can, sen lle facer dano. Din que incluso, en caso de peligro, pode defender a quen acompaña. ¿Por qué? Pois, moi raposeiramente, parece que "garda" a presa para outra ocasión. Nestes casos pode zoscarlle co rabo nas pernas para alobar á persoa que segue. Ou sexa, para que se atontiñe e non saiba por onde camiñar. Parece que estas tretas tamén as usa o raposo.

Outra historia que se conta do lobo —vexan que case sempre digo lobo, en singular, e non lobos, pois nunca se fala dos lobos, senón do lobo— é o seu comportamento cos borrachos. Parece que tamén os segue de noite. E caso de caer e non se erguer, o lobo mexa por eles e tápaos con follas e con herbas. ¿Para qué? Pois tamén din que garda a presa para mellor oportunidade. Cando non cheire a viño. ¿Serán certas ou non estas historias do lobo? Sexan ou non, son cousas das que se fala con frecuencia nas noites do inverno aldeán.

Pero xa lles contaremos máis noutra ocasión. Incluso a increíble historia do lobo branco, o rei de tódolos lobos, de quen se di que só nace un cada cen anos, que son ademais os que, inexorablemente, ten que vivir.

XOSÉ FERNÁNDEZ FERREIRO
A Coruña



PARA ENTREGAR EN MAN A TEÓFILO

Venerable Teófilo:

Entramos onte de anoitecida en Oguiba. Dende chegarmos á meseta andivemos todo arreo, sen nos deter. As xeadas e a neve acabarían connosco de contado de ter parado para repousar. Foron dúas xornadas duras nas que morreron homes e animais.

Oguiba é unha acrópolis pequena que preside unha serie de arrabaldos cinguidos de muradas. Cada arrabaldo ten unha porta cara a extramuros e varias para empatar cos arrabaldos viciños. As pedras son eiquí negras como a noite e a cidade amosa a fasquía tristeira do crepúsculo ou da aurora.

Dende un cómaro perdido en lontananza divisábase, a pesar do debalo da tardiña, a masa escura da cidade. Chegamos xusto polo sul, seguindo o val do río, todo polo camiño real de Esneruo a Oguiba. Para penetrar no recinto fortificado compre bordear a necrópole, atravesar o Campo da Lúa, onde están congregadas hai máis de dez días as tribus chairegas, e pasar unha ponte sobor de río que conduce directamente á Porta Austral. Cinco son as tribus das cairas: Os Dímindos que acamparon con toda a súa xente e trouxeron o gando. Disque as súas terras son ermas ou pasticeiras e de cando en vez poden coller os camiños da guerra. Os Turando enviaron os guerreiros dos tres clans máis poderosos e, para compensar a escasede numérica, mandaron dous cabalos por guerreiro, armas e comida abondo para compartir, e aos profetas e sacerdotes dos deuses comúns. Eiquí a xente venera estraños ídolos e incluso a parte dos deuses aos que lles imos facer a guerra. Varios clans partiron hai ben de tempo para lles avisar e preparar a defensa de Zeoicos. Din os arcontes que vós xa vaticinarades en col da gran defensa que ían montar deuses e homes naquela fortaleza. Nembargantes, os homes do exército están solprendidos e anguriados. Certo que temos que confiar nos deuses que nos convocaron á loita, nos que racharon as cadeas da nosa escravitude, nos que esnaquizaron a canga con que nos xunguían á súa lei. Os oráculos son favorables. Pero víu sobor o medo. Os Bénilos teñen o costume de viaxar os homes e quedar mulleres, vellos e nenos cuidando das herdades de centeo e millo. Cando as feiras son elas quen se desplazan e eles fican mirando polos seus lares. Entre os Cañabalos adóitase a loitar en carros de bois máis ben leviáns. E loitan os homes no derredor e as femias dende os carros mesmo. Por iso eles tamén trouxeron toda a tribu. Son os Pilanillos os máis escindidos nos seus cultos, polo que foron eles os que menos xente aportaron.

Cando cruzamos o campamento das tribus chairegas era a hora do lusco e fusco. Dentro das tendas de coiro ardía con forza cadansúa fogueira coa que consiguen os chairegos unha temperatura morna durante toda a noite. Os armazóns de ripias das tendas permiten

facerlles un buraco no medio que sirva de chiminea. Queimando fasco e leña seca o fume é pouco e somella que se respira ben de abondo. O único atranco serio para estes fogares improvisados era que caía unha nevada lenta pero sen presa, con folerpas dondas mais dun considerable tamaño, e de vagariño ía deitando unha saba alba de temible espesor.

Pero a situación das tribus chairegas coñecémola despois, cando xa os Sheolitas e os Esneruenses buscaban o abeiro das galerías das solainas nas casas fidalgas de Oguiba, o agarimo dos seus patios, os soportais púbricos e os adros de certos templos e edificios civís. Reunironse os xefes de clan cos nosos arcontes e tomaron conta das respectivas forzas. Pódovos asegurar, venerable Teófilo, que non hai exército en toda esta moura terra como o exército do Sheol e de Paskhe, o noso Deus.

Porén, non todo é ledicia para o exército dos homes e para os Sheolitas, os máis bravos dos homes. Vai lonxe Paskhe, asexando os castros e as defensas nas illas do Mar Boreal, alén de Zeoicos. Os seus querubes por veces axudan aos nosos exércitos ergueitos en armas contra ducias de deuses e milleiros de xenios coma eles, pero por veces botan en falta privilexios arcanos e se reviran contra nós.

Subiamos dende Erneruo polas primeiras viravoltas que fai o río camiño das Terras Outas e da Chaira. Os fillos de home sheolitas misturáranse cos fillos de home esneruenses e subiamos en doble rengla. Vixías da retagarda avisaron a presencia de Lilit e das donas acuáticas entre as árbores da outra banda do río. Deron orde os arcontes de se deter polo perigro que supón a presencia engaiolante dos xenios femininos. Convocáronse a asambrea e o consello por separado; a deliberación durou ata que a lúa acadou o cénit. Pola mañá os nigromantes buscaron fiuncho e romeu para invocar aos querubes pero eles non viñeron. Voltamos a camiñar. E fixemos unha xornada apacible, sentindo xa os fríos crúos da nortada. Ao chegar a Pena Furada, co novo abrente, debemos cruzar o río, pois mentras que na ribeira esquerda o val abre en valgada, na dereita trócase nun funil estreito que deixa paso á auga pero impídello á xarea, á vexetación e ao camiño. Os guías axiña fixeron achadego do vado preciso. Fiouse unha cadea humana pola parte inferior do devandito vado, e pola superior atravesaban os xinetes e as bestas de carga. Riscara un día doce e escampado, mais polo leito da auga baixaba unha columna de brétema mesta. Case non puxeran pé os primeiros animais na outra ribeira cando albiscamos ás donas acuáticas mergulladas na néboa.

Colisionaron contra as nosas filas, con forza, rexamente, guindando a unha boa porción no groso da corrente, río abaixo. Pero elas son fians de seu, de sorte que non fracionaron a cadea polo centro, fixérono nos dous extremos, deixándonos, a cáseque tódolos que xa principiaramos a badeaxe, isolados e en difícil equilibrio. A tan precaria situación engadiuse un ataque dun novo grupo de donas, esta vegada turrando por unha barca semellante ás que usamos nós para cruzar o río nos reseos máis anchos. Na barca viña Lilit, senlleira como os ermos nos que habita, fermosa cal o luceiro matutino. Os rabións aumentaban a celeridade da gran móle de carballo. Non quedou ún en pé, no centro do vado. Catro homes dos nosos e sete dos Esneruenses afogaron de contado. Os nadadores mantiñá-

monos a flote e tencioabamos chegarmos ás beiras moi a modo, forzados polo peso da equipaxe e das roupas molladas. Mais non existe forza humana que sexa quen de aturar os engados das donas acuáticas e os aqueles feiticeiros da raíña do deserto. Forzáronnos a avantar en pos dos seus ronseis esvaedizos. En terra estalou o aturuxo da guerra: decatados da apreixante trampa na que cairamos, atronaban os aires co berro atávico que nos podía forzar a voltar á conciencia. Non foi doado, pero fomos gañando a beira en pequenos grupos que segundo iamos chegando faciamos o imposible por que saisen os outros. Unha ducia ben colmada de guerreiros fixo ouvidos xordos ao aturuxar e á cantinela que lle repetimos ata mergulláronse para sempre nas augas xélidas do río: Tedes que loitar, tedes que loitar!

Nas marxes, as silvas agachábanse tras dos piornos, fundindo as súas espiñas entre as follas filamentosas. A salvación estaba en agarrarse forte a tan desagradable asideiro. O sangue zugaba abondoso entre os dedos, percorrendo mans e brazos. A perdición levaba o sinal da comodidade, do deixarse levar, da esperanza de apreixar as figuras incertas dos xenios femininos.

Coas exequias inzouse o céo de grosas nubes amenazantes. Se o fado sorría por unha vez teríamos chuvia abondosa, as corgas encheríanse de auga e quedarían atuidos os roteiros da montaña. Pero ollábase ás claras que o probable era a nevada xerosa que coutaría tamén o camiño da chaira. Foi por iso polo que botamos a andar axiña, con marchas longas e descansos cativos. Chegamos á chaira denantes de que as falopas brancas, nembargantes compriu acampar somente a primeira noite. Víu, daquela, a neve e tivemos que aturar. Deica Oguiba ninguén parou a coller folgos. Detuvéronse só os homes e as bestas que xa non voltarán a camiñar polas corredoiras da nosa Terra. Foi duro deixalos xertos no medio da señardade da chaira, sen lume que os trocase en borralla, sen vento para esparexer a súa cinza. Somentes as xeadas da invernía endurando a neve recente e os seus corpos mortos...

SANTIAGO GONZÁLEZ AVIÓN
Mondariz

VIVE E VIBRA NA TUA MORTE, PIERRE EMMANUEL, MEU POETA

Eu sei que podes ouvir este meu responso repinicado con rimas en bágoa ardente, poeta amigo, que tes xa a Palabra arraizada no Silencio.

Poeta Pierre Emmanuel,
¿ves no goio un caravel?

Eu estou vendo, poeta,
cómo ti vas, caladiño,
pola luz do teu camiño
deica a Presencia secreta.

A fonda *Cosmogonía*
foise en ti mesmo facendo
mentras un verde arrecendo
dos teus poemas xurdía.

Poeta Pierre Emmanuel,
¿ves no goio un caravel?

Lembrémonos das túas obras
teimosamente creadas:
Nelas están mergulladas
alma, terra, águias e cobras.

Aquel *Momento dos vivos*,
aquela *Tumba de Orfeo*,
Elexías, pedra e ceo,
con *XX Cantos* festivos.

Poeta Pierre Emmanuel,
¿ves no goio un caravel?

Viña vindo o *Día da ira*,
mais *O Poeta e seu Cristo*
fixo un *Combate* imprevisto
cos defensores da lira.

Órficas, *Prego de Abrán*,
A Pomba, *O Poeta louco*,
deixáronnos pouco a pouco
cos que a *Sodoma* non van.

Poeta Pierre Emmanuel,
¿ves no goio un caravel?

Se *A Libertade nos guía*
os pasos, ¿cómo *A tristura*
será *a miña Patria* pura?
¡Queima a Razón-Poesía!

Cantas as *Cancións do dedal*
mentras dis: *¿Quén é este home?*
Pierre Emmanuel: ¡Outro nome
no Parnaso universal!

Poeta Pierre Emmanuel,
¿ves no goio un caravel?

E ven a *Babel* o *Obreiro*
pola *Ladeira da edade*
da hora undécima, en verdade,
co seu *Rosto Nuboeiro*.

Entrache no *Evanxeliario*
co corazón saltareiro.
O gosto do Un foi primeiro
no teu fondo itinerario.

Poeta Pierre Emmanuel,
¿ves no goio un caravel?

O Rosto humano, *O tellado*
ou remate superior,
facendo *O mundo interior*.
¡Pai noso interiorizado!

O discurso da Academia,
as *Autobiografías*,
abríronche novas vias:
¡Sempre a túa vida en bisemia!

Poeta Pierre Emmanuel,
¿ves no goio un caravel?

Novo *Xacob*, viche a escada
avencellando a *cultura*
coa *política*; ¡Loucura
da *Sofía* avencellada!

Revolución paralela,
Vida terrestre... ¿Mais ti
di qué fas, poeta, eiquí,
sempre na ollada unha estrela?

Poeta Pierre Emmanuel,
¿ves no goio un caravel?

Tiveche que renunciar
para salvar o teu ser
da Academia, do Poder...
¡Cómo brilla o teu luar!

Fuche *Ti*, coa Triloxía
do *Libro do home e muller:*
Tres anos co teu lecer.
Tres anos de poesía.

Poeta Pierre Emmanuel,
¿ves no goio un caravel?

Arbore e vento, alegrémonos
co *Ano de gracia,* en gavela
de prosas novas, novela:
¡Despois de todo querémonos!

Chegache, Pierre Emmanuel,
á *Gran obra* derradeira
coa pallabra saltareira
chea de abellas e de mel.

Ai, esta pedra-emmanuel
faise bágoa-caravel.

LOIS VÁZQUEZ
Madrid



ESCOLMA DE NO DEVALAR AS HORAS (1985)

I

DEVALAN os anos
e as ondas
o sal
demuda as veas
proe os ollos
deita na casa
nos libros
e mesmamente
na mesa

continente carnal
desaborido
que un padece
e atura
e alimenta.

II

A SEÑARDADE engólfame
coma nao nun río
lazarillo das horas
no alfonil da vida

perfea o sol
nos adoquíns á sombra
nas casas albacentas
e nos patíns adoita
a forma do silencio

senta escura e xorda
no colo da xanela
e abura a luz que apenas
arde nestes brazos

calquera día sen trégola
tornará baluz e soa
a deitar na badía
ampa e deseivada
como cinascos de roupa.

III

ACÓ sobrevivo
neste berce de sombras
na esmeralda mariña
que medra e devece
como animal que agonía

así vivo nos báratros
como ave en desmasía
entre a carne e sos castros
cómplice do mundo
e humanamente vítima.

IV

SABEN que son poeta
ronsel de queixumes
mais ignoran cetáceos
a nada que eu habito
os maitíns que breco
talmente un boi ferido
un albratros nas tebras
por claustros de sangue
por doentes madeixas
tecidas polos homes.

V

MUDOU todo tanto
tanto mudou todo
tanto...

horarios ideas
persoas
e os ollos que me guían
tan intactos

mudou todo tanto
tanto mudou todo
tanto...

casas cifras
flora
e os brazos que me apertan
tan intactos

mudou todo tanto
tanto mudou todo
tanto...

fauna leis
modas
e o ouvido que me axorda
tan intacto

mudou todo tanto
tanto mudou todo
tanto...

paixóns noivas
apalpos
e o nariz que me alerta
tan intacto

mudou todo tanto
tanto mudou todo
tanto...

dedos alimentos
calzado
e o paladar que me embebe
tan intacto

mudou todo tanto
¿tanto mudou todo?
¡tanto!...

VI

SAIO en busca
coa fresca
dun lugar sollado
onde espalla-las cinzas

carne poemas
pensamentos actos
soños e blasfemias
beixos furtados
amigos da alma
anos

todo inmaculado
pola chama do tempo
que arde a toda presa
en cada hora acesa

un lugar onde prenda
o aguión do norte
que leve e esparexe
o semen dos ciprestes
polo ar avezado
ó ventre do océano

a un lugar consagrado
onde eu sega ardendo
carne poemas
pensamentos actos
soños blasfemias
beixos furtados
amigos da alma
anos

todo en carne viva
coma un tizón humano
rabelo núo
acervo
constructo
alén no mar amado.

VII

XA PRINCIPIOU o desfile
de faces entrañables
de labres coñecidos

agora dá comezo
o seu extrañamento
en busca do retorno
ó ciclo biolóxico

ó mimetismo da alma
á lóxica das augas
á invernía polar
que pestanexa nos ósos.

VIII

TRAIO sólido o tempo
en bola cristaíña
enxertada nos ollos

as horas consabidas
sucédense humanas
pechas e implorantes

posuidoras do encanto
do mar e das montañas
do verde que me amanta
e do camiño á vellice

acrecido reloxio
en busca dun segredo
que se mida a voces.

IX

OUTRA vegada máis
sangrando e reptando
o voluptuoso mar

a navalla da existencia
con estas pobres mans
que a tristura penetran.

X

¿QUEN MOVE todopoderoso
espello sen imaxe
estes corpos celestes
andróxinos e bélicos?

dono inmóvil
elefante branco
dun firmamento único
para diversos dedos

a serpe azul e cuántica
bela coma os menceres
a besta descarnada
entre afiados seos...

XI

DITOSO quen escribe
a palabra comezo
dun eco
e luz a escuras
tal como nacemos
para ó fin bicármonos
en leite en sangue
en semen.

XII

ESTES mesmos inseptos
que eu agora regardo
algún día serán
os donos desta casa
deste sol
destes brazos

invisibles presencias
virán de cando en cando
e ollarán nos libros
xa sen ollos nin brazos
e trovarán os versos
que non din eu trovado.

XIII

REMEXER na memoria
é este oficio que exerzo
desbota-los anos
abrilos sazonalos
coma luz que perdure
cando morra o reloxio

son os fillos criados
con mil dores e insomnios
ó pé das súas doenzas
sentidos e adorados
coma un astro
ás súas órbitas.

XIV

AS HORAS
as bulintes horas
como imploran
para que eu as deteña
sen ter eu misericordia...

XOAQUÍN AGULLA PIZCUETA
Cangas de Morrazo



DEZ ANOS DE LINGÜÍSTICA GALEGA

0. XUSTIFICACIÓN

Na década que vai do 75 ó 85 constátase unha grande vitalidade dentro da cultura galega. Nun número desta mesma revista —o 89— pode o lector atopar doadamente a xustificación desta afirmación.

Pero dentro da actividade cultural galega hai un campo que nestes dez anos experimentou un pulo decisivo: a Lingüística Galega, de xeito que hoxe podemos falar, sen ningunha dúbida, de que hai unha Lingüística Galega.

Era un tópico, ata hai pouco, nos manuais de Lingüística Románica, e mesmo en traballos especializados, falar da pouca sorte que tivera o Galego, pois era a menos estudiada das linguas romances.

En efecto, cando se produce no século XIX a grande revolución do nacemento da Lingüística positivista, ninguén aplicou os seus métodos ó Galego. A situación dialectal que vivía daquela a nosa lingua, non favorecía a atención da nova Romanística sobre dela.

Por outra banda, os nosos gramáticos e lexicógrafos do XIX, inda os máis rigurosos —un Saco e Arce, un Valladares— descoñecían a obra do alemán F. Diez, tanto no aspecto gramatical coma no lexicográfico. Deste xeito, traballaban cunha mentalidade neoclásica, que descoñecía os novos achádegos e métodos da Lingüística positivista.

No século XX, inda atopando obras illadas de mérito, tampouco a Lingüística Galega tivo especial sorte. Hai que esperar ó remate da década dos 60 e comezos dos 70, para que se poida falar dunha Lingüística Galega. Son anos de publicación e espallamento de obras como a "Gramática elemental del Gallego común" de don Ricardo Carballo Calero —a súa primeira edición é do ano 1966—, "O que compre saber da lingua galega" —1969— de X. Alonso Montero, as "Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego"

—1971— da R.A.G., e por fin dos métodos de aprendizaxe do Galego do Instituto da Lingua Galega —Galego I, II e III, publicados no 71, 72 e 74.

Estas obras foron fundamentais naqueles anos, no remate da "Longa noite de pedra", porque ensinaron a moita xente, sobre todo mozos universitarios de Compostela, que o Galego era unha lingua e que, como tal, tiña que ser estudiada, normativizada e normalizada.

A carón destas publicacións, hai que salientar tamén catro feitos que posibilitaron grandemente a creación desta Lingüística Galega, que son os seguintes:

A) A creación nos anos 60 da especialidade de Filoloxía Románica na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago.

B) A creación da cátedra de Lingua e Literatura Galegas nesta mesma facultade, rexentada naqueles anos, duros anos inda, por un verdadeiro mestre, tanto na Lingüística Galega como na Historia da literatura, ou mesmo na creación literaria: don Ricardo Carballo Calero.

C) A creación do Instituto da Lingua Galega, no seo da Facultade de Filosofía e Letras, que ía dar como primeiro froito os devanditos métodos de aprendizaxe do Galego, maioritariamente aceptados por mestres de Ensino Básico, persoas curiosas, etc.

D) A acción formativa e pedagóxica dalgúns departamentos da Facultade de Filosofía, sección de Filoloxía, que propiciaban que os seus alumnos nos traballos de curso e formativos, feitos con total liberdade metodolóxica e ideolóxica, atendesen á realidade lingüística galega. Neste senso foi fundamental o labor feito nestes anos polo Departamento de Filoloxía Románica e do seu director, don Constantino García.

Deste xeito chegamos ó ano 75 ou 76, nunha situación que vai permitir o aglaiante desenrolo da Lingüística Galega, que vai sorprender ós romanistas máis autorizados. Neste senso foi básica a publicación a partir do ano 74 de "Verba. Anuario Galego de Filoloxía" e os seus anexos.

1. A ECLOSIÓN DA LINGÜÍSTICA GALEGA (1975-1985)

Estes dez anos van se-la confirmación gozosa do albiscado nos primeiros setenta, máxime cando a situación política vai ser propicia para o Galego e o seu estudio.

A Lingüística Galega vai recuperar ás carreiras, nestes dez anos, o tempo perdido. Esto vai facer posible achar traballos que estudian o Galego cos métodos das máis novas escolas lingüísticas e que, ademais, tocan tódolos puntos da investigación e descripción científica dunha lingua.

Por todo esto, podemos afirmar que hoxe o Galego, como tentaremos probar máis adiante, xa non é, se ó seu estudio científico nos referimos, a Cincenta das linguas románicas.

1.1. *A Dialectoloxía*

Non hai dúbida que se queremos facer unha futura Gramática e Diccionario galegos, estes teñen que basearse no coñecemento da lingua viva, coas súas variedades diatópicas, e esto só o pode dar unha Dialectoloxía Galega.

Nestes dez anos, na liña aberta no 74 por C. García e M. do C. Henríquez coa publicación dos léxicos dialectais de Compostela e O Grove [1], saen do prelo unha serie de monografías que non se poden esquecer. Citemo-las seguintes:

J. L. Couceiro: "El habla de Feás". Anexo de Verba, núm. 5, 1976.

A. Otero: "Vocabulario de S. Jorge de Piquín". Anexo de Verba, núm. 8, 1977.

J. A. Porto: "El gallego hablado en la comarca ferrolana". Anexo de Verba, núm. 9, 1977.

M. Taboada: "El habla del valle de Verín". Anexo de Verba, núm. 15, 1979.

Non citamos máis traballos, porque coidamos que é unha mostra elocuente.

Por outra banda, hai inda pouco, acábase de publicar nas páxinas desta mesma revista [2], un completísimo estudio sobre das áreas e bloques lingüísticos do Galego. Fernández Rei, un dos nosos máis novos e mellores lingüistas, establece estes grupos empregando criterios fonolóxicos, morfosintácticos e léxicos.

Podemos dicir que o traballo de Fernández Rei pón á Dialectoloxía Galega á altura do mellor que hoxe se fai nesta disciplina en calquera das linguas do noso entorno.

1.2. *A Xeografía lingüística*

A grande empresa destes anos foi a recolleita de material e elaboración do A.L.G.A. —Atlas Lingüístico de Galicia—. Un equipo formado por C. García, A. Santamarina, R. Álvarez Blanco, Fernández Rei e M. González fixo o labor [3].

A publicación do A.L.G.A. espérase con verdadeiro interés non só no ámbito galego, senón tamén por tódolos romanistas, pola importancia que ten a presentación cartográfica da lingua máis occidental da Romania.

---

[1] García, C.: "Os estudios dialectais do Galego". *Grial*, tomo XVI, páxinas 458 e sgs. 1978.

[2] Fernández Rei, F.: "Bloques e áreas lingüísticas do galego moderno". *Grial*, tomo XX, páxs. 258 e sgs. 1982.

[3] García, C. e outros: "O Atlas Lingüístico Galego". Verba IV, 1977, páxinas 5-18.

Asimesmo, nestes anos, viron a luz unha manchea de traballos que estudian distintos aspectos do Galego na súa distribución xeográfica. Citemos, a modo de exemplo e sen ánimo de exhaustividade, algúns deles: "Anochecer en Gallego" (C. García, Verba VII, 1980), "Os nomes galegos dos hórreos e dos seus elementos" (Bas López, Verba VIII, 1980)... Nesta liña poderíamos enumerar unha longa lista de traballos de mérito, pero o noso artigo non remataría nunhas poucas de páxinas, como é o desexable neste tipo de repasos.

1.3. *Fonoloxía e Fonética*

A Fonoloxía e maila Fonética son amplamente tratadas en case tódolos traballos sobre falas que citamos no apartado correspondente á Dialectoloxía. Sen embargo, como estudios de conxunto hai que destaca-la publicación, en manual, da "Fonología Gallega" de Amable Veiga (Valencia, editorial Bello, 1976), que ofrece unha visión sincrónica do sistema fonolóxico do Galego.

Non faltan tampouco traballos illados sobre temas concretos. Lembremos que nestes anos un fenómeno característico do Galego, a gheada, provocou unha serie de artigos na revista Verba, que analizan o fenómeno desde distintas perspectivas e que son exponente da maioría de idade alcanzada por esta disciplina en Galicia.

Por outra banda, esta polémica científica sobre a gheada non parece esgotada, pois hai pouco J. L. Pensado e C. Pensado acaban de publicar un estudio de conxunto sobre o fenómeno: "Gueada" y "geada" gallegas (Anexo 21 de Verba, 1983).

1.4. *O Galego literario*

Inda que con menos forza, tamén se comezou o estudio do Galego empregado por algúns dos nosos grandes escritores, anque neste eido a pescuda vai máis engordiño, ou polo menos as publicacións son máis escasas. De tódolos xeitos é unha liña que, aberta no ano 70 polo profesor Alonso Montero[4], foi continuada nestes anos por don Ricardo Carballo Calero con varios traballos dos que temos que salientar, non só polo seu rigor, senón polas súas suxerencias para a realización de futuras pescudas, "Sobre el uso literario de la palabra esgrevio" (Verba III, 1976).

Non podemos esquecer tampouco a publicación de dous libros que estudian a obra de dous dos nosos clásicos contemporáneos, porque non quedan nos aspectos literarios destes autores, senón que prestan unha grande atención ó estudio da súa lingua. Son, e debidos a varios autores que se ocu-

---

[4] Alonso Montero, X.: "Constitución del Gallego en lengua literaria". Lugo, Ediciones Celta, 1970.

pan de distintos temas, o "Homenaxe a Cabanillas", editado no ano 77 pola Universidade de Santiago e o "Homenaxe a Álvaro Cunqueiro", editado tamén pola universidade compostelana no ano 82. Os estudios van desde a análise das particularidades fonéticas da lingua destes dous clásicos ata os aspectos léxicos. É un camiño a seguir con outros clásicos. Esperemos neste senso a publicación das Actas do Congreso Rosaliano de xullo do pasado ano.

1.5. *Bilingüismo, Diglosia e interferencias*

A definición precisa da situación bilingüe de Galicia tamén foi acometida nestes anos.

Houbo un libro, no ano 73, que abríu unha considerable polémica sobre estes temas [5], e resultado desta é unha serie de traballos que intentan precisa-la situación de bilingüismo diglósico que se vive en Galicia. Debemos lembra-los traballos de Guillermo Rojo "Conductas y actividades lingüísticas en Galicia" (Revista Española de Lingüística, año 11, 2, páxinas 269-310, 1981) e "La situación lingüística gallega" (Revista de Occidente, Extraordinario II, "El Bilingüismo: Problemática y realidad". Febrero 1982), os de Mauro Fernández "Bilingüismo y diglosia" (Verba V, 1978) e "Mantenimiento y cambio de lengua en Galicia: el ritmo de la desgalleguización en los últimos cincuenta años" (Verba X, 1983).

Desde uns presupostos distintos ós dos traballos anteriores trataron este mesmo tema Francisco Rodríguez en "Conflicto lingüístico e ideoloxía en Galicia" (Ed. Xistral. Monforte de Lemos, 1976) ou o propio profesor Carballo Calero en "Da fala e da escrita" (Galiza Editora. Ourense, 1983).

No campo do estudio puntual das interferencias Galego-Castelán e Castelán-Galego, destacan os traballos de C. García ("Interferencias lingüísticas entre gallego y castellano". Revista Española de Lingüística, año 6, 2, Madrid, 1976), M.ª do Camiño Noia Campos ("Interferencias léxicas entre as linguas galega e castelá". Grial XX, 1982) ou Celso A. Cáccamo ("A influencia do galego sobre o sistema verbal do castelán de Galiza". Grial XXI, 1983). Son estes, traballos dun grande valor non só teórico, senón práctico para facer unha programación do ensino do Galego e tamén do Castelán en Galicia.

1.6. *A Historia da Lingua Galega*

Sobre o desenrolo histórico e sociocultural do Galego publicáronse nestes anos tres obriñas de doada lectura inda para os que non están familiarizados coa Lingüística. Son "Galego onte, Galego hoxe" de Constantino García (Universidade de Santiago, 1977) e as dúas obriñas do profesor Mo-

[5] Alonso Montero, X.: "Informe dramático sobre la lengua gallega". Madrid, Akal, 1973.

ralejo Álvarez, editadas por Galaxia, "A lingua galega hoxe" (1977) e "A lingua galega e os seus problemas" (1982).

Nestas tres obras, analízanse dun xeito ameno e científico os problemas devanditos, servindo ó mesmo tempo ó lingüista e á divulgación cultural.

Nun campo máis técnico, o da Historia da lingua desenrolada exclusivamente para filólogos, apareceron nestes anos dúas obras que poñen os alicerces do futuro Diccionario histórico e/ou etimolóxico do Galego e dunha Gramática histórica moderna, "La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla". Volumen II. Glosario (Ourense. Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo, 1977) do profesor Lorenzo Vázquez e "Algunas calas en los orígenes del Gallego" de Amable Veiga Arias (Galaxia, 1983).

O traballo do profesor Lorenzo ten un triple valor, pois non só estudia o noso léxico histórica e etimolóxicamente, sentando as bases do futuro Diccionario Histórico e Etimolóxico do Galego, senón que ademais estudia a pervivencia ou non, dando neste caso os sustitutos das palabras analizadas na lingua actual, e por fin fai un estudio crítico do tratamento que reciben nos diccionarios galegos e na linguaxe literaria. Por esto, moitas veces, o traballo de Lorenzo actúa a xeito de diccionario de bó uso do Galego. Por iso é unha obra de inxente valor, que se pode criticar en entradas illadas, como pasa con tódalas grandes obras, pero non no seu conxunto.

A segunda obra citada neste apartado, "Algunas calas en los orígenes del Gallego", semellante na súa metodoloxía e propósito a "Los orígenes del español" de Menéndez Pidal, senta as bases da futura gramática histórica galega.

Tampouco faltan estudios puntuais sobre problemas concretos da Historia da lingua galega. Non os citamos por non facer interminable o noso artigo. Remitimos ó lector interesado ós índices da revista Verba ou de Grial.

1.7. *As dúbidas*

Xa sabemos que inda hoxe non existen nin unha Gramática nin un Diccionario normativos da Lingua Galega. Por iso tampouco pode existir un Diccionario de dúbidas, especialmente necesario nestes momentos normativizadores e normalizadores da Lingua Galega.

Pero tamén neste eido se víu favorecida a Lingua Galega nestes anos, pois se inda non temos esas apetecidas obras antes citadas, hai tres obriñas concebidas a xeito de diccionario de dúbidas, feitas con rigor científico e claridade pedagóxica.

X. Álvarez Cáccamo publica no ano 79 "Galego cero" (Editorial Castrelos. Vigo), no que rexeita vulgarismos, hiperga-

leguismos, castelanismos... É libro dunha grande utilidade e o prologuista, acertadamente, defíneo como "manual de urbanidade lingüística".

No ano 1982 sae do prelo "Recantos da lingua" (Ed. La Voz de Galicia) do profesor Constantino García, que reune artigos antes publicados en "La Voz de Galicia", que forman un verdadeiro diccionario de dúbidas. É un adecuado vademecum ó que acudir cando queremos emprega-la forma correcta e dubidamos entre varias posibilidades. O índice alfabético do remate do libro é de grandísima utilidade, así como a tipografía distinta empregada para as formas consideradas incorrectas ou o asterisco que as sinala.

A terceira destas obras, inda que feita desde unha perspectiva normativizadora diferente ás dúas anteriores, é "33 aproximacións á literatura e á lingua galegas" (Ediciós do Castro. Sada, 1984), de M.ª Pilar García Negro e Xosé M.ª Dobarro Paz. Esta obra ten o acerto de basearse na análise de textos literarios de tódalas épocas da historia do Galego, co que o lector entra imperceptiblemente na problemática lingua oral / lingua escrita e literaria / lingua normativizada.

1.8. *Estudio do Léxico*

Inda non conta o Galego cun diccionario xeral en galego, pero nestes anos déronse pasos que fan esperar que teremos esa obra pronto.

No I.L.G.A. (Instituto da Lingua Galega) fíxose un Tesouro Lexicográfico que contén unhas 300.000 fichas. Serán un bó baseamento para o futuro diccionario xeral do Galego.

Noutro apartado do traballo xa falamos do inxente labor do profesor Lorenzo no campo do léxico medieval.

Tamén o profesor Pensado Tomé segue no estudio do léxico galego con traballos tan meritorios como "Perfiles románicos del léxico gallego" (Verba V, 1978) ou "Aportaciones a la historia de ceibar y ceibe en gallego y portugués" (Verba VII, 1980). Pero, sen dúbida, a mellor aportación do profesor Pensado Tomé a Lexicografía Galega é esa extraordinaria obra de depuración e crítica dos diccionarios ata agora feitos e que pón á Lexicografía Galega a unha grande altura. Estamos referíndonos a ese prodixio de documentación e saber filolóxico que é o volume "Contribución a la crítica de la Lexicografía gallega. I. El Diccionario Gallego-Castellano de F. J. Rodríguez y su repercusión en la lexicografía gallega" (Universidad de Salamanca, 1976).

Algunhas das entradas deste libro son antolóxicas no que a rigor lexicográfico se trata. Lembremos como modelos acabados de crítica lexicográfica as entradas dicir (páx. 173),

amas (páx. 67), febilla (páx. 197), Malpecadiño (páx. 264), outo (páx. 291)...

Tampouco faltan as publicacións sobre léxico dialectal, xa citadas no apartado referente á Dialectoloxía, ou estudios feitos ó xeito do método "Palabras e cousas". Citemos os dous extraordinarios estudios de M. C. Ríos Panisse "Nomenclatura de la flora y fauna marítima de Galicia". Dous volumes. Anexos 7 (1977) e 19 (1983) de Verba.

O I.L.G.A. publicou tamén un "Diccionario básico da lingua galega" (Edicións Xerais. Vigo, 1980), o primeiro diccionario galego monolingüe, que contén uns 2.000 termos. Grande acerto desta obriña, na liña normativa dos métodos de Galego do I.L.G.A., foi incluir con asterisco e diferente tipografía as formas consideradas incorrectas e as addendas gramaticais sobre conxugación, formación de plural, etc.

A editorial "Nós" iniciou a publicación dun Diccionario xeral da Lingua Galega que se víu interrompido na Ch. Esta mesma editorial publicou no ano 82, debido a varios autores e con prólogo de Ramón Lorenzo Vázquez, un "Diccionario galego-castelán, castelán-galego" de indubidable mérito pola súa corrección normativa.

1.9. *Morfosintaxe*

As monografías sobre falas, citadas no apartado da Dialectoloxía, teñen bós estudios sobre a Morfosintaxe do Galego feitos con criterios descriptivos e seguindo básicamente a liña do estructuralismo funcionalista europeo, inda que se suxeiten ás particularidades das falas que estudian. Con todo, son moi útiles para o estudio do sistema gramatical do Galego común e baseamento dunha futura gramática galega moderna e posta ó día, tanto nos seus datos coma na súa orientación metodolóxica.

Moitos foron tamén os estudios parciais neste eido. Van dende a análise do infinitivo conxugado (F. G. Gondar: "O infinitivo conxugado en galego". Anexo 13 de Verba. 1978) á formación de palabras (I. González Fernández: "Sufijos nominales en el gallego actual". Anexo 11 de Verba. 1978).

Deste xeito podemos dicir que están postos os alicerces da futura gramática galega.

2. CONCLUSIÓN

Como resultado deste labor o Galego ten por fin unha normativa, as "Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego", aprobadas conxuntamente polo Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega en xullo de 1982, que teñen carácter de oficialidade pola sanción legal do Decreto 173/1982 da Xunta de Galicia sobre a normativización da Lingua Galega.

Esta normativa, que xustifica de xeito científico e filolóxico as eleccións normativas, foi posible gracias ó desenvolvemento da Lingüística Galega. As críticas recibidas, inda que recoñezamos que non hai nada perfecto, non deixan por eso de seren inxustas. É máis, se comparamos esta normativa, con propostas normativas anteriores do I.L.G.A. ou da R.A.G., vemos que recollen suxerencias feitas polos sectores críticos, formados básicamente por A.G.A.L. (Associaçom Galega da Língua) ou A.S.-P.G. (Asociaçom Socio-Pedagógica Galega).

2.1. *A Escola Galega de Lingüística*

Podemos afirmar que hoxe non só existen lingüistas galegos adicados ó estudio do Galego, senón que existe unha verdadeira Escola Galega de Lingüística, articulada arredor do I.L.G.A. e da Facultade de Filoloxía de Santiago, con dous mestres ó frente dela (os profesores Constantino García e Ramón Lorenzo Vázquez), e caracterizada polas seguintes notas:

— Mocidade dos seus membros (moitos deles inda non fixeron os corenta anos).

— Visión do Galego en conexión coas outras linguas románicas, ó xeito da Romanística alemana. Non esquezamos que os dous mestres recibiron a súa formación en Alemania.

— Eclecticismo metodolóxico, pero con predominio da metodoloxía europea, desde o historicismo ó estructuralismo funcionalista de Martinet ou Coseriu. A metodoloxía de orixe americana, coma Gramática transformacional de Chomsky e escolas conexas, non soen ser empregadas por esta escola.

2.2. *Remate*

Polo que acabamos de ver estamos a vivir unha verdadeira Idade de Ouro da Lingüística Galega e eso ten xa o seu reflexo na lingua galega de cada día. Os nosos escritores, mesmo os medios de comunicación de masas ou a escola, empregan cada vez un Galego máis coidado. Por outra banda libros de texto, coloquios ou obras de divulgación cultural —como non lembrar aquí a "Gran Enciclopedia Gallega"— están a difundir na sociedade galega esta visión científica da nosa lingua.

MANUEL RODRÍGUEZ ALONSO
Madrid

LA DAME DU CARREAU

A Fina, claro

O ano 1984 rematou en Francia cun suceso editorial que se ben non levanta ampollas si pode destruir mitos e ídolos construidos con pés de barro. O libro está escrito por Paul Eluard. E é un libro que non quixo o poeta francés que vira luz: son as súas cartas a Gala. *Lettres à Gala* (1924-1948) cartas escritas maiormente cando Gala xa estaba afastada e logo divorciada de Eluard. Deciamos que é un libro que o poeta francés non quería que vira luz porque nunha das súas cartas a Gala dille que el esgazou todas as cartas que ela lle enviou e pídelle a ela que faga o mesmo. É o presente, xa que logo, un libro (unhas cartas) que nunca pensou Eluard que se publicarían; compre lembrar que, por exemplo, André Breton pideu que a súa correspondencia só fora publicada 50 anos despois da súa morte; o mesmo fixo Aragon. E ilo por qué? sinxelamente, porque así as persoas que aparezan na correspondencia serán todas mortas e a curiosidade barata non terá lugar. Que a publicación da correspondencia de Aragon e Breton no século XXI será unha disgracia para aqueles que xa nona poidamos ler (Breton morreu en 1966, Aragon en 1982)? é cousa de non dubidar, agora ben o rigor ético de tal postura é cousa que non se pode negar. Paul Eluard, morto en 1952, nada dixo sobre a súa correspondencia, pero tivo a mala sorte (para nós, en certa maneira, boa) de ter unha filla un pouco desaprensiva: Cecile Eluard, tida da súa unión con Gala[1]. A tal Cecile é unha peza de moito coidado e góstanlle os cartos máis que "a un tonto un caramelo" —que din Castela adiante— e como que os seus maridos adoitan ser moi bons rapaces pero non linces (o dí Eluard neste volume) e non se gañan ben a vida, pois adícase a explotar, ao máximo, a figura do seu pai: vendendo os cadros que tiña Eluard, a súa biblioteca (ao Museu de Arte Moderno de Nova Iork, que era quen máis pagaba, en plena guerra fría) e a súa correspondencia, este é o terceiro volume de correspondencia que se publica de Paul Eluard. Ter fillos para esto, en fin...

Mais falemos un pouco de Gala. Cando morreu escrebéronse cantidade de artigos contra ela. Un lembra sobre todo dous: un de Francisco Umbral e outro de González Garcés en "La Voz de Galicia". E lémbraos pola súa desinformación. González Garcés, por exemplo, sustentaba a tese de que Paul Eluard nada perdera coa ruptura con Dalí e con Gala (logo veremos que tal ruptura *nunca existiu)* xa que gañara o amor de Nusch e a amistade de Picasso. Se o poeta coruñés chega a ler estas cartas o mellor que pode ir

[1] Sobre esta madame pódese ver o meu "Cecile Eluard, á boa filla". Táboa Redonda. *El Progreso,* Lugo, 19-XII-82, onde desenmascaramos a esta señora que a súa nai, moribunda, non quixo receber nen ver.

facendo é queimar todos os exemplares do xornal coruñés en que saiu o seu artigo. Das estulticies escritas por Umbral mellor non dicer palabra, e digo non dicer palabra porque esta correspondencia ven destruir todas os retratos de Gala feitos por certos escritorciños máis atentos á literatura —un deses tristes camiños que conducen a algunha parte— que á vida porque, nono deixemos de lado, unha muller que enamorou a Paul Eluard, a Max Ernst, a Salvador Dalí, unha muller á que os surrealistas chamaban "a torre", non podía ser unha simple bruxa ávida de cartos como nos querían facer ver. Compre dicer (para uso de escribidores de turno, quer dicer de amantes da literatura mortuoria, ou sexa eses que sempre escreben artigos cando alguen morre ou se celebra o aniversario do seu nacimento ou a súa morte) que Luis Buñuel, a quen nunca lle caíu simpática Gala, rendeulle unha homenaxe incomparable en *Mon dernier soupir* cando fala dun soño é di: "Je me rapelle encore son parfum et sa peau d'une remarquable douceur // Ce rêve fut certaiment le plus surprenant de ma vie, plus surprenant que celui de la Vierge" (era un soño no que se lle aparecía Gala e o bicaba nos labres). Pensa un que os defeitos que podía ter Gala non podían apagar os seus encantos. E para acabar cos critiquiños: Arnau Puig, un moi celebrado, que se atreve a dicer —cunha falta total de información— que Gala debía ser unha das primeiras exiliadas do bolchevismo, aclaremos, inda que máis adiante sairá outra vez a data: Gala chega a Suiza en 1911 e coñece aló a Eluard. Volta a Francia en 1916 e casa co poeta; que saibamos nós, os bolcheviques toman o poder en outubre (novembro antigo calendario) de 1917. Xa que logo, Helena Dmtrievna Diakonova, chamada Gala, non era unha exiliada do Bolchevismo, quen si eran exiliados do bolchevismo foron os Ilia Erhemburg, ás Elsa Triolet, os Roman Jakobson, etc., que van descobrir o marxismo e o comunismo da man de... Stalin!!!

Pero vaiamos xa ao obxecto desta, é dicer vaiamos ás cartas de Eluard, ás 272 cartas de Eluard a Gala e ás 15 de Gala a Eluard. Comencemos polo final, quer dicer, polas cartas de Gala que veñen no apéndice e que están datadas nos meses de novembro e decembro de 1916 (Gala e Paul casarían en febreiro de 1917). Son estas 15 cartas unhas misivas cheas de amor e inxenuidade, por exemplo as pegas de Gala a cambiar de relixión, Gala era ortodoxa e Eluard católico [2], Gala considera que Deus é un e as relixións múltiples, ao remate —como explicamos na nota 2— Gala acabará boutizándose. Máis interesantes son as súas opinións sobre literatura, por exemplo: "Je lis vers et prose (...). Je lis tout. Remy Belleau par Jean Moréas est un peu special et un peu ennuyeux. Emile Vehaeren —Danse des vieux et des vieilles— pas a admirer, certainement il y a mieux de

[2] O pai de Eluard —Clement Grindel— ateo, militante socialista, non deixou bautizar ao seu fillo. Este, en 1916 bautízase, fai a primeira comuñón, fai converter a Gala ao cristianismo e casa pola igrexa. O pai entra en cólera e está a piques de deserdalo. Logo da grande matanza de 1914, Jean Paulhan apresenta Eluard a Breton e amigos, aquel volta a ser ateo. Anos despois —en 1942— voltaría a se converter, esta vez ao estalinismo. Compre suliñar a perspicacia de Cunqueiro cando —falando de "A peine defigurée", poema de Eluard traducido por el— remarca o franciscanismo de moitos destes poemas do francés sen coñecer, para nada, a mocidade católica de Eluard. Con todo compre non facer de Eluard un poeta para boy-scouts como fixeron os responsables da, por sorte, finada revista *Nordés*, no número de homenaxe ao poeta francés.

lui (...). Hugues Rebell: La robe virile et le noble pauvre. Je n'aime pas absolument. Trop superficiel et pretentieux. // J'aime beaucoup et je l'aime plus en plus G. Apollinaire —Poème lu au mariage d'André Salmon (...) je ne pouvais trouver Dostoëvsky (que j'aime le plus de tous les russes)", na carta 5 datada o 20 de novembro de 1916. Nunha carta posterior escrébelle a Eluard decindo que vai ir a unha conferencia de G. Kahn (poeta moi coñecido a principios de século en Francia) xa que lle interesa moito. Nunha outra carta do 26 de novembro, despois de ter asistido á conferencia de Kahn, di Gala: "J'ai lu G. Kahn, Jammes (je les aime beaucoup mais moins qu'avant). La poésie es beaucoup plus *profonde* (suliñado de Gala), plus *grave* (a mesma Gala segue a suliñar), plus indispensable et plus necessaire que chez eux. Ils sont sincères et naturels, et très intelligents souvent. Mais ils son loin de (palabra inintelixible)". Como podemos ler, non era tan banal Gala como a pintaron. Compre dicer que nas cartas de Eluard este lle fala de envíos de libros, de revistas e comenta comentarios dela sobre este ou aquel poeta ou pintor. Pouco máis que comentar das cartas de Gala, tal vez suliñar as palabras que ela lle dirixe chamándoo o seu Único e Sagrado amor, palabras que, non cos mesmos adxetivos, lle dirá ao longo de todas as súas cartas o poeta Paul Eluard.

E veñen as cartas de Paul Eluard. Xa o dixemos: 272 misivas. Non se poden apreixar todas aquí, cada carta adoita ser como un poema, os adxectivos dirixidos a Gala, o seu amor pronunciándose a cada liña, fan destas cartas un longo poema de amor, inda que ás veces a vida cotidiana apareza demais. Podiamos dividir as cartas en tres apartados. Aclaremos, cada carta en particular podíase dividir en tres partes: a) unha na que Eluard lle fala dos problemas económicos, os números, os francos, aparecen moito nestas cartas; b) outra na que Eluard lle dá novas do movimento surrealista e dos seus traballos como poeta; e c) as cartas de amor, onde todo o amor de Eluard por Gala aparece reflexado. Imos, xa que logo, a comentar estes tres aspectos por separado, e facémolo así para —penso eu— unha maior información.

a) É curioso constatar como Eluard lle fala case sempre de diñeiro a Gala nas súas cartas. Por medio destas —e tamén das notas de Pierre Dreyfus— o leitor pode facer un achegamento á economía de Eluard. Sábese que Eluard proviña dunha familia de cartos, o seu pai era un almacenista de les Halles e nunca faltou un franco na súa casa (segundo unha nota a nai de Eluard, a pesares de non administrar ben, viviu de rendas desde 1927 até 1957, ano da súa morte, deixando con todo abondas posesións). Eluard traballaba co seu pai até que decidíu dar unha viaxe polo mundo e desaparecer durante varios meses (a primeira carta que aparece neste volume está datada en Tahiti, ao pouco Gala sairá cara Saigón para dicerlle que o seu pai o perdoou e que pode tornar), logo adicarase á venta de cadros e obxectos de arte. A partir daquí, deixando de lado o intre en que toca parte da herencia, a situación crematística de Eluard non é moi brillante, inda que cada vez que necesite perentoriamente cartos chantaxeará á súa nai coa súa filla (Cecile). E ollamos como Eluard fai cartos: despréndese de cadros: Picassos, Chiricos, Rousseaus, etc. E para qué: a maior parte das veces para lle enviar cartos a Gala que está necesitada inda que viva con outros homes xa: A. Gaillard, un poeta morto en 1929, ou Salvador Dalí. A cantidade de francos

que Eluard lle envía a Gala cando esta para en Cadaqués é máis que considerable, o poeta consideraba que todo o que el tiña era para ela, o seu amor. Ao remate, quer dicer, na posguerra francesa, Gala enviaralle paquetes para el e a súa filla, paquetes de comida e algúns dólares, pois Dalí vendía xa o que quería. E deixemos de lado este apartado que a nós non nos interesa moito.

b) Esta parte pode considerarse interesante. E non só con relación ao movimento surrealista senón tamén a outros aspectos da vida cultural e política francesa. Mediante este apartado podemos ver desde o máis íntimo como Eluard opina das revistas que van facendo, da crise de 1934 co PCF, do "affaire Aragon" para o que ten duras palabras; imos vendo os movimentos para que o surrealismo, o grupo surrealista, non se rompa, ollamos como Eluard defende a Dalí a capa e espada, enterámonos da súa viaxe a Praga con Breton (as relacións entre os dous estaban deterioradas), vemos como pouco a pouco o poeta torna a introducirse no PCF e cando nun intre determinado lle dí a Gala que Breton está inquieto polos procesos de Moscú, el dí simplemente: "Moi pas" (carta 228). Outras veces enterámonos da vida sentimental de Breton, de Char (tal vez os máis cachondos polo que escrebe Eluard), dos problemas de René Crevel —curiosamente, nin unha palabra logo do seu suicidio, etc. En fin un apartado no que o cotilleo, inda que teña o seu sitio, non apagará a cantidade de información que nos dá, pesie a que ás veces compra pola en cuarentena, o poeta surrealista francés. Porque logo ven o tempo en que xa non é surrealista, o tempo no que milita no PCF. E é curioso como cando xa non é surrealista, sigue a súa defensa de Dalí: contra Breton. Quer que Gala lle envíe novas desmentindo a acusación de Breton contra Dalí: dí Breton que Dalí é franquista: Eluard nono cré e quer chimparse na súa defensa: en 1946. O desmentido de Gala nunca chegará, a verdade é unha e Breton a dicía. Tamén compre ler como lle pide —o poeta a Gala— o libro de Breton *Arcane 17;* monsieur Breton, chámalle na carta. En fin, todas as cartas nas que aparece este apartado son interesantes pola información e, mesmo, polo cotilleo. Un, con todo, bota en falta que Eluard non fale de moitas manifestacións surrealistas nas que participou e en cambio lle lea a cuartilla —como se dí— a Gala sobre o ben que está no PCF.

Neste apartado podiamos traer a colación dúas curiosidades: unha carta na que Eluard lle dí a Gala que non debe temer nada dun libro que vai saír sobre el (o de Louis Parrot, unha verdadeira haxiografía ou vida de santos) xa que non dí nada das súas relacións. Noutra Eluard, como dixemos, dille a Gala que rache todas as súas cartas para que así ninguén saiba nunca das súas relacións cando non estaban xa casados. Esto, curiosamente (?), cando Eluard milita no puritanista PCF.

E c) o amor. O que son estas cartas, xa o dixemos, son poemas de amor. Poemas íntimos, dirixidos á persoa amada sen que o poeta queira dalos á luz. Poemas onde non existe ningunha clase de censura. Poemas que inda sen querelo sobrancean moitas veces os poemas de amor do poeta que era Paul Eluard, ás veces atravesado por un franciscanismo do que falamos noutra ocasión [3]. Mais de primei-

[3] Vídeo o meu "Paul Eluard poeta para boy-scouts?", Táboa Redonda. *El Progreso* 11-XII-83.

ras fagamos un pouco de historia. Deciamos enriba que Gala e Paul se casaron en febreiro de 1917. Cinco anos despois chega Max Ernst que vai vivir con eles en Eaubonne, nun chalé que lle regalara ao poeta o seu pai. Gala, que —supomos nós logo de ler as súas cartas a Eluard— descobrira a sexualidade enamórase do alemán, que foi toda a súa vida un Don Juan (casou como catro veces e tivo infinidade de amantes). En 1927 Ernst reñe con Paul e, en presencia da muller do pintor e de Breton, dálle ao poeta un puñetazo no ollo. Max e Paul reñeron por dous anos, a causa: Gala. Mentres Gala viviu unha tempada con A. Gaillard, que remata mal con ela, vai a Rusia, torna e con Eluard vai a Cadaqués. O frechazo que sofreu Dalí é de todos coñecido, no verán de 1929. En setembro Eluard volta a París e Gala queda en Cadaqués. Eluard dille á súa nai que Gala está enferma e que ten que quedar en España (a mintira durou meses). En 1933 divorciáronse, mentres o poeta ten varias amigas, sendo a máis querida María Benz (Nusch) coa que casa en 1934, mais... síguese a ver con Gala, o seu único amor. Logo de ver, de ler, as cartas o leitor máis inxenuo, o menos informado decátase axiña dunha cousa: o carácter masoquista do amor do poeta por Gala. Non quer, Eluard, facer nada que dane a Gala e a súa vida, inda que ás veces lle pida que volte con el, inda que ás veces soñe cunha volta que no párrafo seguinte el dá por imposible. Supomos que o amor de Nusch por el, polo poeta, debía ser máis ou menos do mesmo cariz. E vaiamos polas cartas. Vexamos o que lle di o poeta a Gala:

Cando rompe con Max (Ernst) o Porco, como lle chama, dille a Gala: "Je veux surtout que tu ne te frappes pas. Par amour pour toi, je ne ferai rien contre lui, pour ta tranquillité. Mais ne me trahis pas". Nunha carta (a 50): "Reçu le télégramme de Gaillard. Qu'il te donde dessins, photos et manuscrit —pour moi. Comprends et fais-lui comprendre que je voudrais que nous te possédions parfois ensemble, comme c'était convenu". E para reafirmar o carácter masoquista do amor de Eluard por Gala velaí o seguinte párrafo (carta 80): "Je t'avoue que je ne crois pas à ton désir violent de me voir (...). Cette réponse d'aujourd'hui à ma longue lettre pessimiste est vraiment insufisante. Considère que j'ai quelque droit de te parler ainsi, car je supporte, à part tous les pires ennuis pratiques, celui d'un logis que je n'aurais pas si j'étais aussi libre que toi, celui d'un logis que je peuple de toi et qui me fait rêver sans cesser de mourir, de le fuir, et que je ne fuis pas por ne pas te laisser tous les soucis auxquels je suis livré". En fin, penso que non fai falta máis confirmación. Podiamos tamén, que non imos facelo, reproducir a carta na que Eluard lle pide a Gala que se case con Dalí non sexa que o pintor se volva tolo ou morra e todo o que el ten pase aos pais deste, e ela se quede sen nada, mesmo sen os cadros que el (Eluard) lle regalou. Segue decindo o poeta, nunha mostra ou de humor ou de puro racionalismo francés, quen sabe! que qué sociedade é esta na que os pais poden deserdar aos seus fillos (o pai de Dalí remataba de facelo) e os fillos non poden deserdar aos pais.

E imos agora co que máis nos interesa destas cartas, o amor de Eluard por Gala, as palabras con que expresa o poeta o seu amor. Digamos que é dobre esta expresión, que está dobrada: antes e despois de estar casada con Dalí, os últimos anos cáseque non contan,

xa que desde 1940 a 1945 non se produce correspondencia. Parecera como se ao estar Gala casada non quixera Eluard que as súas cartas poideran caír en mans de Dalí e este cabreárase con el. Vexamos xa que logo o que lle di o poeta á súa amada:

"Tu es la seule précieuse. Je n'aime que toi, je nai jamais aimé que toi. Je ne peux aimer rien d'autre" (carta 1). "Mon bien-aimé, je t'adore, je voudrais t'avoir nue dans mes bras. Tu es ma source de vie. Quand tu reviendras, il fera chaud, tu resteras nue avec moi" (carta 5). E a cousa vai subindo de ton: "Regarde-toi dans la glace, vois tes yeux que j'aime, tes seins que j'aime, ton sexe que j'aime (...). Je t'adore, je t'embrasse partout" (carta 26). "A moi, c'est Toi qu'il me faut, nue jusqu'à la ceinture, de bas en haut, de haut en bas" (carta 33). "Je t'embrasse longuement partout, je te pénètre. Je t'amie" (carta 35). "La première nuit, je te ferai trois fois l'amour. Et je te veux nue tout la nuit. Je vais me branler en pensant à toi (...). Si je t'aime, c'est faire l'amour, terriblement. Et te tenir dans mes bras, te lécher partout, t'écraser, te faire plus légère que tout, plus mouillée, plus chaude, plus molle et plus dure que tout. Ma langue est tout entière dans ta bouche, dans ton sexe, mon sexe te pare de sperme (...) et nous recommençons à nous caresser, à nous embrasser, à nous perforer" (carta 39). "Tu es, de toutes les chairs, la plus désirable, de tous les yeux, les plus profonds, de tous les sexes le plus chaud, de toutes les passions la plus folle, de toutes les femmes la plus belle, la plus audacieuse, la plus libre" (carta 59). "Je t'aime, je te baise terriblement partout, avec mes yeux, mes mains, ma bouche et mon sexe" (carta 65). "Mes seuls délices sont de regarder sans cesse tes photos nues, où tes seins sont si doux à manger, où ton ventre se respire et je le léche et le mange, ton sexe est tout ouvert sur mon visage entier, puis mon sexe y pénètre tout entier et je tiens tes fesses qui bougent merveilleusement, comme le printemps (...) je t'aime, tu prends mon sexe avec la main, tu as les jambes écartées, ton corps se creuse doucement, tu me branles furieusement, j'écrase tes seins, tes cheveux, et soudain tu as la main pleine de sperme et tu es forte et sûre de mon pouvoir sur toi, de ton pouvoir sur moi, sur Tout" (carta 75). E así podiamos seguir enchendo folios e folios coas expresións amorosas de Eluard, mais deciamos enriba que logo do casamento de Dalí con Gala, Eluard cambia. Síguelle a dicer a Gala que é a muller da súa vida, que a sigue amando, que eles dous sempre serán un só ser, que a súa vida foi o mellor que coñeceu, etc., mais as despedidas son de outra clase, son as clásicas entre dous amantes que teñen medo ou que respetan toda clase de convencións e así até as derradeiras cartas o final delas parecerá unha consigna: "Je ne t'oublie pas un seul instant. Je t'embrasse partout", "je t'aime", "je ne t'oublie jamais", etc., etc. Quer dicer, Eluard recoñece o contrato do matrimonio no fondo do seu inconsciente e teme transgredilo como o transgrede.

Podiamos tamén transcreber cantidade de frases que son poesía pura, mais para non aburrir ao leitor daremos só dous exemplos, exemplos que son tirados ao azar, xa que en cada carta aparecen, vexamos: "La beauté n'arrive pas, n'est jamais arrivée à faire mon affaire. Sans l'amour, tout est toujours perdu, perdu, ignoble pleins d'accrocs et de poisons fades et ignobles. Il n'y a pas de vie, il n'y a que l'amour" (carta 26). "Il y a vingt ans que je t'aime, nous sommes inséparables. Si un jour tu es seule et triste, tu me retouveras.

Car je ne veux pas, malgré la tournure désespérée que ma vie a prise, que tu sois abandonnée. Toujours à toi. Si nous devons vieillir, nous ne vieillirons pas séparés" (carta 167). Ao remate todos sabemos que envelleceron (Eluard menos) afastados un do outro, mais tanto Eluard como Gala tiveron un fin semellante, a sociedade recoñeceunos como seus, entraron na orde, sexa da cor que fora esta orde, vermella abondo descorida ou azul en vías de estiñirse completamente. Eluard morreu dunha anxina de peito e ao seu enterro foi até o arcebispo de París [4], ao enterro de Gala tamén foron as autoridades. Eluard morreu acompañado de Dominique, un asideiro ao que se agarrar pois Gala era imposible; Gala, segundo din, nos derradeiros anos da súa vida recorría os barrios mariñeiros de Port-Lligat en percura de rapaces que tal vez lle lembraran a Paul ou a Salvador, que había anos xa era unha caricatura de sí mesmo. Paul amou a Gala máis que a ningunha outra muller da súa vida, e mesmo cando estaba casado con Nusch dille a aquela que sinte moito o que fai sofrir a Nusch; ao remate Eluard estaría casado cunha alma xemea, sería Nusch unha alma masoquista como Eluard?, non importa. Xa nada importa, quedan as cartas de dous seres que se amaron, de dous seres que transgrediron co seu amor todas as normas de todas as sociedades; que ao remate foran parte desa orde, non é máis que unha triste comedia. Eluard elexíu unha orde —tristes, tristísimos os seus poemas a Stalin e outros elementos así como algunhas das súas posicións [5] ao remate da súa vida. Dalí, e con el Gala, escolleu outra orde, ao remate Dalí, Gala e Eluard serven de puntais para a orde. O desorde está noutra parte, como a verdadeira vida. Para rematar, como homenaxe a Gala e a Paul, eís un dos poemas máis belos de Paul Eluard cando loitaba pola consecución da libertade absoluta, a adorable libertade absoluta:

A DAMA DE AZULEXOS

Moi novo abrín os meus brazos á pureza. Só foi un latexar de aas no ceo da miña eternidade, un latexar de corazón namorado que bate nos peitos conquistados. Non podía caír.

Amante do amor. En verdade, a luz fasciname. Conservo a suficiente para ollar a noite, toda a noite, todas as noites.

Todas as virxes son diferentes. Soño sempre cunha virxe.

Na escola está diante do meu banco, co mantelo negro. Cando se volve para me preguntar a solución dun problema, a inocencia dos seus ollos confúndeme de tal maneira que, apiadada da miña turbación, arrodea cos seus brazos o meu pescozo.

Fora daló, abandóname. Sobe a un barco. Sentímonos extraños un do outro, pero a súa mocidade é tan grande que o seu bico non me sorprende.

Ou ben, cando está enferma gardo a súa man entre as miñas, até morrer, até despertarme.

Vou tan rápido ás súas citas porque temo non ter tempo de chegar antes de que outros pensamentos me furten a min mesmo.

Unha vez, o mundo ía rematar e nós ignorabámolo todo do noso

---

[4] Vídeo o meu Paul Eluard *Grial* 51, xaneiro-febreiro-marzo 1976.

[5] O meu "Paul Eluard e máis a libertade". *Grial* 68, abril-maio-xuño 1980.

amor. Ela percurou os meus beizos con movimentos lentos e acariñadores de cabeza. Eu creín, esa noite, que a faría voltar ao día.

E sempre a mesma confesión, a mesma mocidade, os mesmos ollos puros, o mesmo xesto inxenuo dos seus brazos arredor do meu pescozo, a mesma caricia, a mesma revelación.

Pero nunca a mesma muller.

As cartas dixéronme que a encontraría na vida *inda que sen recoñecela.*

Amante do amor.

XESÚS GONZÁLEZ GÓMEZ
Barcelona

SOBRE A IMPREVISÍVEL ORIGEM DO TOPÓNIMO GALEGO "SERVOY"

Nome de lugar e paróquia do município de Castrelo do Vale, província de Orense, *Servoy* apresenta uma terminação, a qual, de origem ambígua, abrangue nomes de possessores de estirpe latina, por um lado, e visigoda, pelo outro, sem contar com possíveis pré-romanismos, cf. *Ferr-ōnius, -ōnii* Sch 165, ou, de preferência, *Ferreoli,* com acento no *o* > *Ferroy,* em quatro incidências galegas (3 Lu e 1 Or). No segundo caso, *-oi/-oy* ascende a um elemento de formação visigodo, semanticamente ainda por identificar, como em gal. *God-oy* (A Estrada, Pontevedra) = *(villa) got-ōni,* cf. o nosso "Hispano-gotisches Namenbuch", de 1976, art. 146/18.

Ora, acontece que o topónimo gal. *Servoy,* embora à primeira vista o pareça, não se integra em nenhuma das duas —ou mais— categorias onomásticas aludidas, constituindo a sua etimologia um problema *sui generis* bastante curioso. Com efeito, Víctor Olano Silva apontou [1], infelizmente sem qualquer comentário, que a hoje chamada terra de *Servoy* se denominava, em documentos de 1132 e 1157, *servo Dei,* monast., quer dizer 'servo de Deus', ou seja uma expressão de humildade cristã correntíssima, que se repete a saciedade em documentos particulares medievais, doações, testamentos, etc.

Como se vê, estamos em presença de uma etimologia bastante imprevista, à qual provavelmente ninguén teria pensado sem o feliz achado casual de Olano Silva, que merece ser posto em relêvo. Sem esta lacónica equação, teríamos por ventura procurado a etimologia de *Servoy* num hipotético cognome latino **Serv-ōnius, -onī,* teoricamente admissível, mas ignorado da exuberante tradição antroponímica latina, que conta mais de 3.000 nomes pessoais.

Resta ainda fazer observar que o nome pessoal *Servodei,* além de ocorrer em fontes medievais, já se documenta no latim tardio, por volta do ano 500, entre outros nomes de dois bispos. Na lista dos nomes cristãos "teóforos" de Kajanto, "The latin cognomina", falta entre outros o cognome frase *Spera-in-Deum,* de larga tradição principalmente no norte de Portugal *(Esprendeo, Esprendêm, Esplendens,* ant. *Sperandei),* de que já trataram de passagem Leite de Vasconcelos

[1] Ver RDTR, Archivo, V, 1949, *Toponimia gallega, Orense,* p. 651.

e Joaquim da Silveira; cf. o nosso estudo "Nomes de possessores latino-cristãos...", 1948, art. 403, p. 146. Diga-se ainda que a evolução do sintagma *servo-dei* para *servoi* faz supor uma pronúncia dactílica *(-uu)* **servodei*, sendo o emudecimento do *d* intervocálico um fenómeno fonológico dos mais normais.

I. COMENTÁRIO A DOIS TOPÓNIMOS GALEGOS: *Vilan* e *Vilane*

Num estudo recente[2] continuei a ocupar-me dos numerosos topónimos galegos, compostos do determinado *vila/villa* mais um nome pessoal, latino ou visigodo, de possessor medieval. O interêsse particular desta pesquisa residia particularmente em identificar e analisar a origem e evolução fonológica do determinante onomástico em causa no sintagma do tipo *vila* + 'propriedade rústica' de Fulano.

Ora, pode acontecer que um ou outro topónimo pareça à primeira vista pertencer a essa categoria tão fecunda de nomes compostos com o termo comum *vila*, sem que na realidade assim seja. É o que acontece com os dois topónimos galegos *Vilan* e *Vilane*, os quais só indirectamente se relacionam com o conceito de *vila/villa*.

A forma *Vilan* corresponde a um lugar de Fornelos de Monte (prov. de Pontevedra); *Vilane* a uma aldeia de Antas de Ulla (prov. de Lugo). No meu parecer, ambas estas formas têm a sua raíz no nome comum latino VILLĀNUS, literalmente 'vilão', na acepção neutra de 'habitante de um prédio rústico', o qual secundariamente se tornou nome próprio de pessoa. Não se trata aqui de simples hipóteses, atendendo a que o antropónimo VILLĀNUS se encontra bem documentado em latim, com quatro ocorrências, além da forma feminina VILLĀNA, que se repete três vezes; cf. Iiro Kajanto, The latin cognomina, pág. 312.

A nossa exposição carece ainda de um comentário morfológico, em que se dê conta das terminações *-ane/-an* de *Vilane/Vilan*. A explicação é simples: estamos em presença do genitivo "de possessor" em -ĀNI, de uma (VILLA) VILLĀNĪ, desinência que evoluiu, por um lado, para *-ane*, na conservadora região de Lugo, e, fonologicamente mais mutilada, para *-an*, no ambiente de Pontevedra. Ambas essas modificações do latim -ĀNI concebem-se perfeitamente no plano linguístico-histórico.

II. DUAS PALAVRAS SOBRE A ORIGEM DO TOPÓNIMO GALEGO *Somoza*

Por se tratar de uma figura política contemporânea de primeiro plano, ninguém ignora o apelido do afamado ditador do Nicarágua, Anastázio *Somoza*. Não sei se alguém já teria chamado a atenção para o curioso facto de este chama-

[2] Ver "Verba", vol..., págs...

doiro ser de origem galega, pois repete-se nada menos de 14 (!) vezes como topónimo privativo das áreas ocidentais da Galiza, sem ultrapassar os limites de Portugal. Concretamente, as ocorrências respectivas repartem-se no espaço do modo seguinte: província de Pontevedra, 6; de Orense, 4; de Lugo, 2; da Corunha, 2. Estamos, como se vê, perante uma secuela de formalmente idênticos topónimos, de origem que eu saiba desconhecida, o que não deixa de aguçar a curiosidade de um linguista. Procedamos por partes:

1. Com uma excepção apenas, trata-se de localidades modestas, senão insignificantes, e perdidas, por assim dizer, no incomensurável mar dos nomes de lugar. A única povoação de vulto, e que ocorre excepcionalmente na forma do plural, vem a ser o importante município de *Somozas*, no partido judicial do Ferrol, quer dizer já distante das aludidas áreas do singular *Somoza*.

2. Tudo leva a crer, dada a sua excepcional frequência, que os topónimos galegos em aprêço remontam a um antigo protótipo comum, cuja etimologia fica por averiguar.

3. O facto de nenhum dicionário galego, com inclussão dos mais prolíferos, como o recente de X. L. Franco Grande, averbar uma voz *somoza*, faz pensar num termo bastante arcaico, há muito caído em desuso, e evidentemente sem tradição literária.

4. No que toca à etimologia do suposto nome comum *somoza*, o mais indicado seria ir buscá-la no praticamente inesgotável manancial do fundo lexical latino, sem evidentemente excluir "a priori" a hipótese de um prè-romanismo.

5. Dito isto, creio que já nos aproximamos da boa solução do nosso problema etimológico. Bem se vê que *somoça* se decompõe em dois elementos: o nome comum *soma* < lat. SŬMMA, femin. de SŬMMUS 'mais alto', e o sufixo matizador-diminutivo *-oça*, feminino de *-oço*, lat. -ŬCEUS/-ŬCEA, o mesmo que conhecemos p. ex. de *palh-oça*, etc. Aliás, o termo *soma* figura em quase todos os dicionários galegos na acepção de 'terra deixada pelo arado ao abrir um sulco', ou 'elevação natural que, como um valado, divide duas propriedades'.

6. Cremos que assim chegámos a destrinçar a história de uma "relíquia" lexical galega, procedente do mais antigo fundo vocabular latino, e que, com o andar dos séculos, perdera, por assim dizer, a sua primitiva cara semântica, a qual lhe restituimos através do presente comentário, inspirado no apelido do prócer nicaragüense Anastácio *Somoza*.

JOSEPH M. PIEL
Lisboa

FONOLOXIA E MORFOLOXIA DAS FORMAS DIALECTAIS EN "-AS" E "-ANS"

As formas dialectais de plural en -AS e -ANS (animás, cás, cans) dos dialectos A, B, C de Carballo Calero (1969) son explicadas por meio de unha regra de reducion do ditongo *aj* en *a*. Non obstante esta análise presenta vários problemas entre os que o principal é que esta regra non é foneticamente xeral en galego como indican formas como *mais, aira, chaira,* etc. Tampouco é unha regra foneticamente xeral no proceso de formacion do plural como indican as formas *pais, mais* (ou *nais),* etc. Por outra parte o galego dialectal tén unha regra foneticamente xeral de reducion do hiato *á+e* em *á,* como indican os exemplos *a escola* vs. *ascola; a ermida* vs. *armida,* etcétera.

Neste pequeno traballo demostraremos que as formas dialectais em -AS e -ANS non poden ser xeradas a partir das formas correspondentes en -AJS e -AJS senon a partir das formas en -AES e -AES por meio de unha regra de reducion do hiato *áe* en *á.*

Este artigo organiza-se como segue: en I presentamos os diferentes dialectos do galego segundo a clasificación xa clásica de Carballo Calero (1969); en II formulamos as regras de derivacion das formas en -AJS e -AJS; en III formulamos as regras de derivacion das formas en -AS e -ANS; finalmente en IV propomos unha clasificacion dialectal baseada na aplicación ou non aplicacion da regra de reducion dos hiatos *ão* e *ae.*

I. CLASIFICACION DIALECTAL DO GALEGO

A division dialectal do galego baseia-se principalmente nos resultados dos sufixos latinos -ANU, -ANA, -ANES, -ALES, etc. Saco y Arce (1868), Zamora Vicente (1953), Carballo Calero (1969) e outros autores ten-se ocupado deste asunto. Neste traballo partiremos da division xá clásica de Carballo Calero (1969) que Lipski (1973) interpretou como segue:

1. Dialecto A: Este
   Dialecto B: Centro
   Dialecto C: Noroeste
   Dialecto D: Suroeste

2.

Latin	*germano*	*germana*	*canes*	*animales*
Dialecto A	irmao	irmá	cais	animais
Dialecto B	irmao	irmá	cas	animás
Dialecto C	irmá	irmá	cas	animás
Dialecto D	irmán	irmán	cans	animás

Nesta división o Dialecto[1] A de Carballo Calero figura como D, o dialecto B figura como C, o dialecto C figura como dialecto B, e o

[1] Carballo Calero non fala propriamente de dialectos.

dialecto D figura como dialecto A, como indican os cuadros seguintes onde figura a division orixinal deste autor:

3. Dialecto A: Suroeste
   Dialecto B: Noroeste
   Dialecto C: Centro
   Dialecto D: Este

4. Dialecto A	irmán	irmán	cans	animás
Dialecto B	irmá	irmá	cas	animás
Dialecto C	irmao	irmá	cas	animás
Dialecto D	irmao	irmá	cais	animais

Para o fin que nos propomos aqui interesan-nos particularmente as formas dialectais en -AS e -ANS (cáns, cás, animás) dos dialectos A, B, C de Carballo Calero.

II. DERIVACION DAS FORMAS EN -AJS e -AJS

Se consideramos à vez as regras fonolóxicas e morfolóxicas, a primeira que intervén na derivacion destas formas é sin dúvida a regra de formacion do plural que devia ter a forma seguinte (Lipski 1973):

5. pl —> s

A aplicacion desta regra morfolóxica antes da aplicacion das regras fonolóxicas é conforme à hipótese segundo a cual a gramática apresenta a organización de 6:

6. Léxico
   Sintaxe
   Fonoloxia

e segundo a cual as regras morfolóxicas de inflexion se aplican, quer no Léxico, quer na Sintaxe [2].

Entre as regras fonolóxicas que intervén na derivacion das formas de 4 figuran a regra de Apócope de *e* final e a regra de Elision de *l* e *n* intervocálicos. Da regra de Apócope de *e* final sabemos que é unha regra temperán cuxa aplicacion data do século VIII (Grandgent 1928). Aplicando esta regra a *cane* e *animale* obtemos *can* e *animal*.

A regra de Elision de *l* e *n* intervocálicos xustifica-se por meio das alternáncias seguintes:

7. lua	vs.	lunático	mau	vs.	maligno
lá	vs.	lanar	pau	vs.	apalear
mao	vs.	manejar			

A regra de Elision de *l* e *n* vai precedida, na sua aplicacion, pola regra de Nasalizacion de vogal, como indican formas como *cans* e a preséncia de vogais nasais no portugués comun.

Aplicando agora estas regras no orden proposto, obtemos as derivacions seguintes:

8. LÉXICO	cane		animale		
SINTAXE	——	cane+s	——	animale+s	(R. de Formacion pl.)
FONOLOXIA	can	——	animal	——————	(R. de Apócope)
	cãn	cãnes	——	——————	(Nasaliz.)
	——	cães	——	animaes	(Elision de *l, n*)

[2] Facemos aqui abstraccion da hipótese da Fonoloxia e Morfoloxia Lexical (Kiparsky 1982) segundo a cal as regras fonolóxicas tamén se poden aplicar no Léxico. Unha alternativa a esta hipótese figura en Prieto (en preparacion).

Limitando-nos agora às formas do plural, as formas portuguesas en -AJS e -AJS poden ser xeradas a partir das formas en -AES e -AES por meio de unha regra de Elevacion de *e* en *i*, seguida de unha regra de Ditongacion de *ai* e *ãi* en *aj* e *ãj*.

Por outra parte as formas galegas correspondentes do dialecto D poden ser xeradas a partir das portuguesas por meio de unha regra de Desnasalizacion da vogal nasal.

III. DERIVACION DAS FORMAS GALEGAS EN -AS e -ANS

Lipski (1973) propon xerar as formas dialectais en -AS e -ANS a partir das formas correspondentes en -AJS e -AJS por meio de unha regra de reducion dos ditongos *aj* e *ãj* en *a* e *ã*. Non obstante Lipski (1973) non ignora as dificultades da sua análise, que expresa como segue:

> Tryng to save the analysis by positing a rule of diphtong reduction to be ordered after the rule of n- and l-deletion meets with several obstacles, since the process of diphtong reduction was not phonetically general (cf. *mais* 'more'), nor even general during pluralization (cf. *pais* 'fathers, parents', *nais* 'mothers'). In fact, to adequately state a rule of diphtong reduction operating synchronically along with rules of n- and l-reduction, the former rule would have to be formulated so as to apply to those diphtongs resulting from the loss of intervocalic *n* or *l* during pluralization, which is highly complex and rather unlikely rule. Furthermore, while the rules of *n*- and *l*-reduction were once active process in Galician, there is no evidence pointing to the synchronic relation of these rules (p. 53).

Como recoñece Lipski, a regra de reducion do ditongo *áj* en *á* non é foneticamente xeral en galego, como demostran os exemplos seguintes:

9.	aira	(vs. *eira*)	faixa	
	caixa	(vs. queixón)	aixada	(vs. eixada)
	chaira		aixoa	(vs. eixoa)
	baira		baixar	

En lugar da regra de reducion proposta por Lipski, o galego posue unha regra foneticamente productiva que afecta ao ditongo *aj* convertindo-o en *ej*, como indican os exemplos seguintes:

10.	eixada	(vs. ixada)	leite	(vs. lacteo)
	eixoa	(vs. aixoa)	beixo	
	eira	(vs. aira)	queixo	

Por outra parte certos dialectos do galego coñecen unha regra de reducion do hiato *ae* en *a* en fonética sintáctica, como indican os exemplos seguintes:

11.	a escola	vs. ascola
	a ermida	vs. armida
	a escaleira	vs. ascaleira
	a esmeralda	vs. asmeralda

Se os exemplos de 9 e 10 invalidan a hipótese de reducion do ditongo *áj* en *á*, os exemplos de 11 confirman a nosa hipótese segundo a cual as formas en -AS e -ANS dos dialectos ocidentais provén da reducion das vogais en hiato *áe* en *á*.

Apoian ainda esta hipótese as formas dialectais en -DA procedentes das formas en -DADE. Exemplos:

12. verdá vs. verdade
bondá vs. bondade
maldá vs. maldade
oscuridá vs. oscuridade

As formas de 12 son en efeito xeradas por meio de unha regra de reducion do hiato *áe* en *á* que se aplica despois da regra de Elision de *đ* intervocálico. Eis como exemplo a derivacion completa de *verdá* que figura a continuacion:

13. verdáđe (Elision de đ)
verđáe (Reducion hiato)
verđá

A regra de reducion de hiato *á+e* pode ser formulada informalmente como segue:

14. á + e —> á

RESUMO E CONCLUSION

En resumo, neste traballo presentamos vários argumentos en contra da hipótese segundo a cal as formas en -AS e -ANS son xeradas a partir das formas correspondentes en -AJS e -AJS. O argumento principal en contra desta hipótese é que a regra de reducion do ditongo *áj* en *á* non é foneticamente xeral en galego nin foneticamente xeral no proceso de formación do plural. Como alternativa formulamos unha hipótese segundo a cal as formas en -AS e -ANS son xeradas a partir das formas hipotéticas en -AES e -AES por meio de unha regra de reducion do hiato *ae* e *ãe* en *a* e *ã*.

Observemos que a regra de reducion das vogais en hiato *ae* e *ãe* en *a* e *ã* é paralela à regra de reducion do hiato *ão* en *ã* dos dialectos A e B de Carballo Calero. É precisamente en funcion da aplicacion ou non aplicacion desta regra que podemos definir os trés dialectos principais do galego: o oriental, o central e o ocidental. Asi o dialecto ocidental (dialectos A e B de Carballo Calero) pode-se definir pola aplicacion das duas regras de reducion de vogais en hiato (ã+o — ã; a+e — a; etc.). O dialecto central pode-se definir pola aplicacion da regra de reducion do hiato *ãe* e *ae* en *ã* e *a*. Finalmente o dialecto oriental pode-se definir pola non aplicacion destas regras de reducion de vogais en hiato. Unha division dialectal do galego baseada nestas regras terá a forma seguinte:

15.

Latin	*germano*	*germana*	*canes*	*animales*
Dialecto Oriental	irmao	irmá	cais	animais
Dialecto Central	irmao	irmá	cás	animás
Dialecto Ocidental	irmán / irmá	irmán / irmá	cáns / cás	animás

Notemos que as regras de reducion de vogais en hiato preceden à regra de desnasalizacion. Este orden é necesário para explicarmos a preséncia do *n* final no subdialecto surocidental (dialecto A de Carballo Calero). En efeito o *n* final deste dialecto só pode proceder da nasalizacion xeral do galego-português, antes da sua desaparicion nos dialectos galegos. De ser correcta esta hipótese, os dialectos ga-

legos despois da regra de reducion de vogais en hiato e antes da desnasalizacion apresentarian a forma seguinte[3]:

16.

Latin	*germano*	*germana*	*canes*	*animales*
Galego-Portugués	irmão	irmã	cães	animães
Dialecto Oriental	irmãw	irmã	cãj	animajs
Dialecto Central	irmãw	irmã	cãs	animás
Dialecto Ocidental	irmã	irmã	cãs	animas

A preséncia do *n* final no subdialecto sur-ocidental (dialecto A de Carballo Calero) a partir da nasalizacion vocálica non é un fenómeno insólito. En francés por exemplo as vogais nasais alternan con vogais nasais + n ou con vogais orais + n: (cf. *un* vs. *une* e *un* vs. *un homme)*.

D. PRIETO ALONSO
Rug (Holanda)

BIBLIOGRAFIA

Carballo Calero, R. (1969). "Sobre os dialectos do galego", GRIAL 23. Vigo.

Grandgent, C. H. (1928). *Introducción al latín vulgar*. Madrid.

Kiparsky, P. (1982). "Lexical Morphology and Phonology". Manuscrito.

Lipski, J. M. (1973). "Diachronic Phonology as Rule Complication: a Galician Exemple", LINGUA 32: 47-60.

Prieto Alonso, D. (en preparación). "Fonologia e Morfologia do galego. Plurás, Plurais e Plurales".

Saco y Arce, J. A. (1868). *Gramática gallega*. Lugo.

Zamora Vicente, A. (1953). "Geogragia dialectal: *-ao, -an* en gallego", NRFH VII 73-80.

[3] En *Galego-portugués* figuran as formas correspondentes à etapa comun do galego e do portugués que precedeu a aplicacion das regras de reducion dos hiatos *ao, ae* e *ae* nos dialectos Ocidental e Central, e às regras de Elevacion de *e* e Ditongacion no dialecto Oriental e no portugués comun. Por outra parte, por esta época as formas do dialecto Oriental devian-se de confundir cas formas dos dialectos sobre os que se formou o portugués comun.

NOTA SOBRE OS COMEZOS LITERARIOS DE RAFAEL DIESTE

Cando preparaba a edición da obra de Xosé María Brea Segade[1], atopei, entre os papeis que nos foran fornecidos por Rosa, a irmá deste poeta, o "númaro mostrâreo" dunha revistiña literaria chamada *Charamuscas*. Este "númaro", tamaño cuartilla e sen paxinar, está datado en Drius, abril de 1923. A portada, cun deseño a pluma dunha paisaxe galega debaixo do título, e o "Sumáreo", na contraportada, están escritos á man; os textos, todos en galego, están mecanografados. Os autores desta extraordinaria publicación eran Xesús Romero Suárez[2] e os rianxeiros Rafael Dieste e Xosé María Brea. O encarregado de compor e ornamenta-la revista era Brea. O propio Dieste, nunhas declaracións a Máximo Sar[3], exprésase así sobre isto: "Con este último [Brea] hice un periódico manuscrito[4] —él era quien lo copiaba y ornamentaba— en el lugar que usted menos podrá imaginarse: un fortín corroído por las balas marroquíes y las tempestades de muchos años, y acosado de noche por la rara quejumbre de los chacales. Era en el tope de un cerro empinadísimo, el Tariabuchí... Nuestro periodiquito era en gallego. Su nombre leve, nada enfático, sugería una cierta estética literaria, pero además tenía la virtud de recordar a la pequeña guarnición el hogar distante... Se titulaba *Charamuscas*".

Ignoro cántos números se chegaron a realizar desta inusitada publicación. Don Faustino Rey Romero[5] reproduce un anaco dunha carta de Brea, datada en Tauriat a 5 de abril de 1923, onde se di, ó referirse a *Charamuscas*, "van publicados cuatro números y progresa admirablemente". Segundo isto, como mínimo, sairían catro números. A carta que cita don Faustino non chegou ó meu poder e non puiden, polo tanto, comproba-los datos. Agora ben, se a data que nos fornece Rey Romero non está errada, parece demasiada actividade para o lugar e as circunstancias en que se encontraban estes tres mozos, pois terían que facer, cando menos, un número por día, e mesmo o número 4 sairía o día 5 se o "númaro mostráreo" fose o 0.

Noutra carta, datada en Dar-Drius a 23 de novembro[6], Brea supón "que arestora recibiría miña irmán Rosa unha revista i un libriño que fixemos eiquí tres amigos, nomeado *Charamuscas*, no que teño postos eu tres contos e que supoño lles han de gustar. De contado dígalle a ela que me esquirba decíndome si o recibeu ou non". Non sei se aquí revista e libriño son unha mesma cousa; en todo caso "libriño" refírese a un exemplar, a un único número de *Cha-*

---

[1] Xosé M.ª Brea Segade, *Poesía e prosa*, Concello de Rianxo, Santiago, 1984.

[2] Natural de Arzúa, segundo nos informou Rosa Brea.

[3] *La Noche*, 14 setembro 1963.

[4] O exemplar que vimos está mecanografado.

[5] Faustino Rey Romero, "Ronseles líricos en el mar de Rianxo. José M.ª Brea, un gran poeta inédito", en *Faro de Vigo*, 27 novembro 1951.

[6] Xosé M.ª Brea Segade, *Ob. cit.*, p. 130.

ramuscas enviado nesa ocasión. Evidentemente non ten por que tratarse do número conservado —contén tres aportacións de Brea—, mais, se se refire a este chama a atención que tardase tanto tempo en mandalo, afeizoado como era a enviarlle a súa obra á irmá para que lla coleccionase; se se trata doutro número, extraña a explicación que dá sobre *Charamuscas,* pois xa tiña que ser de abondo coñecida na súa casa. Rosa, a irmá de Brea, recorda que no seu poder tivo máis dun exemplar, pero non pode precisar se eran ou non o mesmo número. O exemplar que eu vin tiña algunha folla —estaban soltas— repetida, o que indica que do número mostrario houbo, polo menos, dous exemplares.

Nin Rafael Dieste na súa correspondencia con Manuel Antonio[7] nin Otero Espasandín[8], que evoca esta época en África, fan referencia a *Charamuscas.* A única alusión que coñezo procede do propio Dieste[9] e non nos aclara nada sobre os números que realizaron e cantos exemplares facían de cada un.

O número de *Charamuscas* que tiven no meu poder está incompleto, é dicir, fáltalle algunha páxina. O sumario é o seguinte: "¡Sanctus!", "Refraneiro", "Da miña lira torva", "Cantigas", "O vello que quería ve-lo tren", "Da musa popular", "Paliques", "Atardecer", "Unha alma que se vai" e "Recordos da campaña".

"¡Sanctus!", "Recordos da campaña" e "Da miña lira torva" son da autoría de Brea; "O vello que quería ve-lo tren" e "Paliques" de Dieste; "Atardecer" de Xesús Romero, e "Unha alma que se vai" de José de Pazos Vela-Hidalgo[10]. "Refraneiro" e "Da musa popular" non aparecen firmados. "Cantigas" xuntamente cos dous primeiros tercios de "O vello que quería ve-lo tren" son as follas que faltan.

Este número mostrario de *Charamuscas,* curioso polo lugar e as circunstancias en que naceu, ten o interese de permitir data-lo conto de Dieste "O vello que quería ve-lo tren", ademais de nos mostra-lo xérmolo de "O vello moreno" e outra prosiña que non atopamos recollida como asunto en ningún dos contos deste autor.

De "O vello que quería ve-lo tren" só nos chegou desta primeira edición, como xa indicamos, o último tercio. As diferencias que se observan entre o anaco conservado e o correspondente da versión que se considera definitiva[11] son semellantes ás que podemos detectar entre as diversas edicións de *Dos arquivos do trasno*[12]. Podemos considerar, baseándonos neste fragmento, que "O vello que que-

---

[7] Manoel-Antonio, III *Correspondencia,* Edición, Limiar e notas de Domingo García-Sabell, Galaxia, Vigo, 1979.

[8] Xosé Otero Espasandín, "Apoloxía de Rafael Dieste", en *Grial,* núm. 78, 1982, pp. 470-474.

[9] *La Noche,* 1. cit.

[10] José de Pazos Vela-Hidalgo figura con esta poesía na páxina 264 da *Literatura Gallega* (2.ª ed., Casa Edt. Maucci, Barcelona, 1911) de Eugenio Carré Aldao, e está datada en Valladolid en 1907. É a única composición de *Charamuscas* que leva o nome do autor escrito a pluma.

[11] A 3.ª edición de *Dos arquivos do trasno,* Galaxia, Vigo, 1973, é a última realizada en vida do autor. Na "Cronoloxía e Bibliografía de Rafael Dieste", *Grial* 78, Vigo, 1982, tomadas dos libros de Estelle Irizarry sobre este escritor rianxeiro e completadas por C.M., considérase versión definitiva (p. 490) esta 3.ª edición de Galaxia. Desta mesma editorial, na colección Biblioteca Básica da Cultura Galega, hai unha nova edición, Vigo, 1982, que presenta a lingua normativizada.

[12] Nas distintas edicións obsérvanse, ademais de cambios de títulos, algunhas modificacións no contido e na expresión dos relatos.

ría ve-lo tren" mantén, cando menos desde 1923, a súa estructura.

"Paliques", a outra colaboración de Rafael Dieste en *Charamuscas,* consta de dous breves relatos: "Boa sorte, Peito Duro" e "Fálase dun barco carboeiro". Non achamos nas narracións galegas de Dieste ningunha que se basee en "Boa sorte, Peito Duro"[13]. "Fálase dun barco carboeiro" é, evidentemente, a orixe do conto que en *Dos arquivos do trasno* se titula "O vello moreno".

Reproducimos, como curiosidade, o fragmento de "O vello que quería ve-lo tren" —comparándoo co correspondente anaco da versión definitiva— e os dous paliques, respetando fielmente os textos e as súas ortografías.

CARME GARCÍA R.
Santiago

O VELLO QUE QUERÍA VE-LO TREN

1923

despavoridas pol-o apremio. O tren parecía sufril-a impertinenza d-unha detención levando presa. E fuxeu cheo d-indiferenza pol-o probe apeadeiro apodrecido.

O neto fala moito. Cómo corría o tren! E non levaba cabalos. E había un neno como él, que avicara pola ventanela. Un neno ben vestido, de cara fina, que tiña n-os ollos isa eispresión d-os ricos nenos d-as cibdades, que andan en tren e viven en casas moi altas. Aquel neno non s--asombraba d-ir en tren. Qué misteriosa finura había n-aquela indiferenza! E tamén iña unha señorita c'unha teliña livián com-as que fan as arañas, cubrindo a face... unha teliña morada.

O vello fala pouco. Vai satisfeito, pro un pouco tristeiro. N-aquel mundo que pasara com-un lóstrego, sentía escuramente unha atrevida, irreverente bruxería, unha vida sen coto, c-o vértigo d-as áxies volteiradas d-os títeres n-as altas randeeiras. Cál era o mundo verdadeiro? Vivira él engañado tantos anos n-as altas toxeiras? Había mais mundos que o seu. Mundos de bruxería, mundos d-arriscados equilobrios mundos de irreverenza e tamén de maravela. Pro él, xa, malpocado...!

De súpeto o rapaciño dixo:

—Eu cando medre tamén hey de andar en tren.

As enrugas do vello teceron unha sombrisa tristura.

O rexo carro de bois voltaba rinchando, xemendo e dando tombos pr-aldea de nome bravo e silvestre perdida antre caladas cumes.

1973

espavorecidas polo apremio. O tren parescía s o f r i l a impertinenza das moitas cortesías cando se está apurado. E fuxeu de novo, cheo de indiferenza, como pra non se lembrar máis do probe apeadeiro apodrecido.

O neto fala moito. ¡Cómo corría o tren! E non levaba cabalos. E había un neno coma il que avicara pola ventaniña. Un neno ben vestido, de cara fina, que tiña nos ollos isa ispresión dos ricos nenos das cidades, que andan en tren e viven en casas moi altas. Aquel neno non se asombraba de ir en tren. ¡Qué segreda finura había naquela indiferenza! E tamén ía unha señorita cunha teíña levián coma as que fan as arañas, cobrindo a face... Unha teíña morada.

O vello fala pouco. Vai satisfeito pro un tanto tristeiro. Naquel mundo que lostregara un intre diante dile, avesullaba moitas cousas endexamáis presentidas alá nas outas toxeiras.

Había máis mundos que o seu. Mundos embruxados, ledos e tentadores.

Mais il, xa, malpocado...

De súpeto o rapaciño dixo:

—Eu cando medre tamén hei de andar en tren.

As enrugas do vello teceron unha sombriza tristura.

O rexo carro de bois voltaba rinchando, xemendo e dando tombos pra a aldea de nome bravo e silvestre perdida antre calados cumios.

[13] A non ser que o queiramos ver reflexado na vida de emigrante do indiano protagonista de "De como se condanou o Ramires".

PALIQUES

Boa sorte Peito-Duro!

Andrés o Peito-duro, o home de Manuela a Faimilagros volve outra vez a Bos-Aires. Iste e o terceiro viaxe. N-o pirmeiro desempeñouse d-as débidas que o asoballaban com-un feixe de plomo enriba d-as costas. N-o segundo fixo aquela casa nova que ergue â veira d-o camiño verdadeiro a sua pedra picada. E n-iste que agora vay faguer leva mentres de ganar pr-ôs balconcelos de ferro que â casa ten de lle por. Antrementres non volva, o chao d-as balcoadas istá sen antepeito, e dá medo ôs rapaciños que avican d-indo fondo d-os vidraes... Boasorte, Peitoduro!

Falase d-un barco carboeiro...

Antre mentres o home andivo navegando (xa pasaran dous anos d-inde qu-îl saira d-a casa) ela tivo o rapaciño que con cara de boa peza que *(sic)* agora anda ôs niños pol-as carballeiras. (Xa sabedes de quen falo). N-a somana pasada recibeu ela un baul cheo de boa roupa, de xoguetes, lambetadas e demais maravelas. Tamén tivo unha letra y-unha carta que viña d-a Cruña. Sábese que a carta era d-o home, pro non se sabe o que di... Tamén sábese que o home que viña pr-ô seu lar, falou n-a Cruña c-un vello amigo. Eu... mais non vos sei. Soio hey de dicirvos que o home non chega e que a muller anda c-as pálpebras roxas. Fálase d-un barco carboeiro que saíu pra Bombay. Eu non vos sey nada. Pro unha eistrana tristura apértame a gorxa.

RAFAEL DIESTE

AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO

O "Día das Letras Galegas 1986" váiselle adicar ao poeta Iglesia Alvariño, por acordo da Academia Galega. Prodúcese este feito, vintecinco anos despois de se finar o autor de *Corazón ao vento.*

Ao rexistrar a noticia, queremos lembrar á figura que se conmemora, reproducindo un artigo que Álvaro Cunqueiro lle adicou ao seguinte día do seu pasamento, así como un poema que Iglesia Alvariño escribíu no 1948.

Eis o artigo de Cunqueiro:

Cando na asoellada tarde dominical compostelá, no vello camposanto de Santo Domingo, caía terra —unha terra escura e solta, montesía, rañaz— riba do cadaleito que gardaba o corpo, val decir que aínda mozo, de Aquilino, a terra cobría un ricaz manantío de palabras. Aquela boca agora habitada polo silencio dixéraas todas, as palabras nosas, as da lingua máis propia, e agora levábaas con el ó misterio, envolveitas en terra que é moito máis que en seda. ¿Devolvíaas á lama e á raíz? ¿Dá a terra as palabras, e en cada século ha vir un poeta a lles pór lume? ¿E por qué se lle tiran, e o poeta queda silandeiro, é decir, indefenso, coa Morte?

Era un poeta sentimental, pero asosegador en sí das imprevistas angurias, da dór da soedade —que tanta parte ocupa na súa obra—, da insomne inquietude, do vago afogo de sospeitar a Nada. Viríalle de Horacio e de Virxilio esa serenidade, e aínda esa dozura melancólica dos seus mellores momentos, nos que o seu verso se curva como os horizontes da alta chaira natal, Graña de Vilarente da abidueira ollándose na auga verde da lama. Pero víñalle tamén da súa raizame labrega, da compaña que nos seus poemas lle fai a terra carnal da que procede, e habita cantor.

Moitas veces levou a un poema os topónimos da Terrachá natal, e por embaixo da compaña musical que lle facían ollábase a case sagra letanía que era dita cun profundo amor humano, que o home recramaba terra firme para os seus pés, e o poeta, sempre ese desvelado vagamundo, botaba a áncora, é decir, o brazo por riba do hombreiro dun aquecido compañeiro. Levaba Aquilino a sombra do seu país nos ollos craros. Cando nun verso se ollou morrer, ollouse

"extraño á sombra dos carballos vellos".

No meu Mondoñedo estudiou no Real Seminario de Santa Catarina, e paseou coa beca bermella sobre o negro roupón. A cabeza rapada, como era de rigor, aturaba un insolente guecho sobre a frente. El facía os seus primeiros versos e eu os meus. Non nos faláramos nunca pero coñecíamonos. E eu saín algunha vez a agardar o paso das fileiras escolares polo Sixto ou pola Carrasqueira, para lle decir

un temesiño adeus. El sorríame e tiraba o bonete, cunha cortesía que sería de príncipe si non fose montañesa natural. Eu tiña catorce anos e el dezaséis, e é esa a estampa á que agora me aferro, á que volvo, a aquelas tardes de xoves en abril.

Madureceu deseguida, e cando por vez primeira ousou decir a súa canción, naquel *Señardá* saído de prensas luguesas, e polo mecenazgo do seu barbeiro e meu —o barbeiro mesmo que respeitaba o guecho sobre a frente, contra ordenanza, quezais coma un niño para que o paxaro do vento asubiador da Terrachá permanecese na súa cabeza co acariño da súa ala—, o poeta enchera o peito e a voz con toda a dór do mundo. Eu, que tendía a xogar, mirábao agora con aglaio e tremor. E só me tranquilicei cando, dun longo verán na Graña, baixou coas cuartelas frescas, cos poemas ledos, co aire matinal de *Corazón ao vento...*

Aquilino Iglesia Alvariño era un gran poeta. Violentamente derrubado acouga no camposanto de Bonaval, folla caída antes de tempo. Pero el mesmo non foi sorprendido. No terceto final dun soneto tiña xa feita a súa figura perante a Morte e dita a súa divisa:

"Extraño á sombra dos carballos vellos,
extraño á propia sombra nos espellos,
soio a sí fiel e soio diante a morte".

ÁLVARO CUNQUEIRO

ANINOVO 1948

A Francisco F. del Riego

Outro ano en arrandeo, e detrás nosa,
os nosos pasos de onte xa sin voz.
E os nosos xeitos, xa con non sei qué
de doce señardá de cousas orfas.

Todo o que fomos ten xa unha alma antiga
con trinta anos de mármore e alcipreste,
con dozura de herbiña silenciosa
e terra bendecida e oco escuro.

Aquel verso primeiro, aquel amor
que eu tiven non sei cando, máis amargue
e pequeniño que un agruño verde,
e aquel camiño longo que perdín.

E aquel medo na noite malferida
toda esgarrapizada polas beiras.
E aquela soledá, ¡qué ledas cousas,
ora que son almiñas do outro mundo!

¡Qué ledas cousas ora cara ó escuro,
cando imos a subir á carriola!
¡Qué ledas cousas, qué recimo ledo,
doce de intres amargues coma agruños!

AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO

A XUSTA REEDICIÓN DE «MITTELEUROPA»

No ano 30, entre maio e setembro, Vicente Risco viaxa a Alemania. Sen dúbida é neste periplo onde se vai producir un dos máis claros encontros que o mestre de "Nós" ten realizado coa cultura europea que sempre arelou. Tamén con moitos dos feitos sociais que acontecían naquel momento da Europa. Froito del foi a publicación dun dos textos necesarios para comprendermos certas significacións culturais dos homes do cenáculo ourensán e, máis concretamente, o *europeismo* risquiano na súa maior medida. As entregas desta viaxe espiritoal, encomenzounas a publicar Risco na revista "Nós". Desde o número 79 ata o 120, fixoo baixo o título "Da Alemaña". Rematan estas coas "Ideas de Berlín", que é onde se pechan as páxinas desta reedición. Moi logo Risco seguíu publicando, tamén no ámbito da revista, a parte que el titulou propiamente *Mitteleuropa* e que cubría os encontros coas cidades tamén fondas na cultura europea, de Praga e Viena. Necesario era ter hoxe a proba real da meditación que, de xeito constante, o escritor ourensán soubo proxectar sobre o Occidente e a Europa do seu tempo.

A nova edición de *Mitteleuropa* debe encher certos eidos do pensamento risquiano non sempre recoñecidos. O primeiro Risco que resalta nas páxinas deste libro é o do importante observador dunha variedade de feitos que discurren diante dos seus ollos. Pulsa os labores das xentes que encontra no seu camiño, e nesto non se desembaraza da súa manifestada actitude etnográfica. E é que un dos máis importantes propósitos da viaxe era, precisamente, o do estudio folklórico-etnográfico á sombra da prestixiosa Universidade alemana. Pero "Mitteleuropa", máis que unha viaxe ó cerne dunha Europa sempre perseguida por Risco; máis que unha viaxe, incluso, á cultura real daqueles 30, vai significar unha procura da Europa xa perdida ou, por dicilo con palabras que podían ser do mesmo Risco, a unha *Europa decaída*. "Mitteleuropa" é, por riba doutras moitas cousas, a viaxe imposible á Alemania romántica á que Risco non pode encontrar. De xeito máis explícito é o imposible achádego daquel vello espírito do Romantismo que para el representara fielmente a nación alemana. O que Risco procura, en definitiva, é o tempo do Idealismo e as súas pegadas, xa borradas do escenario da Europa. Todo aquilo que Alemania otorgara á razón de Europa e, ó mesmo tempo, ó pensamento *antimaterialista* do noso escritor.

Desde as páxinas de "Mitteleuropa" son constantes as alusións a esta idea dunha nova sociedade que enterra o ideario romántico. "Romantismo en parte, é paixón; violencia e paixón. Co gallo disto censuran algúns que non deberían (Sardinha, Maritain) o Romantismo. Non hai razón: o Romantismo é bó e ruín. O clasicismo é frío de máis para ser bó". E velaí que Risco ensalza o elemento "romántico" nun tempo de posicións estéticas clasicistas —D'Ors— ou racionalistas. Con respecto ó Romantismo perdido na Alemania dirá: "¡Canto máis agradable non había ser aquela Alemania que non a de agora! A Alemania romántica, a que todos levamos dentro e que non atopala é un timo". De novo esa arela de retornar a un tempo pasado, reverso dunha constante irreconciliación cos anos presentes. Esta é tamén unha das teimas

esenciais deste viaxe sen encontro. Risco rexeita a decadencia do Occidental, a súa imaxe nos sinais dunha nova Alemania, sinais tamén de Europa. A imposibilidade que ten para comprender ou asumir moitos dos fenómenos daquel tempo, fai que busque refuxio na vella idea do Romantismo, niso que para el son os tempos mellores. "O Tobío láiase, coma min, da desaparición da Alemania romántica". O seu pesimismo decadentista, en boa medida spengleriano, levarao a dicir de xeito rotundo: "O fin non pode andar lonxe", porque "esta non é a Alemania romántica dos nosos soños".

Un dos pensamentos centrais de "Mitteleuropa" é, xa que logo, a desaparición do espírito romántico ó que dí "privilexio do home superior". Risco opón, Romantismo, xa non ó clasicismo, senón tamén ó materialismo. "Aquilo era a paixón —Romantismo—. Agora reina a friaxe; trátase do sexo exclusivamente: materialismo, ou sexa marxismo". Semella que "Mitteleuropa" sexa unha viaxe perdida, imposible, xa que inútil é o anceio de acada-lo mundo ó que Risco considera perdido. Nada máis lonxe, en "Mitteleuropa" vaise realizar, claramente, a viaxe espiritoal á Europa; feito consustancial ó pensamento dos homes de "Nós" e quen mellor que Risco para constatala. Certamente sorprende a capacidade de Risco para indagar nun tempo no que quere ficar alleo. Apesares de busca-lo imposible refuxio dos tempos pasados, teima en comprender, interpreta-los designios daquel presente histórico. Berlín é o ámbito central do libro, o mellor dos teatros polos que pasan unha serie de feitos culturais e artísticos dos que Risco soubo tomar boa nota. Curiosa é a actitude do escritor que se nos mostra, ó mesmo tempo, pechada e receptiva. E sorprende esa continua pechazón que Risco ostenta con moitas das ideas novas, pero tamén a súa capacidade para acoller certos modos da vangarda.

A reflexión estética sobre as artes plásticas debería ser estudio dunha detida análise, dunha confrontación coa que o mesmo Castelao tamén proxectou sobre as vangardas pictóricas europeas. É, sen dúbida algunha, bó degustador de pintura don Vicente; e nisto é relevante o seu achegamento ó xa celebrado expresionismo alemán. Detense nas salas da pintura nova e hai tamén un cadro de Paul Klee do que toma boa nota. É, xustamente, a partires dos capítulos de "Museos de Berlín" onde o libro se achega máis ó cuaderno de viaxe. Quizais porque "Mitteleuropa" sexa tamén un cuaderno de viaxe que se transcende na procura de implicacións estético-filosóficas. Vanse multiplica-los debuxos que sempre acompañaron as páxinas do mestre, e poñemos por exemplo os que el tamén fixo para o seu "Libro de las horas". Aquí non só está o Risco que pensa a Europa, Alemania ou Berlín. Tamén o etnógrafo. O que quere reflexar todo o que ven os seus ollos. Non só os cadros, senón tamén as xentes das rúas, o engado que nel producen os animais dos zoolóxicos. Toda cousa humilde que teña para el algún interés.

Risco está convencido de que "a Alemania que todos levamos no corazón áchase ausente de Berlín", mais dá fe daquela á que encontra, aínda que o faga dun xeito evidentemente pesimista. Aquela é unha sociedade sen Deus, que para el desplega un múltiple ideario de "ismos" que non comparte. ¿Cál é a posición do mestre de Nós? Sen dúbida a xa recoñecida do seu antimarxismo, do seu antimaterialismo. A dun idealista que non ve por ningures a plasmación do espírito romántico. É certa e sotil a presencia de Galicia ó longo de toda a viaxe. Vai con el poisque, certamente, o pensamento é devolto á terra. A esa Galicia que, desde o comenzo do libro, non acerta a saber que papel pode desempeñar no ámbito desa Europa perseguida. Risco deixará claro, xa nas primeiras páxinas, que pola súa posición de *fisterre* (atlantismo esencial do pensamento de "Nós") non se asimilou completamente a Europa. Non comprende e edifica serodiamente o gótico; a arte máis propiamente occidental.

Necesaria e xusta é esta reedición de "Mitteleuropa" para corroborar que o doctrinario estético e filosófico de Vicente Risco presenta menos rupturas do que ás veces se poidera pensar. Pode se-la inútil procura da Europa perdida, do espírito romántico, pero é o encontro coa Europa real daquel tempo.

Cos incertos agoiros sinalados en Berlín. É tamén un dos importantes achegamentos que, desde este país terminal, fixeron os homes de "Nós" ó corazón de Europa, e claro emblema do seu europeísmo. A conciencia das tenebras de occidente é outra das claves posibles do libro. Pero, a fin de contas, a viaxe estaba realizada.

RAMIRO FONTE

AS MÃOS NA ÁGUA A CABEÇA NO MAR, de Mário Cesariny [1]

Principiemos por pór as cousas en claro: reseñar este libro é un insulto duplo: ao autor e aos literatos que van ler a reseña. O primeiro é un dos meus nortes; os segundos, pobres ratos que non saben como perder o tempo e adícanse a ler esta reseña, pior para eles. A Mário Cesariny, se chega a ler isto, pídolle disculpas, aos outros, que se vaian á m.

Postas algunhas cousas en claro falemos un pouco deste libro; outro insulto, non é un libro, é un acto. Falemos pois deste acto, acto de liberdade absoluta, acto de liberdade total impreso en trescentas vintaoito páxinas. Páxinas que nos van entregar a poesia, a liberdade na súa forma máis viva e salvaxe. Cesariny, falando, defendendo, loitando pola poesia, vai darnos unha defensa total da liberdade. E como o fai? sinxelo: Rimbaud, Lautréaumont, Emily Dickinson, Dada, o surrealismo, o surrealismo portugués, Mário Henrique Leiria, António Maria Lisboa, Arpad Szenes, Apollinaire, etc., etc. Son actos de afirmación de Cesariny a favor da poesia e da verdade, pois cada texto, cada intervención do poeta portugués é unha afirmación da verdade poética por riba de todo. E esa afirmación da verdade lévao a intervir en querelas que pódese pensar lle fan perder o tempo, mais non. Ou tal vez sí, quen sabe, pero a perda de tempo en Cesariny é un gaño para o leitor, para o seu leitor. E asi ollámolo entrar en polémica: contra o prefácio de Jorge de Sena á edición portuguesa dos *Manifestos* de Breton. Cesariny desmonta unha a unha todas as burradas que vai enxergando no seu texto o rato de Wisconsin que mesmo intentou facerse pasar como o introdutor do surrealismo en Portugal (inciso: sábese, e ben sabido, que o tal Sena ten moi bon cartel dentro e fóra do seu país, nas universidades e sitios semellantes, onde se coce de todo, certamente, agás poesia e liberdade. O tal Sena, era tan seu, tan marxista-xesuita que proclamando a liberdade sexual só se lle ocorreu ter como oito ou nove fillos. Era tan pouco clarividente que, escrebendo un libro ó que lle espetou o título de *O reino da estupidez*, non se coroou rei de tal reino).

Mais non é só o tal Sena quen é colocado no sitiño que lle corresponde, non. José Augusto França, o definidor de toda a arte portuguesa do século XX (ou tal se cré) é resituado onde lle corresponde (esperemos que no próximo volume de panfletos de Cesariny se recolla aquel que foi repartido en 1976 e que dicia: o França é pior do que a Nato. A A.I.C.A. é pior do que a C.I.A. A arte é pior do que tudo). Tamén son postos no seu lugar os idiotas que fan versións para nenos do Gulliver de Swift. Tamén nos diverte o poeta falándonos da "Crítica con que nos maçan" que podiamos reproducir inteira aquí para ver se algún aprendia cousa algunha de proveito. Ou tamén poderiamos reproducir o que fala de Ezra Pound en dous tempos, Cesariny non se mexa, certamente, de gosto co poeta mussoliniano, e é sobretodo beneficiosa a aclaración que fai sobre a capa publicitária que lle puxeron os editores lusos a unha escolma do poeta norteamericano que o portugués considera (a súa poesía) libresca e pedante (máis dalgún literato debe estar a piques de sofrir un infarto, arre demo!); a capa reproducia un xuício de Hemingway segundo o cal todo aquel poeta contemporáneo que afirmase non fora influenciado por Pound merecia máis a nosa piedade que a nosa reprobación. Logo de se cachondear un pouco e de preguntar se Pessoa, Pas-

[1] Assirio e Alvim. Lisboa, 1985.

coaes, Sá-Carneiro, Torga, etc., foron influenciados por Pound, pregúntase se Desnos (morto nun campo de concentración nazi) foi influenciado polas palestras do americano na rádio italiana, se Apollinaire, Michaux, Bretch, Cernuda, etc., son émulos de Pound; e remata dicindo: "O único poeta deste século que deve alguma coisa a E. Pound e a quen todos devem por causa dele, é T.S. Eliot: deve-lhe ele, e devemos-lhe, a invenção de Ezra Pound". Tamaña negación e tamaña afirmación só pode ser feita por un espírito libre, anti-literário e anti-libresco: eis Cesariny. Pero non é só iso o libro, hai moitas cousas máis.

Hai unha excelente e clarificadora cronoloxia do surrealismo portugués, hai unha excelente reivindicación de Teixeira de Pascoaes como poeta, hai unha clarexadora nota sobre Pessanha onde fala Cesariny do seu descobrimento do poeta morto en Macau por medio dunha certa edición de *Clepsidra;* logo veu a edición que engadia cousas novas, e as cousas novas case apagaban, non chegaban, por sorte, os maravillosos poemas que lera na vella edición. Hai unha xenial, maravillosa conferéncia fustrada sobre Dalí, hai unha escolla de cartas dos anos 47-48 tituladas "Contributo ao registo de nascimento existéncia e extinção do grupo surrealista de Lisboa" onde moitas cousas son postas ao claro, hai un belo texto ainda actual (como non!) "Do surrealismo e da pintura en 1967", hai apresentacións de pintores e reivindicación de poetas: Vieira da Silva, Arpad Szenes, Eurico Gonçalves, Mário Henrique Leiria, António Maria Lisboa, Malangatana Valente, Cruzeiro Seixas (que pouco vos dirán estes nomes, literatos de aldea e artistas de cimetério!). E hai prefácios a Dada, a Rimbaud (do que Cesariny é tradutor ao portugués, e aquí —para sorte miña— síntome ligado a el por que eu o fun ao galego), e nos fala dalgún Dada esquecido (inclue ao catalán Joan-Salvat Papaseit, que nono era e nin o foi nunca, pero boeno), e fálanos tamén da literatura de evasión e da literatura de reclusión; dános, entréganos a súa intervención e respostas a algúns dos participantes nun colóquio celebrado en Madrid sobre "Realismo e realidade na literatura contemporánea"; escrebe sobre a Bahaus, sobre o pintor e poeta Jorge Camacho, tradúcenos un diálogo entre Marat e Sade da obra de Peter Weis, avisa do regreso de André Breton, traduce a Paz e Michaux; ofrécenos unha entrevista na que se nos conta como un libro seu foi apresentado nunha sala de baile e bailando (grande cabreo e escándalo entre certos literatos de Lisboa, capital do Porto, como avisa o noso —que non voso!— poeta); tradúcenos a Hans Arp e a Kurt Schwitters, Raoul Hausmann e Kandinsky, avisa a tantos que ainda nono saben que existe un home que se chama Julien Gracq (e que ademais escrebe, autor de textos capitais como "A literatura no estómago", "André Breton, quelques aspectes de l'écrivain", tres das novelas máis importantes do século XX: *Au chateau d'argol, Le rivage des Syrtes* e *Un balcon en forêt*, asi como do texto de presentación "Lautréaumont toujours"), traduce un canto dos indios koguis; en fin, non fala nunca de literatura polo que moito me temo, ouh pobriños mamaleites que diria Manuel-António, nono ides ler nunca, pois este acto de trescentas e pique páxinas fa queimarvos as mans e os ollos, ou o que pode ser pior, podia ser que vos chegara interesar e fixerades unha desas teses ou tesiñas que adoitades. Non, non o leades, non o pidades ao voso libreiro que pode pedilo a Portugal. Non, non é un volume para vós.

Non, non é esta *as maõs na água a cabeça no mar* un volume para literatos e cousas desas, non. O presente volume é para vós, para todos aqueles que amades a liberdade absoluta, a poesia, para aqueles que amades, para aqueles que seredes capaces de deixar a escrita, para aqueles que vivides a poesia e non a convertides en matéria de "estudo" nin de comercio. Non, Mário Cesariny escrebe para vós, non para eles. Mário Cesariny está con vós, por que está contra eles: profesores, policias, críticos, siquiatras, pais, torturadores, exércitos, igrexas, contra todo aquilo que sexa ou signifique opresión. Non, o presente volume non é un libro, é unha arma arroxadiza e como tal compre saludala, e por iso eu calo, porque senón comprira guindala contra min. Deixemos a voz do poeta falar:

Liberdade.

A liberdade conhece-se pelo seu fulgor.

Quatro homes livres não são mais liberdade do que um só. Mas são mais reverbero no mesmo fulgor.

Trocar a liberdade en liberdades é a moda corrente do libertino.

Pode prender-se um homem, e pô-lo a pão e água. Pode tirar-se-lhe o pão e não se lhe dar a água. Pode-se pô-lo a morrer, pendurado no ar, ou à dentada, com cães. Mais é impossível tirar-lhe seja que parte for da liberdade que ele é.

Ser-se livre é possuir-se a capacidade de lutar contra o que nos oprime.

Quanto mais perseguido mais perigoso. Quanto mais livre mais capaz.

Do cadáver dum homem que morre livre pode sair acentuado mau cheiro —nunca sairá un escravo.

Autoridade e liberdade são uma e a mesma coisa [2].

XESUS GONZÁLEZ GÓMEZ

O INVERNO DO LOBO, por Xoan Manuel Casado

Libros coma *Rexistro de menores espantos* (1973), *Os Preludios* (1980), e o aínda inédito, pero coñecido fragmentariamente, *Antigo Futuro*, asentaran a idea de Xoan Manuel Casado coma un poeta singular, alleo ós tópicos, ás fórmulas e ás tradicións da lírica galega. Xoan Manuel Casado era o poeta, en galego, da súa Barcelona de nacencia, vocación e exercicio. Poeta das noites interminables das barras da Diagonal, dos menceres nas bufardas secretas dos bairros altos, dos restoráns luxosos de Sant Gervasi, poeta dos longos menceres do *Up and Down*, onde os mesmos figuróns repiten desde hai vinte anos os mesmos xestos, un sorrir morto, unha man aloumiñando o vaso, sempre idéntico, que recolle a canseira de tódalas noites, os inútiles arrepentimentos das rapazas que imitan a Romy Schneider, os relumbres dos espellos onde adolescentes de finxida febleza perden os seus ollos á espreita. Xoan Manuel Casado é un *outsider*, un poeta que pasa os seus cabos de semana en Niza, repetindo, diante un mar de irritante fermosura, lecturas demoradas de Spinoza ou dos *Principles* de Berkeley, dous dos libros máis amados dun home que gosta máis de perderse nun ben artellado sistema de ideas que nos escesos sentimentais da literatura de ficción.

O seu terceiro poemario, *Libro de Caldelas* (1982), rompía con esta imaxen, por máis que só na segunda parte do libro, pois a primeira prolongaba a línea dos libros anteriores. O *Libro de Caldelas* está adicado á terra dos seus antergos, e este poeta que parecía sen raiceiras percura nuns poemas carregados de emoción auténtica os paraísos perdidos da nenez á beira do Sil, mestas carballeiras baixando ata as augas mouras, lameiros cinguidos por carrouchos, videiras cobrizas do outono. O *Libro de Caldelas* é un exercicio de emocións, coma un anceio de compensar tanta noite estéril, tanto albiscar menceres rachados pola refolada verde e noitébrega dos taxis.

O *Inverno do lobo*, primeira novela do Xoan Manuel Casado, supón a persistencia neste mundo ensoñado con lembranzas de lecturas e vivencias da nenez. Non é, con todo, unha recreación lírica. Cunha levísima deformación irónica, cunha cárrega de ternura nada oculta, Xoan Manuel Casado traballa sobre lembranzas, con personaxes tópicos dos ámbitos vilegos de Galicia —o crego, o cacique, os putañeiros, os tabernarios, as comadres— engadíndolles o aire anovador dunha revolta, entre mística, social e absurda, cun toleirán convertido en profeta, coa intervención brutal da represión institucionalizada —desde a Eirexa ata a Gardia Civil— para que, ó remate, todo volva ó rego, e manden os que sempre mandaron, e obedezan os que naceron marcados co ferro da servidume.

[2] Excerto de «Autoridade e liberdade são uma e a mesma coisa», manifesto repartido en 1958, insulto ao Goberno no ano da candidatura à presidéncia da República do Xeneral Humberto Delgado.

O mellor da novela, xunto coa construcción perfecta, sostida e sen caídas, e a galería de personaxes e, por riba de todos, o crego, don Segundo, sempre a retesía coas tellas e as pingadas que lle asolagan o presbiterio; don Sebastián, o cacique, convencido de que un mundo, o seu, está a findar, pero teimudo, por fidelidade a unha actitude familiar máis que a convencemento propio, en mante-los seus privilexios; o Honorio, un trapalleiro que sinte a chamada de Deus e convirte as beiras do río en terra de promisión para beatas, parvos e mestruzos, unha especie de Prisciliano ó bravo, milenarista sen sabelo. Arredor deles, unha chea de figuróns vistos con levísima deformación irónica: o Cesáreo, o Polito Losada, o sarxento...

Unha boa novela esta de Xoan Manuel Casado, que se lé sen fatiga, que interesa desde o comenzo, con esa escena do crego a dormir cuberto cunha porta de carballo, que semella producto da fantasía e que, polo visto, é verdade, ou tal contan as xentes de Caldelas. Unha novela espléndidamente dialogada —véxase a conversa entre don Segundo e don Fernando, as discusións entre as putas e o Cesáreo, o encontro entre o sarxento e mailo cacique— cun bon ritmo narrativo —o relato da batalla nas encostas do río, por exemplo—, ben escrita. Cumple aquelo de ser "unha historia ben contada" que esixía Cunqueiro a toda boa novela. Muitas veces ó longo do relato aparez o poeta, e non nas descripcións, que o autor fuxe de todo esceso de lirismo, da tentación de caer no poema en prosa que estraga tantas novelas escritas por poetas. Aparez o poeta no emprego dun adxetivo con valor inusitado, máis suxeridor que descriptivo, na creatividade desinhibida de muitos párrafos, de expresión precisa cinguida e segura nas descripcións das paisaxes, no perfil destes homes e mulleres nos que asoma unha levísima deformación paródica que non chega con todo á caricatura.

O *Inverno do lobo,* unha boa novela, digna ó meu ver do Premio Blanco Amor —hai algo de Blanco Amor no fondo desta novela, coma un homenaxe do autor a quen foi tan seu amigo e compañeiro— e promesa dun novelista que aparez no ámbito da nosa narrativa como algo máis que unha promesa, coma un narrador coallado e moi seguro dos seus recursos e da súa lingoaxe.

BASILIO LOSADA

LEMBRANZA DO AREAL, por Xavier Rodríguez Baixeras *

Se a poesía galega actual, a nova e non tan nova, quere ser ademais de grande anceio realidade consumada, necesita de libros como o que hoxe nos preocupa. Estoume a referir ó novo e recente poemario de Xavier Rodríguez Baixeras *Lembranza do areal.* Non sei en qué parnaso xeracional podemos instala-la figura humana e literaria de Xavier Rodríguez Baixeras porque, se cadra, el non necesita de quintas nin de compañeiros de escolástica. Pero sí é necesario dicir, e para ben das nosas propias letras, que Baixeras, xa desde mozo preocupado polo acontecer da literatura galega, abandonou o seu rexistro inicial en castelán *(La ciudad sumergida)* para dar arte e canto á nosa lingua. Hai unha tríada de poetas, que viven na cidade de Vigo, vencellados pola súa ben cultivada vocación hispanista, pola súa teima de lectores impenitentes, incluso polos seus labores profesionais que cumpren certo periplo común por riba da distancia dos seus estilos. Está configurada polos nomes do propio Baixeras, Álvarez Cáccamo e Manuel Vilanova, e son unha especie de maiores en edade que, dun xeito interxeracional, pechan antoloxías do que foi e ábrenas do que será. Son, alén disto, unha necesaria referencia para quen desexe le-las nosas líricas de hoxe. Pero estabamos a constata-la saída dun novo libro de Xavier Rodríguez Baixeras, poeta da música perfecta e tamén dos lugares terribles do home.

Xa se sabía polo seu primeiro libro en galego, *Fentos no mar,* que Xavier

* Colección Pero Meogo, 1985.

R. Baixeras é un poeta que, prescindindo de vanas novidades, prefire instalarse nunha forma de composición concreta. Cando o poeta escolle faino optando por un verso que é fermoso para toda a tradición da Romania, o endecasílabo, e por un modelo estructural que nunca deu os froitos máis claros, ou non os deu dun xeito constante na nosa lingua; o soneto. Moitos poetas prefiren, no ánimo de seren modernos, o cultivo da disonancia apriorística, da ruptura ben ou mal dada. Aquí está Xavier Rodríguez Baixeras para nos demostrar que a categoría da modernidade é tan só unha convención imposta polos aconteceres destes anos finiseculares que, por non criar, non crían nin unha avangarda feliz, xubilosa e altiva. Baixeras acóllese á forma pura, á pedra tallada que Valery penso consideraba o poema. Faino para nos impor, de xeito categórico, unha necesaria volta ó dominio estricto da palabra. E non fica por iso minguado o canto, senón todo o contrario. O canto álzase, sube e celebra. Conserva os seus lugares de espanto ou de ledicia. "Construimos un lugar de silencio e de paixón" que dicía Helder, pero apuntala a súa forma de columna grega; non xa como ornamentación senón como íntimo designio. Xavier Rodríguez Baixeras devólvelle á lingua unha dignidade non só poética, tamén léxica. Canto labor de misterioso ourive, de amor sosegado hai na valoración de cada palabra do poeta. Canta sabia tensión sintáctica para domea-la forma do endecasílabo concertado. Canta felicidade porque o poeta leva a bon porto a súa aventura.

Lembranza do areal é un libro primeiramente esquivo. Precisa dun lector de poesía, dun bon lector. Pode ser unha poesía para poucos pero, curiosamente, é esta, a única que hai, a que moi logo se fai dos moitos, ou dos precisos. O que non acontece é que sexa un libro esencialmente formalista. A disposición do autor frente á forma é de achádego e non de reviravolta. Xavier Rodríguez Baixeras déixano-lo soneto elevado á posibilidade e totalidade das súas formas pero nolo deixa limpo, morno coma auga de marzo. Lene coma a sustancia do areal na memoria que se procura. Unha vez salvado o código rítmico que impón a forma, paga a pena, lector anónimo, que te adentres polo casal do verbo de Baixeras. Nel verás, alén da orfebrería precisa, a teima do paso do tempo. A procura dos recintos do home. As casas da infancia. Esa humilde beleza que dicía Noriega e que aquí deixa de ser humilde para se consagrar como grande beleza. As mulleres escuras que dormen nenos nas estacións de Portugal. Ei-lo segredo da palabra, a súa grandeza; facer unha resposta ó libro do amigo "E direivos eu do míster das cobras" con xeito de protocolo e converti-la dádiva en poema. A lección rigurosa de cómo se fai ben, sen toca-las teclas dun eivado piano, un poema que toma a referencia cultural para se alonxar dela e non ser, simplemente, unha nota a pé de páxina doutro libro xa lido. En trinta poemas, case que todos de catorce versos —hai algunha excepción de boa heterodoxia no soneto— pervive unha lección plural do noso poeta. O moito que se pode facer coa sustancia dunha lingua minorizada. O moito que se pode cantar desde o cómaro da forma estricta.

En *Lembranza do areal* escríbese ó dictado dos mellores pianos do verbo. E Xavier Rodríguez Baixeras ten a ousadía de achegar a nós certos aspectos daquel barroco castelán que non tivemos. As homenaxes, nunca ditas, están polo demais presentes. Francisco de Quevedo, Camoens, ou o grande Antero que sí era un illeu romántico como Baixeras quere. Dos nosos non sei se o cultismo de Pondal, ó que consagra un poema, en todo caso a súa é a sempre clara versificación de Curros. A súa coidada escolla léxica fainos pensar nun Iglesia Alvariño. E este é un dos grandes acertos do libro; unha boa lección do que é unha posible linguaxe literaria específicamente galega. O soneto como forma proseguida fai que o labor do noso poeta sexa lindeiro ó do último Arcadio López Casanova. Mais iso si, o canto de Xavier Rodríguez Baixeras repousa nesas "illas que nunca dormen o seu sono", nas "praias para partir e ver en soños". Porque a palabra, acollida ó dominio da forma musical, non está magoada, senón libre para dicir tódalas cousas que dí o poema. Aquí fican aquelas que separan as escolásticas do canto. Xa o dicía Manuel Vilanova no limiar de *Fentos no mar:* "O noso poeta non pode con-

sentir que as dificultades que proporciona o natural desafío dos discursos contemporáneos estea ausente". Gracias ó vento clásico e non a pesar deste. Gracias ó vento que se respira nas paisaxes sagradas de Rodríguez Baixeras, o seu é un poema contemporáneo. Estrictamente contemporáneo.

RAMIRO FONTE

TRASALBA OU VIOLETA E O MILITAR MORTO, por Margarita Ledo Andión [1]

Despois de ler a presente novela de Margarita Ledo Andión, o lector pódese sentir pouco satisfeito porque nela o que menos conta é a narración. Ou sexa, a presente novela non é unha novela; é un amoreamento cáseque indebido de técnicas narrativas, historias por contar, frases máis ou menos brillantes, posicionamentos de vangarda (logo se falará dela), hipérbatons, anacolutos, gravuras, deseños, anacos en english, deseños topográficos, etc., que levan a unha conclusión: a narradora chega, en momentos, a domina-las técnicas verbais pero non parece coñecer moito das técnicas narrativas; ou tal vez sexa esa búsqueda frenética e/ou desesperada de novas técnicas que leva á presente novela a un calexón sen saída, a un amoreamento de frases, a, en fin, unha pouquedade narrativa que entronca á presente cos vellos produtos deitados polas inicuas e inocuas narrativas vangardistas dos mediados dos 60 e comezos dos 70. Pero compre falar desta novela e do seu resultado e non daquelas narrativas ás que, por outra banda, haberá que voltar para falar desta narración de ben feo título.

Trasalba ou... é a segunda entrega narrativa de Margarita Ledo, segunda entrega que se enlaza coa primeira por toda unha serie de cousas: as mesmas técnicas narrativas —aínda que aquí usa máis e demais—, as *mesmas* técnicas verbais, a mesma pobreza léxica e as mesmas gañas de abraia-lo posible público lector por medios dunha sucesión de nomes que nada teñen que ver na narración, e que só son traídos a contrapelo pola autora para amosa-lo seu saber literario ou a súa cultura pero que nada engaden á narración; e polo que se sabe (lapela da editora) a presente é unha novela. E como novela ten unha mínima historia a desenvolver. Historia que se desenvolve entre Galicia, Madrid e París de 1917 a 1936, momentos claves da historia de Europa e da humanidade, da Revolución Soviética á guerra civil Española. O protagonista da novela é, claro, galego. Galeguista. Vangardista daqueles anos, ou sexa, nada verosímil. Mais o narrador non ten porque contar unha historia verosímil, será o lector quen decida ó cabo. A narradora vai desenvolvendo por diferentes tempos a súa novela, vai engadindo historias e contos, poñéndolle (xa se dixo) anacos en inglés, frases en francés, tangos, diálogos en portugués, pensamentos e dicires con citas de nomes que distorsionan o tempo narrativo (Perucho, Andy Warhol); recurso lícito que se usa para darlle —normalmente— un sentido irónico ó que se está a contar, pero aquí está ausente (a ironía e o humor); diferentes persoas narrativas: primeira, segunda e terceira; discursos ideolóxicos —feministas, sobre todo— que amosan unha boa capacidade ideolóxica da autora, máis ca narrativa. Nunha palabra: a narradora agacha a súa pouca capacidade para contar unha historia mediante toda unha serie de técnicas narrativas que non chega a dominar, e engádelle algún toque de modernidade (citar a todo un mangado de nomes que o lector coñece como pais da modernidade e do moderno). Súmeselle unha serie de técnicas verbais que domina mellor que as outras e amoree frases, e eis o que é esta *Trasalba ou...*

Técnicas verbais, narrativas: anacolutos, hipérbatons, tronzados de ritmos que normalmente non veñen a conto (por exemplo, e reiterativo en toda a narración: pasar a punto e aparte cando sería punto e seguido) pero que lle dan un toque de axilidade que non existe despois da segunda repetición. Distorsión histórica: Perucho, Andy Warhol, a Serie Negra, Duchamp citado por

[1] Edicións Xerais. Vigo, 1985.

galegos galeguistas, Pessoa, poema dada no ano 30 (ben retrasado, por certo), etcétera, que queren da-la información daqueles anos, pero que non son máis que unha barafunda de datos amoreados (xa o dixemos). Por non falar do pobre discurso sobre o vampirismo que atravesa toda a novela. En fin, que a narradora fixo unha novela "a priori", querendo ser vangarda cando había que ver se pasaba de moderna, dirixíu e deseñou a súa novela desde a primeira liña e así lle saíu: descabezada, deslabazada, aburrida e anticuada, tan anticuada que en certos momentos máis parece un vocabulario ou un libro de citas que unha narración.

Mais a narradora quixo darnos outra cousa que o que nos entregou (e aquí habería que citar a D. H. Lawrence cando nos dí "non creades nunca ó artista; crede no seu relato" pois unha cousa son as intencións e outra os resultados). E a narradora quixo dar outra cousa, se supón, polo que dí no limiar. Quixo ser vangarda e moderna e por iso se autodefiníu no prólogo, e por iso se entronca coas vangardas dos 60 e 70, que se autodefinían, quer dicir, que falaban de sí coma vangarda; que alcanzaran o *novo,* xa é outra cousa. E isto lle pasa á narradora: defínese como moderna e vangardista, e non alcanza ningunha cousa das dúas, pois sábese que é o público quen define modernidade e vangarda (hoxe palabras tan usadas e sobadas que para nada serven), e de nada serve que o escritor, poeta, artista ou o que sexa, se defina como moderno ou vangarda; a súa palabra nunca será a última. O que se serve (modernidade e vangarda) é para que toda unha serie de escritores e artistas se autodefinan coma tal e que intenten busca-lo novo como medio de subsistencia, e mesmo de existencia; ou sexa, intentan dar unha aparencia de novo ó que xa está morto mesmo antes de nacer. Unha última palabra sobre o tema: a vangarda de hoxe é vangarda porque ela o dí, non porque en verdade o sexa, xa que as vangardas de hoxe non son máis que un produto da vella literatura burguesa que sempre intenta adiantarse á verdadeira novidade, ó novo, confundindo os termos e as definicións —e é así como hoxe vemos que a palabra-definición moderno [2] serve tanto para a política reganista liberal como para falar dunha suposta posta ó día da nosa literatura.

E só falar, dicir algunha cousa sobre certas frases que chimpa a narradora na súa novela (ou simplemente deixar constatación delas): "O sol entra de fronte e na madeira escacha humidade acristalada, agarrando", "Aquelo que dixo a seguir o meu pai coidei que era enxeñoso, elegante para o momento, ata. Necesario" (páx. 13) ou "inzou egrexia formación inmoladora que o rebasaba intuitivo" (páx. 36), ou xogos tan deliciosos coma "Alargoulle a Guiness. ¿Por qué non Gin?" ou ese verdadeiro compendio para uso de telegrafistas que é a páxina 99, ou esa frase ripiosa (das que hai máis no relato): "En despedida, despois da bica, seguíu para o fronte e travesa, punto final, a rúa Alesia". Así e así podiamos ir póndo cantidade, pero mellor será que o lector se achegue á novela para comprobalo. E, xa, as últimas palabras: a lingua —léxico— empregado por Margarita Ledo. Vemos, entre outras cousas, as seguintes: "Mal inóbel" (páx. 15) e tivera por tivese (páx. 55); "belidos cores" (páx. 35) e pola contra "a cor" (páx. 77 et alia); "antoxo" (páx. 93) e "antollaba" (páx. 133); por non falar das palabras que usa como: "*adourado* con ouro" (páx. 109); *ren* (páx. 159 et alia); *escabullir* (páx. 38); *pillama* (páx. 89) e outras que non poño por non aborrir. Así como a cantidade de, suponse, grallas, xa que neste texto en normativa cáseque oficial, moitas veces o guión entre verbo e artigo non é respetado así coma a cantidade, a veces molesta, de acentos que non están no seu sitio.

DEMETRIO VILAS LOSADA

---

[2] Moderno-modernidade, eis unha palabra-definición que todo o xustifica. Hoxe ser moderno xa non é nada, e lembremos que partindo de Rimbaud —que é onde nace todo o equívoco: «Compre ser absolutamente moderno»— ser moderno é cousa diferente á que oímos hoxe. «A palavra absolutamente é importante. Algumas liñas abaixo escreve: «A batalha do espírito e tão brutal como as batalhas dos homens; mas a visão da justiça é unicamente prazer de Deus». O que daqui decorre é que estamos a viver uma falsa modernidade; não travamos nenhum combate encarniçado e brutal, nenhuma luta heróica como as que travaram os santos, no passado. Os santos eram fortes, diz Rimbaud, e os

AS HORAS DE CARTON, por Lois Xosé Pereira[1]

As dúas primeiras conclusións que pode tira-lo lector despois de ler, con cubiza, esta novela gañadora do premio Xerais 1985, son as seguintes: a) un manexo profundo das técnicas literarias da narración, e b) unha incrible madureza narrativa nun rapaz de 20 anos recén cumpridos. Estas dúas conclusións poden, certamente, apaga-las chatas que se lle podan pór á novela. E algunha comprirá porlle, aínda que menos.

A presente narración vai das horas dunha muller, mestra, durante diferentes épocas da súa vida: a universitaria, o momento que está a vivir (a morte de Francisco Franco), os recordos do seu matrimonio, etc. Todos estes momentos son narrados con pericia polo autor: pasa dunha a outra persoa narrativa, dun tempo narrativo a outro sen que o lector poida perderse: podíase dicir que o narrador deseñou primeiramente a novela e logo se puxo a escribila: tal é o perfecto grado de estructura narrativa que presenta a novela da que estamos a falar. É elo é cousa de agradecer: nun momento no que certas "figuras" da narrativa galega van por camiños máis ou menos "light", un rapaz novo, un escritor novo, non cede á facilidade da estructura narrativa. Esto, por suposto, de por sí non é un valor supremo, mais sí é un valor a ter en conta, xa que demostra, coma mínimo, que Lois Xosé Pereira ten lido ós grandes mestres da narrativa do século XX: de Joyce a Cortázar pasando por nomes dos que se falará máis endiante.

Pero non só a estructura narrativa está perfectamente doseficada polo autor, o tempo, ou sexa: a personaxe central (Clara) está presente a cada intre narrativo. Tódalas personaxes da narración teñen que ver co nó central desta: o tempo físico de Clara é o tempo físico da novela, etc. Nunha palabra: o narrador busca, a cada momento narrativo, o apoio máximo á verosimilitude da súa personaxe, da personaxe central da súa novela. Polo que se pode colexir, moi doadamente, que tanto tempo como espacio narrativo, están medidos case milimétricamente nesta narración, e non podía ser doutra maneira se o autor non quixese ver á súa obra reventada por tódolos lados. Quérese dicir con esto último que para que as técnicas literarias das que bota man o narrador conduzan a bon porto a obra por el deseñada, todo: tempo, espacio, debía estar, coma está, milimetrado; doutra maneira houbera sido un compendio de técnicas ad usum delphini e nada máis, e aquí Lois Xosé Pereira intentou dar unha novela.

E, claro que sí, estase diante dunha novela, dunha boa xa que non excelente novela. Dunha novela, dunha narración na que sobran, compre dicilo, técnicas literarias aínda que estean ben manexadas. E sobran estas técnicas en algúns momentos determinados: páxinas 50-51-52 ou versión *a* e versión *b* da páxina 132 á 138, pois son cousas que xa vistas (lidas) non fan máis que encher páxinas baleiras, por encher. Outras veces, certo, estas técnicas danlle certa gracia á narración (páxinas 17 a 23) e outras son consustanciais á narración, que é cando a novela gaña totalmente e se converte niso, nunha boa novela.

Pódese, xa que logo, dicir que *As horas de cartón* é unha novela na que as técnicas narrativas descobertas neste século abrollan con certa facilidade.

---

eremitas eram artistas, mas, pobres de nós, já não estão de moda (...). Só um homen que valorizasse a disciplina, aquela disciplina que procura elevar a vida ao nível da arte, podia enaltecer os santos desta maneira». Henry Miller **O tempo dos assassinos**, Hiena Editora. Lisboa, páxs. 68-69 ou «A modernidade é o saber campesino dunha realidade que ningún milagre bordea, dunha dura pero saudable dualidade da condición do home, á vez miseria e esperanza —e o futuro non será posesión ou gloria senon verdade, porque e teima da salvación ou a súa inútil negación souberon deixa-lo lugar a este recoñecemento creador: que en nós só hai ser nese desexo que xamáis obtén e que xamáis desarma: o noso afrontamento, para sempre, coa finitude, lonxe dos resignados así coma dos crédulos, lonxe das xentes que morren sobre das estacións». **Rimbaud par lui-même**, de Yves Bonnefoy Editions du Seuil. Paris. Ou, para rematar: despois de que o governo francés puxera unha estatua en Charleville é eterna memoria de Rimbaud, que poder se-la modernidade?

[1] Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 1985.

Compre dicir que estas técnicas son completamente dominadas polo narrador. Engádese que o tempo e a estructura narrativa da obra é cáseque perfecta, e se se ten en conta que todo esto está feito por un home de 20 anos, que empezou a face-la cousa ós 19, éntralle como un arrepio ó lector por aquelo da precocidade. En fin, que a presente novela é unha narración de estructura, tempo narrativo e verosimilitude cáseque perfecta (e téñase en conta que a verosimilitude, buscada só adrede polos chamados realistas é un efecto só conseguido polos bos narradores que nona buscan, venlles soa).

Ten, xa que logo, o lector unha obra mestra entre as mans? Difícil resposta, xa que iso só o poderá dicir a maioría do público lector e, se houbese, a crítica. Polo que se leva escrito poderíase dicir que o que esto asina pode pensar que nos encontramos perante unha obra excelente. Pero non. Todo o que se leva dito ata o de agora é sobre técnicas e estructuras, importantes no relato pero non determinantes. E é aquí, no relato, na historia, na anécdota onde vai tropeza-lo autor desta novela. Certamente a personaxe de Clara está ben deseñada e podemos seguir case a cada párrafo a súa evolución, pero sempre se queda cun regusto na boca, falla algo: o mundo feminino non está ben apreixado?, o disloque técnico non deixa apreixar os diferentes momentos da personaxe central?, as personaxes secundarias (que son aquí importantes, sobre todo a do fillo, Mario) non están nada deseñadas só unhas —boas— pinceladas e xa está?, qué falla? Tal vez ese grado de imperfección dos grandes narradores contemporáneos, de Baroja a Carpentier. Tal vez sobra unha miga de técnica ou unha miga de cousa xa lida: hai momentos en que o soliloquio de Clara recorda demais a *Cinco horas con Mario,* de Delibes. Noutros momentos é Faulkner (ó que se supón ben lido e ben peneirado por Pereira) o que se fai esmagadoramente presente (sobre todo o Faulkner de *The sound and the fury,* e para seguir co escritor norteamericano, e valia a disgresión, quen ben está peneirado por Xoan Manuel Casado en *O ano do lobo!),* se o narrador peneira ben as súas influencias, pode que o seu camiño chegue lonxe [2].

Compría falar doutras cousas: a linguaxe. É, agora, difícil falar do galego usado polos escritores xa que é de todos sabido que o famoso ILG fai e desfai na maioría das editoriais, cousa que pode estar ben, pero que está levando ó galego a unha situación de eunuquismo perigosa; con todo, compre sinalar que aquí lemos *sortir* por *saír* ou *sá* por *sala* (sá podía dar san, pero nunca sala). E remata a novela cuns *xiróns* que é a cousa máis salvaxe que levamos lido últimamente, aínda que, xa o dixemos, tal vez o autor non teña nada que ver e sí o famoso ILG. Por outra parte o narrador debera, en próximas obras súas, e esperemos que cedo, pulir frases como "os cubertos escintilaban semicubertos pola servilleta, etc." (páx. 57, etc.).

Para rematar dunha vez por todas: unha novela máis que presentable que nos descobre un autor que ós seus 20 anos pode dar máis dun disgusto a aqueles que se cren intocables dentro da literatura galega. Un autor que foxe do fácil como do lume, un autor que quere facer unha obra moderna dacordo cos tempos actuais: que non o conseguira de todo debido a espellismos, non quere dicir que non se deba saudar esta obra cheos de ledicia e alborozos. É un camiño para resucitar a un case morto: a narrativa galega de hoxe.

DEMETRIO VILAS LOSADA

[2] Ó remate, tal vez o que lle falte á novela é, aparte de historia, amor, humor e sexo e, polo tanto, invocación ó desexo.

DESDITAS PARALELAS DA GLORIA, NUN GRAN POETA

Nado o mesmo ano que Vicente Risco —sabía Risco deste poeta e tratou de lle explicar a súa filiación, o neoimaxinismo, a Manoel Antonio—, Ezra Pound arfa no Adriático, como guindado de mar a mar desde a badía de encaixes e coral de Rapallo á morte en Venecia. Só descansa a medias o autor de *The Pisan Cants,* finado no 1972, na súa sepultura adoptiva, tras un internamento de máis de dez anos, entre criminais e tolos, no St. Elizabeth's Hospital, de Washington.

Coñecemo-la historia. Tamén Pound foi un pouco criminal e tolo, e iso salvoulle a vida cando os aliados o capturaron en Italia. Desde a época de "Poetry", a revista de Chicago que acolleu a Robert Frost, a D. H. Lawrence, a Joyce, a T. S. Eliot, arrodeado de espléndidas disidencias, Ezra Pound frecuenta as profundidades do cántico e faise acompañar do coro de voces sobrehumás que o desencamiña. Afástase da "lost Generation" —gremio de xeniais desesperados tal Henry Miller, Hemingway, Faulkner, Dos Passos—, emigra a Italia, vive en Repallo, tolea en Italia... Morre en Venecia.

"O xefe dos neo-imaxinistas", como lle chama Risco no 1920, non tardaría en se aveciñar en Rapallo, sin desconfiar do feixismo mussoliniano, que primeiro o enloia e despois o aproveita e envilece. A obra a salvo, ahí quedan os *Cantos pisanos* galardoados no 1949, non sin escándalo dos puritanos da política, co Premio Bollingen. Pero cabería preguntárese, ¿por qué tantas veces, en grandes poetas, decorre a desdita paralela da gloria? Ocurríu con Pound, ocurre coa gloria de Rilke, ao que lle saíu en Alemania un biógrafo cebro e mal avido —o profesor Wolfgang Leppmann— que rabuña os mármores da lexendaria serenidade do poeta. Segundo o profesor Leppmann, encarregado da cátedra de literatura alemana da Universidade de Oregon nos Estados Unidos, en Rilke non é ouro de deuses todo o que reloce.

O autor das *Elexías de Duino* e dos *Sonetos a Orfeo* fixo propaganda a prol da guerra do 1914, da guerra pola guerra, "forza elemental e mítica que arrinca aos homes da indiferencia da vida cotiá". Máis tarde, igoal que a Pound, encandéao a calcomanía mussoliniana. A posteridade vólvelle as costas a esas miudallas tratadas coa roda de amolar herdos. De Rainer María Rilke, que, por certo, en Galicia tivo e ten excelentes tradutores —Ferreiro Alemparte, Lois Tobío, Abelardo Moralejo—, deixou escrito Heidegger que é un poeta metafísico que ergue o seu canto na noite do mundo. Louvanzas así non hai quen as mova.

ROSALÍA DE CASTRO, ATENCIÓN E AFERVOAMENTO

Pasou o ano do centenario rosaliano, durante o cal se manifestou un interés universal pola obra da poeta. Nese mesmo ano, para deixar sitio a unha amburguesería ou algo así, pechou o seu local en Madrid, na acera de Sol e Alcalá, a librería Fé; apelido este dunha dinastía de libreiros que fixo época, porque os Fé imprimían e vendían. Do establecimento tipográfico de Ricardo Fé, na rúa de Cedaceros, número 11, saíu, no 1884, *En las orillas del Sar,* título rosaliano que conta cunha excelente edición, con intro-

dución e notas, da mindoniense Marina Mayoral.

Si o libro *Cantares gallegos*, impreso en Vigo no 1863, é, como sinala Carballo Calero, o reflexo poético do pobo da súa terra —preso á chama, que a propia autora non acora, de *El libro de los cantares* (1852) de Antonio de Trueba—, o repertorio madrileño de Rosalía vai máis alá do que no seu patético prólogo pondera Manuel Murguía: musicalidade, anovamentos métricos, rompedura de vellos moldes, etc., etc.

Rosalía visitou, pouco antes de se finar, no seu derradeiro libro os sombrizos dominios do subxetivismo; e é tal o seu sentimento de desamparo que aquí cabería o epifonema que engade Euxenio d'Ors á leitura de "Negra sombra", poema "en que la subjetividad llega al borde del desvarío"

No seu prólogo á 5.ª edición de *Cantares gallegos*, saída en Madrid no 1981, Carballo Calero menciona o alonxamento da atención crítica cara este libro, pero non da devoción popular. Digamos, porén, polo que ao ámbito castelán toca, que atención crítica e devoción —si non popular, ao menos afervoada— adoita concentrarse ao redor de *En las orillas del Sar*. As razóns son obvias.

Palabras escasamente coñecidas, que axuntan atención crítica e perceitible fervor, pronuncíounas a escritora Carmen Conde no seu discurso de ingreso na Real Academia Española: "¡Quién pudiera realizar el prodigio de que fueras tú, Rosalía tan querida, la que ocuparas el sitio que el destino negara a tantas que, como tú, lo merecieron antes y mejor que yo!".

EVOCACIÓN DO CHAMADO GRUPO CANADIENSE DOS SETE

Un recente estudio sobre o tema, trai de novo á actualidade o papel desempeñado por este grupo de artistas na segunda década do presente século. Era o ano 1925. A primeira plana do xornal "Toronto Star" anunciaba: "O traballo do Grupo foi descrito como deforme, maravilloso, terrible e tamén magnífico". Pouco máis tarde referíase a el como "a revelación da alma canadiense". En pouco tempo, o Grupo dos Sete adquirira non só notoriedade, sinón tamén prestixio.

Formado en Toronto cinco anos antes, os sete pioneiros —Mac Donald, Lawren Harris, A. Y. Jackson, Arthur Lismer, Franklin Carmichael, Frederick Varley e Frank Johnston— determinaran daquela cambear o curso do arte canadiense. A súa asociación, totalmente informal, levounos a montar unha primeira exposición de conxunto no Museo de Arte de Toronto, aquel ano de 1920.

Cento catorce obras compuñan a mostra. As pinturas, vibradoiras, directamente inspiradas na paisaxe natal, sinalaban a historia de artistas visionarios, desexosos de penetrar o espírito nacional. "O arte debe medrar e florecer na terra antes de que un país se convirta en verdadeiro fogar dos seus habitantes", declaraba o Grupo dos Sete no seu primeiro catálogo.

Os artistas —cinco dos cales fixeran estudios de pintura en Europa— rompendo coas tradicións convencionais e academicistas que aínda se mantiñan no Canadá, propuxéronse expresar algo auténticamente de seu. Para iso, volcaron toda a forza da súa criatividade no amplo panorama da paisaxe canadiense. A ruda topografía, o clima a miudo hostil e os dramáticos cambios de estación, ficaron plasmados na tea dos seus cadros.

1920 foi o ano no que o Grupo deu o seu paso máis importante. A época na que os seus futuros integrantes devaneaban diseminados por París e Berlín, entre modelos e academias, quedara atrás. Outro tanto ocurrira durante os anos da Primeira Guerra Mundial, na que algúns deles participaron. Noustante, a pintura escandinava por unha banda e o arte de Mondrian e de Kadinsky, por outra, deixaron fondo calco na súa sensibilidade de artistas. Despois veu o descobremento de Algoma, no noroeste da provincia de Ontario, unha terra ensapiñada de sorprendente beleza, que lles ofreceu os seus lagos, os seus ríos, os seus cadoiros inxeridos na paz de bosques pletóricos. Maravillados polo esplendor da terra percorrérona xuntos, cabalete ao hombreiro, vivindo unha inesquecible bohemia compartida.

No decurso dos anos outros pintores —como Lemien Fitzgerald— adheríronse ao Grupo que seguíu, porén,

mantendo o seu nome inicial. Algúns dos seus membros foron elexidos para representar a Canadá na Exposición da Commonwealth do 1924, suscitándose por elo unha considerable controversia. Ninguén é profeta na súa terra. A Tate Gallery, de Londres, mercou un cadro de Jackson. O sobrenome despectivo de "Escola de Polenta Quente" pasara á historia. Os dibuxos de Lismer, executados con canas talladas, a "touche" netamente impresionista de Fitzgerald, os deseños case cubistas de Harris, a luz ondeante das neves de Jackson, en fin, a coor ardente do sol, abriron un camiño no que a neboenta imaxe do Canadá cobraba vigor e significado. O Grupo dos Sete púñalle fin ao academicismo colonialista para testemuñar a grandeza do seu país e das súas propias aspiracións.

UN GRAN EDITOR CATALÁN: XOSÉ MARÍA CASACUBERTA

Sin lles furtar a definición aos constructivistas, que na terminoloxía de O Lissitzky foron os operarios de artes gráficas do século pasado —"constructores de libros"— incorporados, como autores, ao compromiso literario e sociocultural, un nome así compriría para o editor catalán Xosé María Casacuberta, 1897-1985. Foi un personaxe emprendedor e solitario, sistemático e estudioso. Os 130 volumes da serie "Els nostres clàssics" e o contrapeso didáctico da "Collecció Popular Barcino", totalizan máis de 600 títulos.

De Llull, Bernat Metge ou Eiximenis, é decir, desde os séculos XIII e XIV deica os nosos días, a literatura catalana atinxíu con este editor o seu punto de excelencia impresa. Casacuberta foino todo: Mecenas de sí mesmo —na empresa invertíu o herdo familiar—, socio, director, corrector de probas, rexente e incluso, lembra Albert Manent, "distribuidor a librerías e repartidor a domicilio. Pero á súa beira, desde 1924, contou coa colaboración activa de figuras da cultura catalana, como Pompeu Fabra, Ramón d'Abadal, Valls i Taberner..., e doutras que lle axudaron a pasar os malos tragos da posguerra civil. A teimosía de Martí de Riquer, no 1946, levouno a reanudar a tarea.

Poucas datas despois do pasamento de Salvador Espriu desapareceu o imperecedeiro editor Casacuberta. E como no caso do poeta xenial de *La pell de brau* que aborrecía a cubiza e o vento, a valía intelectual ía acompañada de exemplaridade cívica e moral. Deixou Casacuberta, na liña da creación literaria, valiosos estudios sobre a Renaixença e sobre a figura de Verdaguer. Xunto a Pompeu Fabra ou a Joan Coromines, o seu exemplo é o do erudito que sabe, quere e pode sélo desde unha perspectiva de modernidade e compromiso co país.

UN INFORME DE FÓRA SOBRE O TRATAMENTO AUTONÓMICO

Aquel episodio de andar e ver que nos deixou Otero Pedrayo, *Arredor de sí*, xurde, inexcusable, cando o viaxeiro pasa frente ao mosteiro de San Lorenzo de El Escorial. Don Ramón —Adrián— apuntaba no seu caderno: "O Escorial. Algún cabaleiro compón o xesto obrigado. Admiración, españolismo. Pracer de mercar o ABC na estación do Escorial".

Esta síntese de meditabunda ironía sube á memoria ao tempo que ouvimos comentar a leitura do libro *España: anatomía de una democracia*. O título da tradución castelá encaixa no mostrario das vidreiras de novedades. Pero o seu autor, Robert Graham, corresponsal do "Financial Times", fía máis fino á hora de lle dar nome aos bois.

Vexamos. Trátase da crónica en doce capítulos, bibliografía aparte, da transición política: *Spain. Change of a Nation*, como di o título orixinal. Ou seña, do cambio. Bó observador do entorno español, o cronista, sin se saír da andadura do noticiable e sin se meter en fonduras trascendentalistas, redacta un decoroso informe do que el chama "A diversidade rexional".

Sin renunciar a certas caracterizacións amenas e tópicas (os galegos despertan "unha fascinación especial no resto dos españois, polas súas brétemas, as súas historias de bruxería, o seu misticismo paleocristián e a súa

retranca campesiña"), Grahan traza unha liña do tratamento autonómico, que resume así:

"...Non debemos considerar ailladamente o idioma. O clima e o nivel de prosperidade eran moi variados e criaron diferencias considerables. Mesmo soe ser difícil atopar un vincallo de unión do español entre o austero mosteiro de granito do Escorial, por exemplo, a fantasía dun edificio de Gaudí en Barcelona, os pazos de Galicia, as discretas igrexas románicas de Asturias, as aldeas brancas como o azucre do sur de Andalucía ou o refinamento mourisco da gran mezquita de Córdoba".

Diversidade, diversidade e síntese. Saber ollar e saber contar. Por iso o Adrián de Otero Pedrayo escribía no seu caderno toledano: "A Sinagoga éche aquí tanto do país como a eirexa".

ÁLBUMES DE HISTORIETAS, TEBEOS OU «BANDE DESSINÉE»

O maior atranco que nos nosos días intimida á lingua galega —o rector da Universidade Central de Barcelona, Badía Margarit, polo que lle toca, advertíu seriamente aos cataláns— é o alud tecnolóxico que tamén se nos bota enriba coa trasformación social dos "mass-media": televisión, vídeos, reprografía simultánea, e, perigosamente, coa universalización de contidos culturais que elo conleva.

Poda ser que faga falla "unha gramática de comunicación de masas", como suxeriron nalgunha ocasión os fanáticos de Mac Luhan; pero, sin se pasar. De momento, non sobraría que ao panorama editorial galego accedese máis intensamente e prosperase a publicación de álbumes de historietas, tebeos ou "bande dessinée", co fin de consolidar a cotidaneidade da linguaxe antes de que a rapice a refolada de contidos culturais coa súa xerga universalizante.

O asunto é serio. Os franceses, que non se andan polas ramas, están nelo, e extenden aos tebeos os mecanismos de axuda para o esparexemento do libro; así, a produción de historietas representa en Francia o 3,5 por 100 do volume de negocio da edición. A linguaxe dos "comics", dos tebeos, da "bande dessinée", fixa a cotidianidade da fala e arrequece a expresión espontánea. Nunha palabra, protexe o discurso. Por iso a historieta, en Francia, "convertiuse nun asunto de Estado". Vailles a lingua nelo.

DATOS SOBRE A CULTURA GALEGA NOS ESTADOS UNIDOS

A cultura galega está a cobrar cada día un interés maior nos centros universitarios de Norteamérica. Revélano os seguintes datos relativos ao ano 1985 que ven de rematar:

En "The Third Annual Southeast Conference on Foreing Languages and Literatures" que tivo lugar en Rollings College, Orlando, Fl. entre o 28 de febreiro e o 3 de marzo, adicáronselle dúas sesións a temas da nosa cultura.

Nos días 10 e 11 de outubro organizouse na Universidade do Maine, Orono, "The First Galician Studies Conference". Durante este Congreso creouse nos Estados Unidos "The Galician Studies Association".

O 15 de novembro o Departamento de Estudios Hispánicos e Italianos de Brown University, R. I., honrou a Rosalía de Castro no centenario do seu pasamento, con diversas ponencias e comunicacións sobre a súa obra. A efeméride rosaliana rematou cun ambiente de festa galego ao son de gaitas e muiñeiras.

No Marriot Marquis Hotel de Times Square de New York, celebrouse o "1985 Joint Annual Meeting" da Asociación Americana de Linguas Modernas. En tal ocasión houbo unha sesión, que figuraba no programa, sobre Aspectos da cultura galega.

O día 6 de Nadal inaugurouse no "Graduate Center" da City Univ. de New York, unha cátedra permanente de estudios galegos, durante un simposio organizado con motivo do centenario da morte de Rosalía.

NOTAS

FINOU NA Coruña Raimundo Patiño, considerado como impulsor dun novo movimento pictórico galego. Foi o artista agora desaparecido, diante de todo, un home que sentíu un fondo amor a Galicia; amor que reflexou nos seus cadros e na súa actividade ideolóxica. Segundo el mesmo escribíu: "Existe, de feito, unha pintura que loita por ser de Galicia, consciente ou inconscientemente; pero negar as peculiaridades extraordinarias da primeira fornada de pintores galegos que xurden anos despois de Castelao, é, ou ser cego, ou querer sélo". De Raimundo Patiño dixo Luís Seoane —do que foi amigo persoal— que loitaba por mellorar a condición humana, establecendo gráficamente verdades morais.

O PREMIO Nobel de Literatura de 1972, Heinrich Boell, finou na pequena localidade de Bornheim-Mertem, perto de Colonia. Foi un símbolo do escritor comprometido co seu tempo, e unha das figuras máis destacadas da literatura alemana da posguerra. Católico, crítico da igrexa oficial e pacifista declarado, estivo considerado como a conciencia cívica de Alemania. Quezais a súa obra máis coñecida seña *Opinións dun paxaso*. Reflexou nela, o novelista, unha clara denuncia da hipocresía dalgúns sectores católicos, contra os que o creente Boell sempre se rebelou.

A EDITORIAL Gustav Kiepenheuer Verlag, de Leipzig, República Democrática Alemana, publicou recentemente, en alemán, *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas. Trátase do volume 51 dunha moi selectiva colección de narrativa universal; esta é a primeira obra das literaturas do Estado español que se inclúe na mesma. Leva un extenso apéndice cun traballo do Dr. Klaus Bochmann sobor do autor e da evolución histórica e literaria de Galicia. Bochmann é Vicedecano de Investigacións e Director do Departamento de Romanística da prestixiosa Universidade de Leipzig. Estivo en Galicia hai dous anos.

ACABA DE se celebrar o segundo milenario do romanche, a lingua románica dos Grisóns suizos. Os Grisóns de Suiza festexaron estes doces mil anos de existencia da súa lingua nacional —o reto-romano— con diversos actos. Idioma románico, como o galego, o reto-romano é descoñecido para moitos. As razóns que explican este descoñecimento obedecen a que é falado por pouca xente, a que non é lingua oficial de ningún Estado, e a que vive isolado en plenos Alpes.

BAIXO O título de "Outono cedo de gaitas", o cantante Amancio Prada ofreceu na Praza da catedral de Mondoñedo, un concerto no que interpretou trece temas compostos sobre textos de Álvaro Cunqueiro. "Amiga namorada vou" abríu o recital, cuxo programa completaron as composicións "Cantiga nova", "A dama que ía no branco cabalo", "O cabaleiro da pruma na gorra", "A dorna vai e ven", "Pero Meogo no verde prado", "Na nao do mar laranxa", "Hai unha illa loubada", "Outono cedo de gaitas —que lle deu título ao concerto—, "Díxenlle á rula", "No bico do galo", "Quechemarín da verde bandeira" e "No niño novo do vento"; esta última con música de Luís Emilio Batallán. O cantante do Bierzo quixo que Mondoñedo, cidade na que naceu e viviu Cunqueiro, fose escenario do estreno dos seus temas, que formarán parte dun futuro traballo monográfico sonoro.

A PERSONALIDADE literaria de Claude Simon cobra nova actualidade co importante galardón que ven de recibir. A obra capital do escritor é, sin dúbida, *Les Géorgiques*, publicada no 1981. En tres épocas distintas e en períodos de axitación e violencia —a Revolución francesa, a Guerra Civil española e a Segunda Guerra Mundial— tres personaxes viven sucedos e experiencias que parecen repetirse e superporse. No entanto, indiferentes á traxedia e aos conflitos familiares e políticos, reaparecen, ao longo das páxinas: o ciclo das tareas agrícolas,

a roda das estacións do ano, a chuvia, o sol, a primavera, a inalterada e grandiosa maxestada inhumana da natureza. Cumiación dunha admirable e rigurosa traxectoria de esculca nas posibilidades últimas da narrativa, *As Xeórxicas* é unha peza esencial da literatura contemporánea.

O TALLER-Escola de Instrumentos da Universidade Popular de Vigo, que dirixe o artesano Antón Corral, construíu recentemente unha reprodución do organistrum; é decir, do instrumento que coñeceu a súa época dourada na alta Edade Media, e que se ven considerando como o antecedente máis inmediato da zanfona. En Europa había, ata o momento, tan só catro reproducións desta aparente derivación do monocordio pitagórico. O recuperamento da documentación precisa para acometer a tarea, levoulle varios meses a Corral e aos seus colaboradores. Como se sabe, o Pórtico da Gloria compostelano amosa a dúas das súas figuras executando unha peza co organistrum. Foi esa unha das fontes documentais utilizadas polos artesáns investigadores para o seu proxecto.

CON MOTIVO do primeiro centenario do pasamento de Rosalía de Castro, celebrouse o pasado ano en Simancas unha serie de actos conmemorativos da autora de *Follas Novas*. Como é sabido, a poeta galega residíu durante un tempo naquela cidade castellana, de cuio Arquivo foi director o seu marido Manuel Murguía. Ao longo de tres días, Rosalía estivo presente en Simancas, nunha homaxe que incluíu varias mesas redondas nas que se tratou de reflexar a súa personalidade poética. A homaxe cumiou coa presentación de *Pliegos de cordel simanquinos:* unha recopilación de apuntes biográficos da autora galega, así como de poemas de diversos colaboradores.

CO PASAMENTO de Robert Graves no seu refuxio mallorquín de Deià, actualízase o significativo volume *Os dous nacementos de Dionisio e outros ensaios*. Principalmente, porque reflexa unha das facetas máis suxestivas e singulares da personalidade do escritor inglés. Entre os temas que nel figuran cóntanse: o mundo dos soños, o dos fungos alucinóxenos, as fronteiras do xenio, o achegamento persoal á Biblia, a relación conflictiva entre poesía, relixión e obscenidade, a tradición grega, a tecnoloxía, a evolución do sentimento amoroso, o calco da guerra, as propiedades máxicas do pentagrama, o selo de Salomón. Ou seña, un temario que revela o que caracterizou Robert Graves: o cruce entre o poeta e o erudito, entre o bardo e o buceador no sochán mítico da Historia.

O INSTITUTO da Lingua Galega proxecta organizar neste mes de marzo, un coloquio internacional semellante ao celebrado en Tréveris, sobre a temática específica dos "Problemas da lexicografía actual". O coloquio terá carácter pechado, coa participación exclusiva de colaboradores ingleses, alemáns, suizos, italianos, franceses, portugueses e españois, que están a traballar na redacción de obras lexicográficas similares á que ven desenrolando o Instituto Galego da Lingua.

PUBLICACIÓNS RECIBIDAS

ARQUITECTURA Y URBANISMO EN EL FERROL DEL SIGLO XVIII, por Alfredo Vigo Trasancos.

En coidada edición á que lle puxo un ilustrativo prólogo Manuel Núñez Rodríguez, ven de aparecer este interesante volume. Como di o prologuista, "desde un rigor case cartesiano, claridade do análise nos problemas, e, sobre todo, sensibilidade artística, o autor enfréntase ao longo do libro cunha serie de plantexamentos complexos, realizando un suxerente traballo de pescuda". A obra abrangue un amplo temario que vai desde a presentación da vila ferrolana a comezos do XVIII, ata as obras do recinto fortificado da cidade, pasando polos arsenais e os castelos da ría, así como polos edificios segundo as diversas funcións para que foron construidos. O volume complétase cunha serie de figuras que ilustran o texto.

FERNÃO MENDES PINTO. O OUTRO LADO DO MITO. Lisboa, 1985.

Sobre este cronista portugués de aventuras mariñeiras, ven de aparecer un interesante volume, editado pola Direcção-Geral da Comunicação Social, na Colección "Portugal ontem, Portugal hoje", María Teresa Vale, autora de selección, das notas e do glosario, púxolle ao libro un ilustrativo prefacio. A discutida figura do autor de *Peregrinação,* frecuentador durante moitos anos dos mares de Oriente no século XVI, cobra nestas páxinas un perfil crarificador e divulgatorio.

II EXPOSICIÓN DEL LIBRO JURÍDICO GALLEGO. La Coruña, 1985.

Con motivo do II Congreso de Dereito Galego celebrouse este interesante certame no Concello coruñés, que promoveu e organizou a Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, xunto cos Colexios de Abogados do país. Figuraron nel libros, folletos, impresos e manuscritos —desde 1550 deica 1984— da "Biblioteca Gallega Carlos Martínez-Barbeito", propiedade da Fundación Barrié de la Maza. Esta mesma Fundación, que patrocinou a mostra, editou un coidado volume, no que se reproduce o Catálogo dos libros e impresos exhibidos, así como unha serie de láminas relativas aos principais exemplares. Carlos Martínez-Barbeito púxolle ao libriño un prólogo crarexador.

DE ROSALÍA A CASTELAO: GALICIA. Santiago, 1985.

Baixo este título saiu do prelo unha publicación que responde á exposición realizada sobre o mesmo tema polo Museo do Pobo Galego.

Ven precedida por textos introdutorios do Presidente da Xunta de Galicia, o Conselleiro de Educación e Cultura e o Museo do Pobo Galego. O seu contido divídese en dous bloques adicados a Rosalía e Castelao. No primeiro, Xosé Ramón Barreiro analiza a Galicia do tempo de Rosalía e Xosé María Dobarro e Xosé Ramón Fandiño suscreben un ensaio de achegamento á súa figura. No segundo, Ramón Villares, Luis Seoane, Anxo Tarrío e Xusto G. Beramendi firman outros tantos ensaios sobre o tempo de Castelao, as súas facetas de artista e escritor e a súa dimensión política, respectivamente. En paralelo aos textos citados, e actuando ao tempo como catálogo da exposición, recóllese unha síntese biográfica ilustrada de ambo-los personaxes.

ESTUDIOS. Madrid. Julio - septiembre 1985.

O director desta revista trimestral, Luis Vázquez Fernández, publica unha Introdución biográfica e crítica á obra que Alonso Remas imprimíu no 1630 sobre as Festas solemnes e grandiosas de San Pedro Nolasco. A seguido reprodúcese o texto da obra, correspondente á edición príncipe e única. E, como Apéndice complementario, a Relación das festas, publicada no 1629, ano das celebracións.

ANUARIO L/L, núm. 14. Habana, 1983.

No presente número, que publica o Instituto de Literatura e Lingüística da Academia de Ciencias de Cuba, figuran diversos ensaios sobre temas literarios e lingüísticos, firmados por especialistas. Na serie de Notas e Documentos inclúese un ilustrativo traballo, que ten para nós particular interés. Titúlase "Los emigrantes gallegos en Cuba: notas sobre sus inquietudes culturales", e a súa autora é Norma T. Peraza Sarausa.

PINTOS, UNHA VIDA NA FOTOGRAFÍA. 1881-1967.

O Museo de Pontevedra tivo o acerto de editar, coa axuda doutras institucións, este coidado volume no que se reproduce unha serie de fotografías representativas de entre os milleiros delas que Xoaquín Pintos fixo. Nun estudo limiar, Xosé Enrique Acuña fala da personalidade e da obra deste. Refírese ao seu labor de reporter gráfico, ás damas do tempo pasado que retratou, á impresionante producción fotográfica realizada, e ao que o propio prologuista chama "Luces e sombras".

POBLACIÓN Y POBLAMIENTO EN EL NORTE DE LA PENÍNSULA IBÉRICA.

Trátase do volume VI das "Memorias de Historia Antigua", editadas pola Universidade de Oviedo. Abrangue un amplo sumario. Destacamos o artigo de Felipe Arias Vilas "La cultura castrexa en Galicia". Cabe sinalar tamén, entre outros traballos de interés, "La arqueología castreña y el sector económico agropecuario", por N. Santos, e "El urbanismo romano entre los astures", por J. M. Blázquez.

ÍNDICE ANALÍTICO DEL SUPLEMENTO DEL "DIARIO DE LA MARINA". Habana, 1984.

Con este título publicou a Academia de Ciencias de Cuba un volume referido ao período 1927-1930. A compilación foi feita por Marcia Castillo Vega e Rosa González Alfonso. Na ampla Introdución que precede ao Índice, dise que para poder aquilatar en toda a súa magnitude a significación do "Suplemento", compre xuzgalo dentro da época que o ollou nacer. Aínda que

non mantivo a súa calidade e o seu pulo anovador durante todo o ciclo, puido cumprir o seu cometido. Desde marzo do 1927 a xulio do 1929, estiveron presentes, noustante, tais características. E estes dous anos e medio foron dabondo para amosar o reflexo dunha época.

O VALOR DA XURISPRUDENCIA GALEGA, por Francisco Puy Muñoz. Santiago, 1895.

Trátase do discurso inaugural leído na solemne apertura do curso académico 1985-86 na universidade compostelana. O autor afirma nel que a xurisprudencia galega está en perigo de perda, víctima dunha longa "devaluación". E, por ser así, o seu propósito diríxese a postular a súa "revaluación". Para xustificar a defensa que Puy Muñoz fai do valor da nosa xurisprudencia, artella a súa interesante tese nos seguintes apartados: Un Seminario de Xurisprudencia galega, A Xuridicidade desta, a súa galeguidade, a súa avaliación, a fonte limpa da mesura e o chamamento a prol da dita Xurisprudencia. O texto do volume compleméntase con tres apéndices: Lista de alumnos do Seminario, lista de colaboradores e de xuristas galegos estudiadas no propio Seminario.

ARCHIVUM. Revista de la Facultad de Filología. Oviedo, 1985.

O presente volume é o segundo que a revista publica en homenaxe á memoria do Prof. Roca Franquesa. Colaboran nel diversos escritores sobre temas das súas respectivas especialidades. Son, en total, trinta as colaboracións que o tomo recolle. Encétanse coas tituladas "El amor en la juventud y en la vejez en Tíbulo" de Alfonso García Leal, e "Cursos paralelos de literatura medieval: Aelfric y Gonzalo de Berceo" de Santiago González Fernández - Corugedo. Remátanse coas de María Portal e Sara Suárez Solís co epígrafe de "La niña amarillerida" e "Un jardín y silencio", respectivamente.

FILOLOGÍA. Facultad de Filosofía y Letras. Universidad de Buenos Aires, 1982-1984.

Abrese este número de reaparición da prestixiosa revista, cunha nota de Celina Sabor de Cortázar na que evoca a figura de Frida Weber de Kurlat, desaparecida no 1981. Rexistra despois a bibliografía da grande estudiosa. E a seguido inclúe unha serie de traballos de colaboración, de notas e reseñas. Pódense sinalar, entre outros: "*El Buscón*, esperpento esencial", de Emilio Cabrilla; "Las construcciones con *sino* y *no... pero*, y los campos léxicos", de Ofelia Covacci; e "El *son dulce acordado* en la oda a la *Vida retirada*".

ANNALI. Sezione Romanza. Istituto Universitario Orientale. Napoli, 1985.

Gheorghe Carageani escribe sobre "Osservazioni sull 'analisi' del comico nell'opera di J. L. Caragiale". Mariantonia Liborio trata de "*L'effictio ad vituperium:* le funzioni del *brutto*". E Alberto Várvaro ocúpase de "Forme di intertestualità. La narrativa spagnola medievale tra Oriente e Occidente". O número publica, ademais, varios artigos de interés na Sección "Contributi e Rassegne", así como unha recensión do volume "Estudios sobre Miguel Delibes", publicado pola Universidade Complutense de Madrid.

COLÓQUIO - LETRAS. Lisboa, novembro 1985.

Interesante número monográfico, homenaxe a Fernando Pessoa. Inclúe quince ensaios, doutros tantos especialistas, nos que se estudan, desde diversos ángulos, a personalidade e a obra do gran poeta, con ocasión do cincuentenario do seu pasamento. Publica tamén "Excertos de um diário", de Marcello Duarte Mathias. Compre sinalar, ademais, as respostas a un inquérito sobre Pessoa, nas que trece poetas representativos, portugueses e brasileiros, testemuñan a súa visión verbo de tres preguntas formuladas pola revista. Na sección "Notas e comentários" figuran aínda dous textos, de Joaquim-Francisco Coelho e Luis de Sousa Rebelo, sobre recentes libros consagrados ao autor homenaxeado.

paco martín

¿que cousa é cousa...?

libro das adiviñas

cultura popular

·ed. galaxia·



O autor deste libro, Vicente Almazán, naceu en Castellón o día 17 de novembro do ano 1924. Estudiou nas universidades de Estrasburgo, Estocolmo, Heidelberg e Colonia, na última das cales alcanzou o grado de doutor. Posteriormente impartíu cursos en diversas universidades, entre elas as de Sudbury e Windsor, no Canadá, e a Wayne State University de Detroit. Actualmente é profesor na universidade de Wisconsin-Oshkosh.

Consagrado ós estudios medievais, Vicente Almazán publicou numerosos traballos en diversas revistas de Europa e América, destacando entre eles os dedicados a Alfonso X, ás traduccións medievais en Noruega e España, e ás relacións entre o mundo románico e o xermánico. Tamén fixo a traducción íntegra, con comentarios, do *Speculum Regale* noruegués do século XIII.

A *Gallaecia scandinavica,* que se publica agora por primeira vez, é un traballo orixinal, que estudia as relacións galego-escandinavas durante a Idade Media, dando a coñecer ó lector galego a importante proxección europea dunha Galicia que durante sete séculos foi a parte mellor coñecida da Península Ibérica no norte de Europa.

O autor descubre e examina esta influencia galega na literatura e na arte dos países escandinavos, sen esquecer a impronta das peregrinacións xacobeas na toponimia, a arquitectura, as cofrarías e a heráldica na Escandinavia medieval. Pola riqueza dos datos ofrecidos e o rigor do método empregado, este libro presenta pola primeira vez ó lector galego, mais tamén ó escandinavo, non só unha historia detallada desas relacións, senón tamén e sobre todo unha mellor apreciación da historia cultural de Europa.